

# Informe 2021

## da Cooperación Galega



**Edita**

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea  
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes  
Santiago de Compostela. 2022

**Textos e coordinación editorial**

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

**Deseño e maquetación**

WINDSOCK | [www.windsock.es](http://www.windsock.es)

**Fotografías**

- Cedidas á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea polos seguintes axentes de cooperación: AIDA-Ayuda Intercambio y Desarrollo, Taller de Solidaridad, Fundación CETMAR, Solidaridade Internacional de Galicia, Augas de Galicia, Farmamundi, Enxeñería sen Fronteiras Galicia, Fundación Balms, Movimiento por la Paz-MPDL, ICARTO, Coordinadora Galega ONGD e Fundación Galicia Innova.
- Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.



# Informe 2021 da Cooperación Galega

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE  
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes  
Xunta de Galicia

# Índice

|                                                                                                                                  |     |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Prólogo do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes                                               | 5   |
| 1. Introducción: marco normativo e de planificación de referencia                                                                | 7   |
| 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras                                                                                           | 9   |
| 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021                                   | 20  |
| 4. Actuacións de cooperación no exterior                                                                                         | 30  |
| 4.1 Convocatoria 2021 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes—30                                                    |     |
| 4.2 Convocatoria 2020 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes—61                                                    |     |
| 4.3 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior—71                                                       |     |
| 4.3.1 Convenios de colaboración do ano 2021                                                                                      |     |
| 4.3.2 Convenios de colaboración do ano 2020 e anteriores                                                                         |     |
| 4.4 Actuacións doutras consellerías—75                                                                                           |     |
| 5. Axuda humanitaria e de emerxencia                                                                                             | 77  |
| 5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria—77                                                                         |     |
| 5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia—83                                           |     |
| 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global                                                           | 100 |
| 6.1 Convocatoria 2021 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global—100                                  |     |
| 6.2 Convocatoria 2020 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global—111                                  |     |
| 6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global—114                                       |     |
| 6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2021                                                                                      |     |
| 6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2020                                                                                      |     |
| 6.4 Convocatoria 2021 de proxectos e de creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento—118 |     |
| 7. Actuacións de consolidación e fortalecemento                                                                                  | 125 |
| 7.1 Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento —125                                                            |     |
| 8. Formación                                                                                                                     | 128 |
| 8.1 Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento—128                                            |     |
| 8.2 Cursos de formación—128                                                                                                      |     |
| 8.3 Outras actividades formativas—128                                                                                            |     |
| 9. Coordinación institucional                                                                                                    | 131 |
| 9.1 Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode)—131                                                        |     |
| 9.2 Comisións, grupos de traballo e outros foros—131                                                                             |     |
| 9.3 Actualización do marco normativo e do sistema español de cooperación internacional ao desenvolvemento—132                    |     |
| 10. Reunións e actos institucionais                                                                                              | 134 |
| 10.1 Reunións institucionais—134                                                                                                 |     |
| 10.2 Actos Institucionais—134                                                                                                    |     |
| 11. Transparencia e rendición de contas                                                                                          | 135 |
| 11.1 Publicacións —135                                                                                                           |     |
| 11.2 Avaliacións—135                                                                                                             |     |
| 11.3 Páxina web da Cooperación Galega—135                                                                                        |     |

## Prólogo do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Cooperación Galega ten demostrado a súa eficacia e solvencia nos últimos anos, pero tamén a súa capacidade de adaptarse a novas realidades, como sucedeu cando no ano 2020 irrompía no mundo enteiro a pandemia da Covid-19. Os efectos desta crise prolongáronse ao longo do 2021, de xeito que a pandemia continuou a ser un importante desafío humanitario e unha ameaza real para a vida e a saúde de todas as persoas.

O IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, deseñado para reforzar a contribución da Cooperación Galega á Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas, tivo que adaptarse no seu último ano de vixencia a esta crise da Covid-19 ofrecendo unha adaptación flexible ao novo contexto mundial, de tal xeito que os recursos e instrumentos respondan con eficacia ás novas demandas e necesidades das comunidades socias e dos axentes de cooperación.

Seguindo esta liña, o Plan anual 2021 da Cooperación Galega desenvolveuse tomando como base a Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega, coa finalidade de que os recursos e instrumentos se orientasen a facilitar a loita contra a pandemia e as súas negativas consecuencias. Con esta estratexia, a Cooperación Galega únese aos esforzos globais, europeos e estatais para afrontar a pandemia.

Por outra banda, o Plan anual 2021 viuse afectado pola entrada en vigor da Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia, coa que se dotou o sistema dun renovado marco de financiamento e control das axudas e subvencións, para lograr unha maior flexibilidade na súa xestión, moi necesaria para afrontar este contexto de incertezas con garantías de calidade, eficacia e eficiencia.

Con este Informe 2021 da Cooperación Galega dáse conta á cidadanía das principais actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia durante o pasado ano para dar cumprimento aos compromisos da cooperación para o desenvolvemento, recollidos no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, así como das necesarias adaptacións ao novo marco estratéxico de resposta á Covid-19.

O Goberno galego renova o seu compromiso de solidariedade coas persoas e os países máis desfavorecidos elevando o orzamento para o ano 2021 nun 12,06% respecto ao orzamento do ano anterior, até acadar un orzamento inicial de 7,4 millóns de euros. Desta forma cumprimos un dos principais compromisos recollidos do IV Plan director, segundo o cal o orzamento de cooperación para o desenvolvemento debe aumentar, como mínimo, nun 11,4% respecto ao do ano anterior. Isto supón unha clara aposta da Xunta de Galicia por esta política pública.

Coa publicación deste informe preténdese garantir o principio de transparencia na actuación das Administracións públicas, rendendo contas e comunicando á cidadanía as intervencións levadas a cabo no marco da política galega de cooperación para o desenvolvemento durante o ano 2021.

**Diego Calvo Pouso**  
Vicepresidente segundo e conselleiro de  
Presidencia, Xustiza e Deportes



## 1. Introducción: marco normativo e de planificación de referencia

No ano 2021 o marco normativo e de planificación no ámbito da cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria vén establecido en Galicia polos seguintes instrumentos:

- A nova Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia (DOG núm. 50, do 15 de marzo). O título VIII desta lei dedícase en exclusiva á cooperación para o desenvolvemento, que constitúe un dos puntais da proxección de Galicia no exterior, e actualiza as previsións inseridas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, que pasa a ser explicitamente derogada.
- O Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento (DOG núm. 58, do 23 de marzo).
- O IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, que se enmarca na axenda global de desenvolvemento, definida pola Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas. A Axenda 2030 e os seus Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) demandan unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sustentables nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países cos que se asocia a Cooperación Galega, promovendo alianzas para a conservación do noso planeta, a construción da paz, a realización dos dereitos humanos e unha prosperidade compartida. Así mesmo, dáselles continuidade aos procesos para fortalecer un sistema galego de cooperación máis estratéxico, eficaz, coordinado e complementario, e pon en valor a experiencia e capacidades dos actores públicos e dos axentes de cooperación para a consecución de logros colectivos no marco dos ODS.
- A Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega, instrumento que permite concentrar os recursos de forma eficiente nas demandas e necesidades dos países e comunidades socias durante o actual proceso de afrontamento da pandemia, que foi aprobada no 2021.
- O Plan anual 2021 da Cooperación Galega (cuxos resultados son obxecto deste informe), que se enmarca no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021.



## 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras

A modo de resumo, a execución do Plan anual 2021 traducida a cifras sería a seguinte:

- Un orzamento final de 7.757.011,25€ procedentes do programa 331-A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento, incluídos 252.000€ transferidos pola Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.
- Ao importe anterior hai que engadirlle 100.000€ de gastos correntes do capítulo II do programa 111-E de funcionamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante, DXRREE e coa UE).
- Un 100% de execución orzamentaria e das actuacións previstas no Plan anual.
- Un 100% dos compromisos adquiridos pagos.
- Continuidade dos 46 proxectos cuxo financiamento foi aprobado nos anos anteriores (no marco das diferentes convocatorias ou a través da sinatura de convenios) e que tiñan anualidade 2021.
- Publicación e resolución de 5 convocatorias públicas de axudas para proxectos de cooperación no exterior, de educación para o desenvolvemento, de acción humanitaria e de investigación e creación de grupos de investigación para o desenvolvemento, cun total de 52 proxectos aprobados (dos que 45 teñen continuidade e financiamento comprometido para o ano 2022).
- Publicación e resolución da convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.
- 16 novos convenios de colaboración asinados, ademais dunha prórroga e tres addendas con diferentes entidades.
- 113 actuacións financiadas con cargo ao orzamento do ano 2021.
- Intervencións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria financiadas en 26 países e nos campamentos de refuxiados saharauís.
- Un 77,35% do orzamento operativo de gastos destinado a convocatorias públicas.
- Un 77,60% do orzamento operativo de gastos destinado a ONGD.
- Un 10,60% do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
- Un 17,37% do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de acción humanitaria.
- Un 69,54% do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de cooperación para o desenvolvemento.
- 531.138,28€ procedentes dos orzamentos doutras consellerías destinados a cooperación para o desenvolvemento.
- 8.079.571,31€ dos orzamentos da Xunta de Galicia destinados a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) no 2021.

## 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras

Táboa 1. Distribución do orzamento da Cooperación Galega no ano 2021

| CAPÍTULO                                                                                                                                                                   | CONCEPTO                                      | ORZAMENTO (€)                |                             |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------|------------------------------|-----------------------------|
|                                                                                                                                                                            |                                               | INICIAL                      | FINAL                       |
| Capítulo I                                                                                                                                                                 | Gastos de persoal                             | 572.641,00                   | 572.641,00                  |
| Capítulo IV                                                                                                                                                                | Transferencias correntes                      | 5.145.584,00                 | 6.712.182,13                |
|                                                                                                                                                                            | Transferencias institucións sen fins de lucro | 572.730,00                   | 485.572,24                  |
|                                                                                                                                                                            | Transferencias a universidades                | 115.007,00                   | 115.007,00                  |
|                                                                                                                                                                            | Actuacións de cooperación no exterior         | 4.099.322,00                 | 5.681.757,18 <sup>(1)</sup> |
|                                                                                                                                                                            | Convenio CGONGD                               | 100.000,00                   | 100.000,00                  |
|                                                                                                                                                                            | Convenio Fondo Galego                         | 60.000,00                    | 60.000,00                   |
|                                                                                                                                                                            | Bolsas formación en cooperación               | 95.000,00                    | 77.320,71                   |
|                                                                                                                                                                            | SS bolsas formación en cooperación            | 3.525,00                     | 3.525,00                    |
|                                                                                                                                                                            | Convenio Fondo Humanitario AECID              | 50.000,00                    | 50.000,00                   |
|                                                                                                                                                                            | Convenio SOGAPS                               | 50.000,00                    | 139.000,00                  |
| Capítulo VI                                                                                                                                                                | Investimentos reais                           | 70.000,00                    | 99.414,81€                  |
| Capítulo VII                                                                                                                                                               | Transferencias de capital                     | 1.660.208,00                 | 372.773,31                  |
|                                                                                                                                                                            | Actuacións de cooperación no exterior         | 1.610.208,00                 | 372.773,31                  |
|                                                                                                                                                                            | Convenio SOGAPS                               | 50.000,00                    | 0,00                        |
| TOTAL programa 331A                                                                                                                                                        | Cooperación Exterior e ao Desenvolvemento     | 7.448.433,00                 | 7.757.011,25                |
| Rateo Cap. II programa 111E                                                                                                                                                |                                               | 100.000                      | 100.000                     |
| TOTAL ORZAMENTO DXRREE E COA UE (Área de Cooperación para o Desenvolvemento)                                                                                               |                                               | 7.548.433,00                 | 7.857.011,25                |
| Outras consellerías                                                                                                                                                        |                                               |                              | 222.560,03                  |
| Consellería de Política Social                                                                                                                                             |                                               |                              | 100.000,00                  |
| Consellería de Sanidade                                                                                                                                                    |                                               |                              | 55.045,00                   |
| Consellería do Mar                                                                                                                                                         |                                               |                              | 67.515,03                   |
| TOTAL ORZAMENTO XUNTA DE GALICIA                                                                                                                                           |                                               |                              | 8.079.571,28                |
| FINANCIAMENTO UE CETMAR                                                                                                                                                    |                                               |                              |                             |
| INTERVENCIÓN                                                                                                                                                               |                                               | FINANCIADOR                  | CONTÍA                      |
| Managing risks and impacts from evaporating and gaseous substances to population safety (Europa)                                                                           |                                               | DG-ECHO                      | 62.494,95                   |
| Responsive Results-Based Management and capacity building for EU Sustainable Fisheries Partnership Agreement waters-Farfish (Cabo Verde, Mauritania, Senegal y Seychelles) |                                               | Unión Europea-Horizonte 2020 | 231.477,00                  |

1 Incorporados 252.000€ transferidos da Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e 56.578,25€ da xeración de crédito de Augas de Galicia para cofinanciar o proxecto AQUA-MOZ.

## 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras

Ao final do ano 2021 os recursos totais destinados pola Xunta de Galicia á cooperación para o desenvolvemento foron superiores aos inicialmente previstos no plan anual, debido ao financiamento de actuacións a través de fondos procedentes doutros programas orzamentarios diferentes ao específico de cooperación exterior.

Táboa 2<sup>1</sup>. Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2021

|                                                       | TIPO DE INSTRUMENTO                                                              | Nº INTERVENCIÓNS | IMPORTE (€)  |                     |
|-------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|------------------|--------------|---------------------|
| Cooperación para o desenvolvemento                    | Convocatoria proxectos ONGD                                                      | 48               | 4.269.017,05 | 4.995.764,59        |
|                                                       | Convocatoria proxectos outros axentes                                            | 4                | 341.275,90   |                     |
|                                                       | Convenios                                                                        | 5                | 385.471,64   |                     |
| Acción humanitaria                                    | Convocatoria                                                                     | 6                | 386.765,90   | 1.247.765,90        |
|                                                       | Convenios                                                                        | 25               | 861.000,00   |                     |
| Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global | Convocatoria Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global               | 23               | 410.035,24   | 620.534,24          |
|                                                       | Convenios Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global + Fortalecemento | 3                | 135.537,00   |                     |
|                                                       | Convocatoria Investigación para o desenvolvemento                                | 5                | 74.962,00    |                     |
| Formación                                             | Convocatoria bolsas                                                              | 12               | 80.845,71    | 80.845,71           |
| Fortalecemento                                        | Convenio                                                                         | 2                | 140.000,00   | 140.000,00          |
| Outros                                                | Asistencias técnicas (avaliacións, estudos, informes)                            |                  | 99.414,81    | 99.414,81           |
| <b>TOTAL</b>                                          |                                                                                  | <b>133</b>       |              | <b>7.184.325,25</b> |

Tal e como se desprende da táboa 2, no ano 2021 foron destinados a gastos de actividades un total de 7.184.325,25€, o que representa un 91,44% do orzamento final de cooperación da DXRREE e coa UE.

1 Na táboa 2 e seguintes téñense en conta exclusivamente as achegas da DXRREE e coa UE, non as doutros departamentos da Xunta de Galicia.



## 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras

Táboa 3. Distribución xeográfica da axuda de cooperación para o desenvolvemento da DXRREE e coa UE

| REXIÓN                   | PAÍS                      | IMPORTE (€)  | N.º INTERVENCIÓNS | PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS |
|--------------------------|---------------------------|--------------|-------------------|-------------------------------|
| América do Sur           | O Perú                    | 677.080,99   | 8                 | 13,55%                        |
|                          | Bolivia                   | 443.404,25   | 5                 | 8,88%                         |
|                          | Ecuador                   | 172.000,00   | 2                 | 3,44%                         |
| América Central e Caribe | O Salvador                | 364.996,08   | 4                 | 7,31%                         |
|                          | A República Dominicana    | 469.986,85   | 5                 | 9,41%                         |
|                          | Honduras                  | 467.238,09   | 5                 | 9,35%                         |
|                          | Guatemala                 | 1.166.013,02 | 13                | 23,34%                        |
|                          | Nicaragua                 | 490.000,00   | 6                 | 9,81%                         |
| África                   | Mozambique                | 290.045,61   | 4                 | 5,81%                         |
|                          | Guinea Bissau             | 175.000,00   | 2                 | 3,50%                         |
| Asia                     | A India                   | 175.000,00   | 2                 | 3,50%                         |
|                          | Os Territorios Palestinos | 104.999,70   | 1                 | 2,10%                         |
| TOTAL                    |                           | 4.995.764,59 | 57                | 100,00%                       |

No IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 ampliouse de 10 a 11 o número de países prioritarios e engadiuse de novo Guinea Bissau, xa presente no II Plan director. Tal e como amosa a táboa 3 e o seu gráfico adxunto, durante o ano 2021 executáronse intervencións de cooperación para o desenvolvemento en 12 países e territorios, e logrouse un bo grao de concentración, tendo en conta ademais que máis do 94% da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento pola DXRREE e UE se concentrou en 10 dos 11 países prioritarios.




## 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras

Táboa 4. Distribución xeográfica da acción humanitaria

| REXIÓN                   | PAÍS                                 | IMPORTE (€)  | N.º INTERVENCIÓNS | PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS |
|--------------------------|--------------------------------------|--------------|-------------------|-------------------------------|
| África                   | Sudán do Sur                         | 70.000,00    | 1                 | 5,61%                         |
|                          | Níxer                                | 70.000,00    | 1                 | 5,61%                         |
|                          | Uganda                               | 233.842,41   | 4                 | 18,74%                        |
|                          | Guinea Bissau                        | 70.000,00    | 1                 | 5,61%                         |
|                          | República Democrática do Congo - RDC | 92.876,51    | 2                 | 7,44%                         |
|                          | Campamentos Saharauís                | 149.937,50   | 2                 | 12,02%                        |
|                          | Mozambique                           | 16.289,01    | 2                 | 1,31%                         |
|                          | Etiopía                              | 9.933,40     | 1                 | 0,80%                         |
| Asia                     | O Líbano                             | 37.800,00    | 1                 | 3,03%                         |
|                          | Os Territorios Palestinos            | 143.690,52   | 5                 | 11,52%                        |
|                          | O Iemen                              | 10.807,51    | 1                 | 0,87%                         |
|                          | Siria                                | 40.000,00    | 1                 | 3,21%                         |
|                          | Afganistán                           | 9.375,00     | 1                 | 0,75%                         |
| América Central e do Sur | Colombia                             | 30.000,00    | 1                 | 2,40%                         |
|                          | Bolivia                              | 100.000,00   | 1                 | 8,01%                         |
|                          | Cuba                                 | 30.000,00    | 1                 | 2,40%                         |
|                          | Haití                                | 62.276,54    | 2                 | 4,99%                         |
|                          | Venezuela                            | 70.937,50    | 2                 | 5,69%                         |
| TOTAL                    |                                      | 1.247.765,90 | 30                | 100%                          |

Polo que respecta á distribución xeográfica da acción humanitaria, como se desprende da táboa 4, financiáronse actuacións de axuda humanitaria e de emerxencia en 16 países, nos campamentos saharauís e nos territorios palestinos.



## 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras

O IV Plan director propón unha nova lista de cinco ámbitos estratéxicos para a Cooperación Galega. A delimitación destas prioridades sectoriais obedece, por unha banda, á aspiración de promover a Axenda 2030 e os ODS, abranguendo as súas cinco esferas (persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariado/alianzas) e, por outra, á coherencia cos valores diferenciais e a especialización da Cooperación Galega dentro da súa experiencia e traxectoria.

1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
3. Impulsar a equidade de xénero e mais o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.
4. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.
5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Establécese que, como mínimo, o 90% do total da axuda que desembolsa a DXRREE e coa UE se destine a estes cinco ámbitos estratéxicos, de forma que o 60-75 % desta axuda irá enfocada a reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior (primeiros tres puntos); o 10-15 % a asegurar unha acción humanitaria integral e de calidade (punto 4); e o 10-15 % restante a desenvolver operativamente a estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da Cooperación Galega (punto 5).



## 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras

Táboa 5. Distribución sectorial

| SECTOR IV PD COOPERACIÓN GALEGA |                                                                                                                                                                                                                                                 | IMPORTE (€)  | PORCENTAXE ACADADA 2021 SOBRE ORZAMENTO OPERATIVO (CAPS. IV, VI, VII) | PORCENTAXE ACADADA 2021 SOBRE AXUDA DESEMBOLSADA A TRAVÉS DE CONVOCATORIAS E CONVENIOS | PORCENTAXE OBLIXATIVO DO IV PD |
|---------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|-----------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|
| 1                               | Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.                                                                    | 3.204.549,67 | 44,60%                                                                | 45,23%                                                                                 | 60-75%                         |
| 2                               | Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida. | 820.068,86   | 11,41%                                                                | 11,57%                                                                                 |                                |
| 3                               | Impulsar a equidade de xénero e mais o empoderamento e o exercicio dos dereitos das mulleres e da infancia.                                                                                                                                     | 971.146,06   | 13,52%                                                                | 13,71%                                                                                 |                                |
| 4                               | Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.                                                                                                                                                  | 1.247.765,90 | 17,37%                                                                | 17,61%                                                                                 | 10-15%                         |
| 5                               | Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.                                                                                                                 | 760.534,24   | 10,59%                                                                | 10,73%                                                                                 | 10-15%                         |
| TOTAL                           |                                                                                                                                                                                                                                                 | 7.004.064,73 | 97,49%                                                                | 98,86%                                                                                 | 100%                           |

Se consideramos os intervalos de porcentaxes establecidas como obxectivo no IV Plan director, obsérvase que se acadaron os mínimos propostos en todos os sectores, e no caso da acción humanitaria superouse.




## 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras

Táboa 6. Distribución por tipo de instrumento

| TIPO DE INSTRUMENTO | IMPORTE (€)  | DESAGREGACIÓN                                         | IMPORTE (€)  |
|---------------------|--------------|-------------------------------------------------------|--------------|
| Convocatorias       | 5.562.901,80 | Proxectos ONGD                                        | 4.269.017,05 |
|                     |              | Outros axentes                                        | 341.275,90   |
|                     |              | Acción humanitaria                                    | 386.765,90   |
|                     |              | Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global | 410.035,24   |
|                     |              | Investigación                                         | 74.962,00    |
|                     |              | Bolsas                                                | 80.845,71    |
| Convenios           | 1.522.008,64 | Cooperación ao desenvolvemento                        | 385.471,64   |
|                     |              | Acción humanitaria                                    | 861.000,00   |
|                     |              | Educación para o desenvolvemento e Fortalecemento     | 275.537,00   |
| Capítulo VI         | 99.414,81    |                                                       | 99.414,81    |
| TOTAL               |              |                                                       | 7.184.325,25 |

Polo que respecta á repartición da axuda en función do instrumento empregado, segundo se desprende da táboa 6, a Cooperación Galega segue apostando pola canalización de fondos a través de convocatorias públicas de axuda, empregando os convenios de colaboración de maneira excepcional.





## 2. A Cooperación Galega 2021 en cifras

Táboa 7. Distribución por tipo de axente

| TIPO DE AXENTE          | IMPORTE (€)         | N.º INTERVENCIÓNS | PORCENTAXE      |
|-------------------------|---------------------|-------------------|-----------------|
| ONGD                    | 5.125.712,51        | 83                | 73,18%          |
| Agrupacións mixtas      | 464.423,93          | 10                | 6,63%           |
| Outros                  | 454.187,31          | 5                 | 6,48%           |
| Universidades           | 99.962,00           | 5                 | 1,43%           |
| Empresas                | 76.792,42           | 1                 | 1,10%           |
| CGONGD                  | 100.000,00          | 1                 | 1,43%           |
| Fondo Galego            | 80.986,56           | 2                 | 1,16%           |
| Axencias internacionais | 552.000,00          | 9                 | 7,88%           |
| AECID                   | 50.000,00           | 5                 | 0,71%           |
| <b>TOTAL</b>            | <b>7.004.064,73</b> | <b>121</b>        | <b>100,00 %</b> |

Dado que, a excepción dos convenios, da convocatoria doutros axentes para proxectos no exterior e da convocatoria de investigación para o desenvolvemento, o resto de convocatorias son exclusivas para ONGD, a distribución das axudas por tipo de axente establecida na táboa 7 e no seu gráfico adxunto amosa, como xa é habitual, a preponderancia das intervencións executadas a través das ONGD, que representa o 73% dos recursos destinados ao financiamento de proxectos.





### 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| RESULTADO DE XESTIÓN 1<br>A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO ESTRATÉGICO E OPERATIVO COA AXENDA 2030 E OS ODS    |                                                                                                                                                        |                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                                                      | INDICADORES <sup>1</sup>                                                                                                                               | PRODUTOS                                                            | SEGUIMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| L.A.1.1. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega.                     | 1.1.1. Aprobada unha declaración institucional no Parlamento de Galicia en favor da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas. | 1. Declaración institucional do Parlamento de Galicia.              | Con motivo da celebración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza 2020, o Parlamento de Galicia aprobou unha declaración institucional na que reitera o seu compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) das Nacións Unidas, en especial co primeiro, no que se establece que "Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza". |
|                                                                                                                      | 1.1.2. Constituído un grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.                                                                 | 2. Grupo Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030. | O 28 de setembro de 2021 tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno da Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia, na que se informou sobre o Informe de Avance do seu cumprimento no noso territorio, solicitouse nova información de cara á medición de metas e indicadores e presentouse unha iniciativa para vincular o orzamento da Xunta en clave ODS.                                                 |
| L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento. | 1.2.1. Número de reunións dos grupos de traballo do Congacode.                                                                                         | 3. Actas dos grupos de traballo.                                    | Ao longo do 2021 non se realizou ningunha reunión do grupo EDCG.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |

<sup>1</sup> Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do IV Plan director.

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| RESULTADO DE XESTIÓN 1                                                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO ESTRATÉXICO E OPERATIVO COA AXENDA 2030 E OS ODS |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                         | INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | PRODUTOS                                                                           | SEGUIMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.                         | 1.3.1. O Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei xeral de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), e garantirase un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4%. | 4. Orzamento do Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado. | <p>A dotación inicial do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento para o 2021 elevouse a 7.448.433,00 €, é dicir, 801.464,00 € máis que a do ano 2020, o que supón un incremento dun 12,06% sobre o orzamento total do programa.</p> <p>Non obstante, ao longo do ano 2021 incorporáronse ao devandito programa (ben por transferencia, ben por xeración de crédito) créditos procedentes doutras consellerías por importe de 308.578,25 €, o que eleva a dotación final do programa a un total de 7.757.011,25 €, ao que hai que sumarlle o rateo do Cap. II do programa 111E, o que fai un total de 7.857.011,25 €.</p> |



## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| RESULTADO DE XESTIÓN 2<br>A COOPERACIÓN GALEGA CONCENTRA A SÚA AXUDA NO EXTERIOR CON CRITERIOS DE EFICACIA |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |                                                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                                            | INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | PRODUTOS                                                         | SEGUIMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios.                  | 2.1.1. Como mínimo o 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e coa UE concéntrase nos 11 países prioritarios.                                                                                                                                                                                            | 5. Proxectos no exterior executados nos países prioritarios.     | Máis do 94% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concentrouse en 10 dos 11 países prioritarios.                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados.                          | 2.2.1. Un 20-25% da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e coa UE destinada aos países menos adiantados.                                                                                                                                                                                                                                       | 6. Proxectos no exterior executados en países menos adiantados.  | A axuda desembolsada nos países menos adiantados no 2021 (1.110.445,99€) representa un 17,79% de toda a axuda desembolsada no exterior (6.243.530,49€).                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.             | 2.3.1. Como mínimo un 20-30% da axuda desembolsada en cooperación exterior ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global pola DXRREE e coa UE, dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo, ou que dean continuidade a intervencións previas. | 7. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados. | A porcentaxe de axuda desembolsada pola DXRREE e UE para proxectos no exterior e EDCG que foi dirixida a actuación integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas elevouse a un 40,21% (2.816.151,12€), se engadimos as intervencións de continuidade no ámbito da acción humanitaria, a porcentaxe elévase a 48,50% (3.397.151,12€). |



## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| RESULTADO DE XESTIÓN 3                                                                                              |                                                                                                                                                                                                        |                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS |                                                                                                                                                                                                        |                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                                                     | INDICADORES                                                                                                                                                                                            | PRODUTOS                                                                     | SEGUIMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.                                  | 3.1.1. O 60-75% do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento.        | 8. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos ámbitos estratéxicos. | O 70,51% (4.995.764,59€) do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE (7.084.910,44€) destinouse aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento: promover o exercicio dos dereitos sociais básicos; apoiar agricultura, pesca e acuicultura sostibles; e impulsar a equidade de xénero. |
|                                                                                                                     | 3.1.2. O 10-15% do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.                                     |                                                                              | O 17,61% (1.247.765,90€) do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE (7.084.910,44€) destinouse ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.                                                                                                                                                                     |
|                                                                                                                     | 3.1.3. O 10-15% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. |                                                                              | O 10,73% (760.534,24€) do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE (7.084.910,44€) destinouse ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.                                                                                                                                    |



## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| <b>RESULTADO DE XESTIÓN 3</b><br><b>A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS</b> |                                                                                                                                                                                                                                                      |                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                                                                                             | INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                          | PRODUTOS                                                                                                              | SEGUIMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.                                                                                           | 3.2.1. Un 20 % dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e coa UE destínase á acción humanitaria.                                                                                                                                            | 9. Proxectos financiados en acción humanitaria.                                                                       | O 19,98% (1.247.765,90€) dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e UE (6.243.530,49€) destináronse a acción humanitaria.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|                                                                                                                                                             | 3.2.2. Como mínimo, un 50 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e coa UE canalízase por medio de convocatoria pública.                                                                                                           | 10. Convocatorias de acción humanitaria resoltas.                                                                     | O 31% (38.6765,9€) da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE (1.247.765,9€) canalízase por medio de convocatoria pública, e o 69% (861.000,00€) a través de convenio.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|                                                                                                                                                             | 3.2.3. Número de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.                                                 | 11. Convenios en acción humanitaria subscritos.                                                                       | 11 convenios e tres addendas subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|                                                                                                                                                             | 3.2.4. Achegas económicas ao Fondo humanitario común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia.                                                                                                                                         | 12. Achegas económicas realizadas ao Fondo humanitario común.                                                         | Sinatura do acordo de prórroga do Convenio entre a Cooperación Descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, a través do cal se fixo unha achega de 50.000€. As comunidades autónomas asinantes nesta ocasión foron: Galicia, Asturias, Cantabria, A Rioxa, Murcia, Comunidade Valenciana, Canarias, Illas Baleares, Madrid, Castela e León e Extremadura e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). A recadación total para este ano foi de 1.600.000€. |
| L.A.3.3. Executar a Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega.                                              | 3.3.1. Grao de execución da programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobada polo Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do Congacode. | 13. Actas do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do Congacode.                 | O grupo de traballo non se reuniu no ano 2021.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|                                                                                                                                                             |                                                                                                                                                                                                                                                      | 14. Programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. | Deuse continuidade á planificación necesaria para o cumprimento do marco de resultados da Estratexia.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| <b>RESULTADO DE XESTIÓN 4</b><br><b>OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA COORDINAN E COMPLEMENTAN AS SÚAS ACTUACIÓNS PARA CONTRIBUÍR AOS RESULTADOS DE DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN ESPAÑOLA</b> |                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                                                                                                                                          | INDICADORES                                                                                                                                                                                                                     | PRODUTOS                                                                                                        | SEGUIMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.                                                                                                       | 4.1.1. Número de reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 e dos encontros de comunidades autónomas e cooperación nos que participa a Xunta de Galicia. | 15. Reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española realizadas. | A DXRREE e coa UE participou na reunión da Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento, que tivo lugar por videoconferencia o 13 de decembro, e que tivo por obxecto informar sobre o proceso de reforma da Cooperación Española e, en especial, da elaboración da nova Lei de cooperación para o desenvolvemento sustentable e a solidariedade global. |
|                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                 | 16. Reunións do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 realizadas.                                              | Non se convocaron reunións deste Grupo no ano 2021.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                 | 17. Encontros de comunidades autónomas e cooperación realizados.                                                | Como vén sendo habitual, representantes da DXRREE e coa UE participaron na XIV edición do Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación organizado pola Comunidade Autónoma de Extremadura, entre o 24 e o 26 de novembro.                                                                                                                                                |
| L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.                                                                                                  | 4.2.1. Un 20- 30% da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e coa UE aos axentes de cooperación financia proxectos en agrupación.                                                            | 18. Proxectos en agrupación financiados.                                                                        | Un 23,07% (1.634.618,86€) da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e UE (7.084.955,44€) aos axentes de cooperación financia proxectos en agrupación.                                                                                                                                                                                    |
| L.A.4.3. Reforzar a colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación.                                                                                                                | 4.3.1. Número de actividades financiadas pola DXRREE e coa UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación portugueses.                                                                                 | 19. Proxectos financiados pola DXRREE e UE.                                                                     | No marco do convenio asinado co Fondo Galego "A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación II" participan municipios portugueses.                                                                                                                                                                                                                               |

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| <b>RESULTADO DE XESTIÓN 5</b><br><b>OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS</b>                                  |                                                                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                                                                                                                          | INDICADORES                                                                                                                                                                                                       | PRODUTOS                                                                                                                                             | SEGUIMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e coa UE.                                                                                                               | 5.1.2. Número de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento da capacidade da DXRREE e coa UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento.                                           | 20. Asistencias técnicas realizadas.                                                                                                                 | Contratáronse asistencias técnicas especializadas para as avaliacións ex ante dos proxectos presentados ás convocatorias e para a avaliación ex post dos proxectos financiados en Guatemala. Ademais no marco da nosa cooperación directa contou-se con CETMAR para a realización de dous procesos de identificación en Mozambique e Cuba. Ademais avanzouse na contratación da avaliación final do IV Plan director da Cooperación Galega na súa parte cuantitativa. |
| L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento. | 5.2.1. Número de convenios formalizados pola DXRREE e coa UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento. | 21. Convenios formalizados anualmente coa CGONGD, o Fondo Galego e universidades da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento. | Asináronse os tres convenios, un coa CGONGD (100.000 €), outro co Fondo Galego (60.000 €), e outro coas tres universidades galegas (40.000 €).                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |



## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| <b>RESULTADO DE XESTIÓN 5</b><br><b>OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                                                                                         | INDICADORES                                                                                                                                                                                                                                                    | PRODUTOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | SEGUIMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.                                                  | 5.3.1. Número de actividades de formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento. | 22. Informes de execución dos convenios formalizados coa CGONGD, Fondo Galego e universidades da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.                                                                                                                                                          | <p>No ano 2021, no marco do convenio coa CGONGD, financiáronse 5 cursos a través dos que se formaron 49 persoas e aboaron 9 matrículas de actividades formativas a persoal técnico de distintas organizacións e posibilitouse a asistencia de 3 persoas ao V Congreso de Educación Transformadora de Hegoa.</p> <p>No marco do Convenio co Fondo Galego, a través da súa plataforma realizáronse 5 actividades formativas nas que participaron 57 persoas. Ademais 29 persoas asistiron ao II Foro Municipalista da Lusofonía e acompañouse a 3 concellos na elaboración dos seus plans de implementación da Axenda 2030.</p> <p>No marco do Convenio coas 3 universidades galegas desenvóléronse 15 actividades formativas coa asistencia de 333 persoas.</p> |
| L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación. (cont.)                                          | 5.3.2. Número de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas.                                                                                                                                                     | <p>23. Bolsas de formación de persoas expertas concedidas.</p> <p>24. Estudo sobre o impacto das bolsas de formación de persoas expertas.</p> <p>25. Estudo de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación, e sobre as necesidades de fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación.</p> | <p>No 2021 concedéronse 6 bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación: 2 bolsas na sede da DXRREE e UE e 4 bolsas no exterior (A República Dominicana, Guatemala, O Perú e Mozambique).</p> <p>No 2019 realizouse unha avaliación ex post do programa de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional desde o seu inicio.</p> <p>Non se produciron avances neste eido no ano 2021.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| <b>RESULTADO DE XESTIÓN 5</b><br><b>OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS</b> |                                                                                                                                                                                                         |                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                                                                                         | INDICADORES                                                                                                                                                                                             | PRODUTOS                                                                                     | SEGUIMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.                                  | 5.4.1. Un documento marco de avaliación da cooperación galega elaborado participativamente e divulgado.                                                                                                 | 26. Documento marco de avaliación da cooperación galega.                                     | Non se produciron avances neste eido no ano 2021, á espera da revisión dos criterios de avaliación que está sendo realizada polo CAD da OCDE.                                                                                                                                              |
|                                                                                                                                                         | 5.4.2. Número de encontros realizados de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación abertos á cidadanía.                                      | 27. Encontros realizados de socialización, presentación de resultados e rendición de contas. | Tendo en conta as excepcionais circunstancias por causa da Covid-19 non se desenvolveron encontros de socialización de resultados e rendición de contas de carácter presencial pero si se ten publicitado a información necesaria para elo.                                                |
|                                                                                                                                                         | 5.4.3. Número de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas.                       | 28. Convocatorias resoltas de investigación para o desenvolvemento.                          | No 2021 publicouse unha nova orde de convocatoria de proxectos de investigación para o desenvolvemento, no marco da cal foron financiados 5 proxectos das 14 solicitudes presentadas (2 da Universidade de Vigo, un da Coruña, un de Santiago e outro en agrupación entre Santiago e Vigo. |
|                                                                                                                                                         | 5.4.4. Número de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de dous países prioritarios realizadas e difundidas.                                                                              | 29. Avaliacións de proxectos no exterior en dous países prioritarios.                        | No ano 2021 levouse a cabo a avaliación ex post dos proxectos financiados en Guatemala desde o ano 2012 ao 2019, que fôra suspendida no 2020 por mor da Covid-19.                                                                                                                          |
| L.A.5.5. Darlle continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.                                     | 5.5.1. Ata o 70% do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos.                                                                                 | 30. Bases das convocatorias publicadas.                                                      | Respéctase o límite marcado no indicador.                                                                                                                                                                                                                                                  |
| L.A.5.6. Facilitar o acceso dos actores e axentes galegos a novas fontes de financiamento internacional.                                                | 5.6.1. Número de proxectos cofinanciados pola Xunta de Galicia aos axentes de cooperación aprobados por organismos internacionais nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios da cooperación galega. | 31. Convenios de cofinanciamento formalizados.                                               | Ao longo de 2021 non se recibiron propostas para o cofinanciamento destes proxectos.                                                                                                                                                                                                       |
| L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega.                                              | 5.7.1. O 70-75% da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e coa UE canalízase a través de convocatorias públicas e o 25-30% a través de convenios.                                                  | 32. Informes anuais da cooperación galega.                                                   | No 2021 o 77,43% (5.562.901,80€) da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e coa UE (7.184.370,25€) canalizouse a través de convocatoria pública no 2021. O 21,18% restante (1.522.008,64€) canalizouse a través de convenio.                                                          |

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

| <b>RESULTADO DE XESTIÓN 6</b><br><b>A CIDADANÍA GALEGA ACCEDE A UNHA INFORMACIÓN DE CALIDADE SOBRE OS LOGROS COLECTIVOS DA COOPERACIÓN GALEGA NA LOITA CONTRA A POBREZA</b> |                                                                                                                                                                               |                                                       |                                                                                                                                                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LIÑAS DE ACCIÓN                                                                                                                                                             | INDICADORES                                                                                                                                                                   | PRODUTOS                                              | SEGUIMENTO                                                                                                                                           |
| L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.                                                                               | 6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e coa UE en cooperación na páxina web da cooperación galega.                    | 33. Páxina web actualizada da cooperación galega.     | Actualizouse a páxina web da Cooperación Galega.                                                                                                     |
|                                                                                                                                                                             | 6.1.2. Número de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da cooperación galega.                                                                           | 34. Informes anuais difundidos da cooperación galega. | Ata o momento téñense publicado todos os informes anuais da Cooperación Galega.                                                                      |
|                                                                                                                                                                             | 6.1.3. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externas e independentes da execución do IV Plan director da cooperación galega realizadas e difundidas. | 35. Análise intermedia realizada do IV Plan director. | No ano 2020 foi realizada a avaliación intermedia do IV Plan director.                                                                               |
|                                                                                                                                                                             |                                                                                                                                                                               | 36. Avaliación final realizada do IV Plan director.   | Por mor da Covid-19 tomouse a decisión de prorrogar o IV Plan director da Cooperación Galega, cuxa avaliación final terá lugar ao longo do ano 2022. |



## 4. Actuacións de cooperación no exterior

### 4.1 Convocatoria 2021 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións, por unha parte, ás organizacións non gobernamentais e, por outra, ás universidades, ás empresas e organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación, para a execución de proxectos no exterior.

A orde que regula a convocatoria foi publicada no DOG núm. 121, do 28 de xuño de 2021. A dotación orzamentaria, plurianual, foi de 5.000.000€, conforme á seguinte distribución:

- Proxectos no exterior de ONGD: 4.300.000€
- Proxectos no exterior doutros axentes de cooperación: 700.000€

Presentáronse un total de 47 proxectos (35 de ONGD e 12 doutros axentes), dos que foron subvencionados un total de 28 (26 proxectos de ONGD e 2 doutros axentes).

A continuación ofrécese información dos proxectos aprobados ao abeiro da citada convocatoria.

### Proxectos no exterior de ONGD

**01. Impulsando medios de vida resilientes que contribúen ao benestar de mulleres e homes da Microcuenca La Joya Pueblo do Departamento de Morazán, O Salvador**

**Axente:** Solidariedade Internacional de Galicia

**Socio local:** Asociación Salvadoreña Promotora da Saúde

**Código/s CRS:** 15150 A participación democrática e a sociedade civil

**Zona de actuación:** Departamento de Morazán, O Salvador

**País:** O Salvador

**Rexión:** América Central

**Descrición:** A intervención é froito da unión de forzas de múltiples actores locais e internacionais para potenciar o desenvolvemento local sostible e equitativo da Microcuenca de La Joya Pueblo, no Departamento de Morazán. Para iso, preténdese fomentar a resiliencia dos medios de vida das titulares de dereitos (beneficiarias/os) empregando unha serie de estratexias multisectoriais:

1. Fortalecer a seguridade alimentaria das familias das comunidades da Microcuenca a través da produción sostible e o reforzamento do comercio local, contribuíndo con iso á consecución dos ODS 2 (Fame Cero) e 12 (produción e consumo responsable).
2. Expandir a aplicación de ferramentas locais para o fomento dunha cultura de paz, democrática, participativa, diversa, inclusiva e garante da corresponsabilidade comunal da protección medioambiental (con protocolos de xestión de conflitos; accións de incidencia; fortalecemento de asociacións de xestión comunal...).
3. Expandir na sociedade civil boas prácticas ambientais e un consumo responsable mediante diversas accións centradas na xestión

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

do coñecemento e o fortalecemento das capacidades da poboación.

4. Contribuír á igualdade de xénero (ODS 5) mediante o fortalecemento e empoderamento comunal de grupos de mulleres produtoras, lideresas e o traballo en novas masculinidades, contribuíndo ao afianzamento de relacións familiares e comunitarias máis igualitarias e xustas.

A devandita intervención complementa outro proxecto desenvolvido polo mesmo socio local co financiamento da UE, de mellora e fortalecemento das capacidades da sociedade civil da Microcuena para a incidencia e a xestión medioambiental ecoloxicamente sostible e comunitariamente resiliente.

##### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír ao desenvolvemento local sostible e equitativo en 3 concellos da zona norte de Morazán.

**Específico:** Impulsados medios de vida resilientes que contribúen ao benestar de mulleres e homes da Microcuena La Joya Pueblo del Departamento de Morazán.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 959 beneficiarios/as directos/as (232 homes; 278 mulleres; 221 nenos e 228 nenas).

**Indirecta:** 12.516 beneficiarias/os directas/os (6.000 homes e 6.516 mulleres).

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).

**02. Mellora das condicións de vida para a ampliación das capacidades e as liberdades das persoas mediante un proceso de participación cidadá e comunitaria con enfoque de xénero no Distrito Municipal Santiago Oeste-asociado IDI República Dominicana-Fase II**

**Axente:** Fundación Balms para la Infancia

**Socio local:** Fundación Solidaridad

##### Código/s CRS:

15150 A participación democrática e a sociedade civil

4108 Educación/formación medioambiental

16030 Política de vivenda e xestión administrativa

**Zona de actuación:** Distrito Municipal Santiago Oeste

**País:** República Dominicana

**Rexión:** O Caribe

**Descrición:** Esta intervención pretende mellorar as condicións de habitabilidade do Distrito Municipal de Santiago Oeste (República Dominicana); fortalecer o tecido asociativo social, especialmente das mulleres e da xuventude, así como incrementar as súas capacidades produtivas para dinamizar economicamente o Distrito. Estes obxectivos responden ás carencias da zona en materia de habitabilidade e xestión de residuos e pretenden afianzar e ampliar as aprendizaxes obtidas pola Cooperación Galega nesta zona (especialmente desde a posta en funcionamento das Iniciativas de Desenvolvemento Integral -IDI- en 2009).

##### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír ao desenvolvemento integral do Distrito Municipal de Santiago Oeste coa participación de titulares de dereitos, obrigas e responsabilidades no marco da END 2030 para o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

**Específico:** Mellora das condicións de vida da poboación mediante un proceso de participación cidadá e comunitaria con enfoque de xénero no Distrito Municipal de Santiago Oeste, República Dominicana.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** 13.212 persoas (4.668 homes; 4.547 mulleres; 2.018 nenos; 1.979 nenas).

**Indirecta:** 223.805 persoas (113.552 homes; 110.253 mulleres).

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.970,91€ (2021: 69.988,36€; 2022: 104.982,55€).

---

**03. Promoción do emprendemento e empregabilidade con equidade para a recuperación de medios de vida sostibles, seguridade alimentaria e sanitaria nas familias das organizacións de pesca artesanal e acuicultura na Baía de Sechura, Piura, O Perú**

---

**Axente:** Fundación Ayuda en Acción en agrupación con ANFACO (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos)

**Socio local:** Fundación Ayuda en Acción–O Perú

**Código/s CRS:**

31320 Desenvolvemento pesqueiro

31381 Educación, formación pesqueira

**Zona de actuación:** Baía de Sechura, O Perú

**País:** O Perú

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** Esta intervención pretende mitigar os efectos da crise desencadeada no Perú por mor da pandemia do SARS-CoV-2, que impactou notablemente na redución da actividade pesqueira, especialmente na súa modalidade artesanal e afecta negativamente as familias máis vulnerables e incrementando as brechas sociais. Neste contexto,

e considerando a experiencia acumulada das entidades executoras na zona (Proxecto ACUIPESCA O Perú, entre outros), este proxecto pretende mitigar os efectos da pandemia nas familias vinculadas á pesca e a acuicultura mediante o fortalecemento das capacidades locais para lograr recuperar os medios de vida, mellorando a seguridade alimentaria e a prevención sanitaria.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Contribuír a mitigar o impacto da Covid-19 nas familias vinculadas á actividade pesqueira e acuícola da rexión de Piura.

**Específico:** Fortalecer as capacidades locais para a recuperación dos medios de vida, mellora da seguridade alimentaria e prevención sanitaria no contexto Covid-19, na actividade pesqueira e acuícola das comunidades da Baía de Sechura.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** 3.861 persoas (1.274 homes; 1.587 mulleres; 500 nenos; 500 nenas).

**Indirecta:** 24.120 persoas (11.818 homes; 12.302 mulleres).

**Axuda Xunta de Galicia:** 225.000€ (2021: 90.000€; 2022: 135.000€).



## 4. Actuacións de cooperación no exterior

**04.** Producción sostible de alimentos nutritivos, en 10 comunidades vulnerables e rurais dos municipios de Tacaná e Tajumulco, San Marcos, Guatemala (Fase de Seguimento)

**Axente:** Fundación Fabre

**Socio local:** Fundación para el desarrollo de programas socioeconómicos FUNDAP

**Código/s CRS:**

31161 Producción alimentos agrícolas

12240 Nutrición básica

**Zona de actuación:** Municipios de Tacaná e Tajumulco, San Marcos

**País:** Guatemala.

**Rexión:** Centroamérica

**Descrición:** Trátase da segunda fase dunha intervención previa que pretende garantir a seguridade alimentaria de máis de 200 familias á vez que potenciar a xeración de excedentes para a obtención de maiores ingresos. Así, pretende promover a seguridade nutricional en 10 comunidades rurais mediante a formación de 150 promotores agroalimentarios, o establecemento de 200 unidades familiares integrais de produción agrícola e a mellora dos sistemas de almacenamento e conservación de alimentos, así como dos hábitos hixiénicos, nutricionais e de autocoidados no contexto da COVID-19.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Contribuír á seguridade alimentaria e nutricional en 10 comunidades rurais de Tajumulco e Tacaná.

**Específico:** 200 familias e 150 promotores xa formados producen alimentos nutritivos para o seu autoconsumo de maneira sostible e excedentes para a venda.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** 1.750 (450 homes; 450 mulleres; 405 nenos; 445 nenas)

**Indirecta:** 1.500 (750 homes; 750 mulleres)

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).

**05.** Comunidades rurais e “bateyanas” impulsando a desnaturalización e prevención do matrimonio infantil e unións temperás, dende o enfoque de interseccionalidade, en 3 municipios das provincias de Santo Domingo e San Cristóbal

**Axente:** Fundación InteRed

**Socio local:** Confederación Nacional de Mujeres del Campo (CONAMUCA)

**Código/s CRS:**

15160 Dereitos humanos

15170 Organizacións e institucións da igualdade das mulleres

**Zona de actuación:** Municipio de San Juan Sacatepéquez

**País:** República Dominicana

**Rexión:** Caribe

**Descrición:** Este proxecto busca promover o cumprimento do dereito a unha vida libre de violencia para as nenas e mulleres mediante a prevención dos matrimonios infantís e as unións temperás en aliañación co ODS 5 (Igualdade de Xénero). Trátase dunha intervención que supón a primeira fase dunha estratexia máis ampla a medio prazo, a executar en 3 fases: a “Estratexia comunitaria de prevención dos MIUT”, especialmente en 3 bateyes da provincia de Santo Domingo e 3 comunidades rurais da provincia de San Cristóbal.

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

O proxecto parte da necesidade de incidir sobre a alta prevalencia de MIUT existentes no país. A iniciativa defínese desde os antecedentes de traballo de MUDHA e CONAMUCA na prevención dos MIUT. De maneira intencional ambas as organizacións unifican agora esforzos para poder fortalecer mutuamente as súas estratexias mediante as distintas capacidades e experiencias e conseguindo así xerar un maior impacto.

##### Obxectivos:

**Xeral:** Promover o cumprimento do dereito a unha vida libre de violencia para as nenas e mulleres novas nas provincias de Santo Domingo e San Cristóbal, República Dominicana, en coherencia coa meta 5.3 dos ODS, e os impactos específicos da COVID-19.

**Específico:** Mellorada a capacidade de comunidades rurais e bateyanas, para impulsar a desnaturalización e prevención do matrimonio infantil e unións temperás en alianza coa Lei 1-21, desde o enfoque de xénero e interseccionalidade, en 3 municipios das provincias de Santo Domingo e San Cristóbal.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 1.003 persoas (692 mulleres; 176 homes; 135 nenas).

**Indirecta:** 612 persoas (239 mulleres; 103 homes; 81 nenos; 189 nenas).

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.999,35€ (2021: 69.999,74€; 2022: 104.999,61€).

---

**06.A poboación do Posto Administrativo de Infulene mellora o acceso e o coñecemento a servizos públicos de calidade de saúde sexual e reprodutiva (SSR) no contexto da pandemia de COVID-19, Mozambique**

---

**Axente:** Médicos do Mundo

##### Socio local:

Servicio Distrital de Saúde, Muller e Acción Social (SDSMAS) de Matola

Associação Comunitária para o Desenvolvimento da Mulher (ACODEMU)

Associação Jovem para Jovem (AJPJ)

##### Código/s CRS:

13020 Atención saúde reprodutiva

13030 Planificación familiar

13081 Formación de persoal para poboación e saúde reprodutiva

12230 Infraestrutura sanitaria básica

12261 Educación sanitaria

12281 Formación persoal sanitario

**Zona de actuación:** Provincia de Maputo, Distrito de Matola, Posto Administrativo de Infulene

**País:** Mozambique

**Rexión:** África oriental

**Descrición:** Esta intervención pretende mellorar o exercicio dos dereitos de saúde sexual e reprodutiva (DSSR) das mulleres e adolescentes do distrito de Matola. Trátase dun proxecto que continúa unha liña de acción iniciada en 2011 por Médicos do Mundo nesta zona de Mozambique para abordar as diversas problemáticas en materia de saúde sexual e reprodutiva (violencia de xénero; planificación familiar; saúde de adolescentes...). En concreto, un dos principais obxectivos consiste no fortalecemento do sector público de saúde de Matola para que poida prestar eficazmente os seus coidados e a atención necesaria en materia de saúde sexual e reprodutiva mediante a mellora das capacidades do persoal de saúde e a aproximación ao dereito á saúde dunha maneira comunitaria e dende o enfoque de xénero, a interseccionalidade e a diversidade cultural.

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### Obxectivos:

**Xeral:** Mellorar o exercicio dos dereitos de saúde sexual e reprodutiva nas mulleres e adolescentes do distrito de Matola.

**Específico:** Fortalecemento do sector público de saúde de Matola para a prestación de servizos e coidados de SSR a través da mellora das capacidades do persoal sanitario e a abordaxe comunitaria desde o enfoque de xénero e antropolóxico e o dereito á saúde.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 40.795 persoas (21.754 homes; 19.041 mulleres).

**Indirecta:** 1.032.197 persoas (495.259 homes; 536.938 mulleres).

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).

---

**07. Prevención da incidencia da Covid-19 entre a poboación máis vulnerable, con accións e estratexias preventivas e de vixilancia epidemiolóxica, incluíntes, equitativas e articuladas coas comunidades no municipio de Prinzapolka, RACCN, Nicaragua.**

---

**Axente:** Farmacéuticos Mundi

**Socio local:** Acción Médica Cristiana (AMC)

##### Código/s CRS:

12250 Control enfermidades infecciosas

15160 Dereitos humanos

14030 Abastecemento auga potable e saneamento básico – sistemas menores

**Zona de actuación:** Municipio de Prinzapolka (RACCN)

**País:** Nicaragua

**Rexión:** Centroamérica

**Descrición:** A presente intervención pretende contribuír na prevención e mitigación do impacto da morbilidade derivada da Covid-19 entre a poboación máis vulnerable do municipio de Prinzapolka, en Nicaragua. Para iso, o proxecto céntrase no fortalecemento das capacidades institucionais e comunitarias, así como a súa coordinación e articulación, para definir e executar un plan de prevención sanitaria neste ámbito. Ademais, complementarase co fortalecemento de coñecementos, actitudes e prácticas da poboación mediante estratexias de prevención da Covid-19, culturalmente pertinentes e con enfoque de corresponsabilidade de xénero.

##### Obxectivos:

Obxectivo **xeral:** Reducir o impacto sanitario da pandemia da Covid-19 en poboación vulnerable da costa caribe norte.

Obxectivo **específico:** Conter o impacto da morbilidade pola Covid-19 na poboación vulnerable do municipio de Prinzapolka, con estratexias preventivas complementarias, incluíntes e equitativas.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 13.530 (homes: 6.123; mulleres: 5.880; nenos: 736; nenas: 791).

**Indirecta:** 7.497 (homes: 3.180; mulleres: 3.359; nenos: 434; nenas: 524).

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).

---

**08. Mulleres rurais do Corredor Seco de Nicaragua, aumentan a produción e comercialización, ante os efectos da Covid-19 e o cambio climático**

---

**Axente:** Fundación Ayuda en Acción

**Socio local:** Movimiento Comunal Nicaraguense (MCN)

##### Código/s CRS:

43040 Desenvolvemento rural

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

**Zona de actuación:** Corredor seco Nicaragua

**País:** Nicaragua

**Rexión:** Centroamérica

**Descrición:** Este proxecto supón unha continuación da actividade desenvolvida por Axuda en Acción e a Cooperación Galega no Corredor Seco de Nicaragua dende o ano 2018 en materia de empoderamento económico e social das mulleres das zonas rurais. Con todo, a presente intervención pretende compensar os efectos negativos da Covid-19 e do paso de Furacáns como ETA e IOTA, especialmente os que supuxeron un incremento da violencia de xénero e unha redución e deterioración dos medios de vida. Así, o proxecto pretende lograr que as mulleres e as súas familias vivan nunha contorna libre de violencia de xénero, fortalezan as súas competencias produtivas e comerciais e xestionen os seus medios de vida con prácticas de xestión de riscos adaptadas para os efectos da Covid-19 e ao cambio climático.

##### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír á mitigación dos efectos da pandemia pola Covid-19 no exercicio dos dereitos económicos e os medios de vida das mulleres do corredor seco de Nicaragua; nun ambiente de non violencia e de adaptación fronte ao cambio climático.

**Específico:** As mulleres asociadas en cooperativas e as súas familias viven nunha contorna libre de violencia baseada en xénero, fortalecen as súas competencias produtivas e comerciais, xestionan os seus medios de vida con prácticas de xestión de riscos adaptadas a minimizar os efectos da Covid-19 e do cambio climático.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 261 (186 mulleres; 75 homes).

**Indirecta:** 809 (186 mulleres; 251 homes; 186 nenas; 186 nenos).

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).

**09.**Proxecto KLOB'L T'E YAB'IL (prevención da enfermidade) para garantir as condicións esenciais de resposta, en materia de gobernanza, hábitat (auga e saneamento) e hixiene, fronte á Covid-19, cunha visión de recuperación e impacto a longo prazo, na Comunidade Mam Cajolá, formada por 267 familias indíxenas, na súa maioría nais solteiras e viúvas, do departamento de Retalhuleu, Guatemala

**Axente:** Arquitectura sin Fronteras

**Socio local:** Asociación Indíxena Agropecuaria Pro-Desenvolvemento Integral (ASIAPRODI)

##### Código/s CRS:

12261 Educación sanitaria

15150 A participación democrática da sociedade civil

14031 Abastecemento básico de auga potable

14032 Saneamento básico

14081 Educación e formación en abastecemento de auga e saneamento

**Zona de actuación:** Comunidade Mam Cajolá, departamento de Retalhuleu, Guatemala

**País:** Guatemala

**Rexión:** Centroamérica

**Descrición:** A presente intervención ten como obxectivo completar o acompañamento (desenvolto por outros proxectos cofinanciados pola Cooperación Galega) ás familias da etnia mam na mellora dos seus sistemas de gobernanza, xestión de riscos e planificación territorial, por ser estas as principais necesidades inmediatas na primeira fase de relocalización das familias, cuxa Comunidade é de recente creación. En concreto, e fronte as condicións de precariedade do asentamento, sumadas aos efectos da Covid-19, o proxecto pretende facer fronte ás condicións inadecuadas de gobernanza, hábitat e

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

hixiene das familias no contexto da pandemia mundial, mediante o fortalecemento das estruturas de goberno comunitarias; a creación e o fortalecemento na xestión de puntos de auga comunitarios, seguros e accesibles e a mellora na xestión de excretalas.

##### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír a que os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles no departamento de Retalhuleu, Guatemala, con especial énfase naqueles con maioría de mulleres nais solteiras e viúvas.

**Específico:** Garantidas as condicións esenciais de resposta, en materia de gobernanza, hábitat (auga e saneamento) e hixiene, fronte á Covid-19 cunha visión de recuperación e impacto a longo prazo, da Comunidade Mam Cajolá, formada por 267 familias indíxenas, na súa maioría nais solteiras e viúvas, do departamento de Retalhuleu, Guatemala.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 762 (267 familias; 259 mulleres; 95 homes; 177 nenas; 231 nenos).

**Indirecta:** 7.834 (1.097 familias; 1.139 mulleres; 1.101 homes; 2.729 nenos; 2.865 nenas)

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.980€ (2021: 69.992€; 2022: 104.988€).

#### 10. Fortalecida a Rede de Saúde pública do Distrito Municipal núm. 8 (Plan 3000), Santa Cruz de la Sierra (Bolivia)

**Axente:** Fundación Humanitaria dos Rotarios Españois

**Socio local:** Fundación Intercultural Nor Sud

##### Código/s CRS:

12110 Política sanitaria e xestión administrativa

12261 Educación sanitaria

12281 Formación persoal sanitario

12230 Infraestrutura sanitaria básica

15150 Participación democrática e sociedade civil

15170 Igualdade e empoderamento de mulleres

**Zona de actuación:** Santa Cruz de la Sierra

**País:** Bolivia

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** O proxecto ten por obxectivo específico fortalecer o sistema público de saúde (Rede Leste) do Municipio de Santa Cruz de la Sierra ante futuras situacións de emerxencia sanitaria, a través da mellora integral da atención en saúde primaria e preventiva en Bolivia. Para iso consolidaranse 6 unidades veciñais e 10 centros educativos, mellorarase a capacidade resolutiva de 4 centros de atención primaria e 8 postos de saúde ante crise de emerxencia sanitaria, e intervirase nos mecanismos de coordinación dos hospitais dentro da rede de saúde e do plan 3000, para a promoción de campañas sanitarias e de protección social fronte a pandemias e as súas consecuencias.

**Obxectivo xeral:** Garantir o dereito a unha saúde integral, pública, intercultural, con calidade e enfoque de xénero no municipio de Santa Cruz de la Sierra (Bolivia), promovendo a implementación de políticas públicas inclusivas aliñadas cos ODS 1, 3 e 5 e coa Estratexia Galega/Española de Resposta Conxunta fronte á Covid-19. Específico: Fortalecer o sistema público de saúde do Municipio de Santa Cruz de la Sierra ante futuras situacións de emerxencia sanitaria, a través da mellora integral da atención en saúde primaria e preventiva da poboación periurbana do Distrito Municipal núm. 8 (Plan 3000), Bolivia.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** As persoas beneficiarias directas do proxecto ou titulares de dereitos suman un total 54.238 persoas (16.814 homes, 14.596 mulleres, 10.862 nenos e 11.966 nenas) de orixe campesiña e indíxenas (quechuas, amazónicos e aymaras) que emigraron de áreas rurais pobres do occidente do país; a raíz do fenómeno do

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

Neno (seca) na década dos 80. A estes asentamentos humanos sumáronse nas décadas dos 90, 2000 indíxenas do oriente Boliviano principalmente guaraní e conforman o coñecido PLAN 3000, que se constitúe no maior asentamento humano urbano boliviano, suscitado pola emerxente economía agroexportadora de Santa Cruz de la Sierra.

**Indirecta:** A poboación beneficiada de maneira indirecta constitúe o restante 82% da poboación da periferia coñecida como Plan 3000, xa que son parte da mesma rede de saúde do Plan 3000 dependentes do SEDES- Gobernación e Ministerio de Saúde, e con participación do Goberno Municipal de Santa Cruz de la Sierra; de acordo cos datos de cobertura brindados polo SEDES Santa Cruz e estes ascenden a un total de 301.322 persoas, das cales 93.411 son homes, 81.089 mulleres, 60.344 nenos e 66.478 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 146.417,95 € (2021: 58.567,18 €; 2022: 87.850,77 €).

**11. Promover o acceso a un hábitat seguro e sostible, e mellorar os mecanismos locais de defensa e protección dos DDHH e das mulleres que mitiguen os impactos da Covid-19 nas comunidades de Cubana, A Balsa e Olivares, municipio Ramón Santana, provincia San Pedro de Macorís, República Dominicana**

**Axente:** Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) en agrupación con AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios)

**Socio local:** Instituto de Acción Comunitaria, Inc. IDAC

**Código/s CRS:**

16040 Vivendas de baixo custo

**Zona de actuación:** Municipio Ramón Santana, bateyes de Cubana, A Balsa e Olivares

**País:** República Dominicana

**Rexión:** Caribe

**Descrición:** Este proxecto ten como obxectivo mellorar as condicións de habitabilidade básica mediante a erradicación dos barracóns e vivendas precarias e a construción de tres bloques de vivendas con enfoque de xénero no batey Cubana e reforzar as capacidades comunitarias nos 3 bateyes para a defensa e protección dos dereitos dos seus habitantes, con especial atención á saúde sexual e reprodutiva de mulleres e nenas, á prevención de contaxios pola Covid-19 e ao tratamento dos efectos psicosociais e psicoemocionais que está a provocar a pandemia. Expóñense accións orientadas ao fortalecemento de capacidades de actores clave, a dotación de ferramentas e a sensibilización social sobre cuestións vinculadas á xestión social do hábitat, o dereito á vivenda e a atención a emerxencias psicolóxicas.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Garantir o dereito a unha vivenda digna e a unha vida libre de violencias para as mulleres de Ramón Santana.

**Específico:** Promover o acceso a un hábitat seguro e sostible, e mellorar os mecanismos locais de defensa e protección dos DDHH e das mulleres que mitiguen os impactos da Covid-19 nas comunidades de Cubana, A Balsa e Olivares, municipio Ramón Santana, provincia San Pedro de Macorís, A República Dominicana.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** 420 homes, 458 mulleres, 276 nenos e 268 nenas.

**Indirecta:** 3.750 homes e 3.750 mulleres.

**Axuda Xunta de Galicia:** 225.000 € (2021: 90.000 €; 2022: 135.000 €).

---

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

**12. Proxecto Q' AQ' IQ' (espírito vital) para garantir as condicións que permitan que a nenez e a mocidade de 10 escolas de educación primaria e 1 instituto de educación secundaria de Retalhuleu, Guatemala, volvan ás aulas e a unha contorna de aprendizaxe propicia que teña en conta a súa saúde e o seu benestar psicosocial, tras o peche dos centros educativos pola pandemia da Covid-19**

**Axente:** Arquitectura Sen Fronteiras. Demarcación de Galicia agrupada con Asociación PROYDE (Promoción e Desenvolvemento)

**Socio local:** Asociación Indíxena Agropecuaria Pro-Desenvolvo Integral (ASIAPRODI)

##### Código/s CRS:

11110 Política educativa e xestión administrativa

11130 Formación de profesores

11220 Educación primaria

11320 Educación secundaria

12261 Educación sanitaria

14031 Abastecemento básico de auga potable

**Zona de actuación:** Municipio de Champerico, Retalhuleu

**País:** Guatemala

**Rexión:** América Central

**Descrición:** O proxecto ten como obxectivo incidir na importancia da volta ás escolas dos mozos que, debido á pandemia da Covid-19, viron minguado o seu dereito fundamental á educación polo peche dos centros escolares. Ademais, dáselle importancia á saúde dos mozos, e ao seu estado psicosocial, favorecendo a volta ás clases ademais da creación de puntos de recollida de auga potable. Tamén se pretende crear unha campaña de sensibilización sobre

a pandemia da Covid-19 e unha avaliación con enfoque de xénero.

##### Obxectivos:

**Xeral:** Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos no municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala.

**Específico:** Garantidas as condicións que permitan que a nenez e a mocidade de 10 escolas de educación primaria e 1 instituto de educación secundaria de Retalhuleu, Guatemala, volvan ás aulas e a unha contorna de aprendizaxe propicia que teña en conta a súa saúde e o seu benestar psicosocial, tras o peche dos centros educativos pola pandemia da Covid-19.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 132 homes, 139 mulleres, 717 nenos e 782 nenas.

**Indirecta:** 400 homes, 393 mulleres, 3.656 nenos e 3.830 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 224.980€ (2021: 89.992€; 2022: 134.988€).

---

**13. Mellorar as capacidades técnicas, materiais e o posicionamento social do sector pesqueiro artesanal, e a súa cadea de valor, desde un enfoque sostible e inclusivo**

---

**Axente:** Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) agrupada con Asociación ONG de Cooperación ao Desenvolvemento Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

**Socio local:** Centro de estudos y promoción social, INC. (CEPROS)

##### Código/s CRS:

31320 Desenvolvemento pesqueiro

**Zona de actuación:** O Salvador

**País:** O Salvador

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

**Rexión:** América Central

**Descrición:** Este proxecto é a continuación dun Plan iniciado por Asemblea de Cooperación pola Paz e AGARESO que se inicia no 2007 dentro do sector pesqueiro salvadoreño. Nesta ocasión, o proxecto ten en conta os impactos que provocou a pandemia da Covid-19 no sector pesqueiro, e ten como obxectivo a mellora das capacidades técnicas, materiais e o posicionamento social do sector pesqueiro artesanal, e a súa cadea de valor, desde un enfoque sostible e inclusivo que, á súa vez, incide no obxectivo xeral de garantir mellores condicións de seguridade, sustentabilidade e recoñecemento social da actividade pesqueira artesanal e a súa cadea de valor.

### Obxectivos:

**Xeral:** Garantir mellores condicións de seguridade, sustentabilidade e recoñecemento social da actividade pesqueira artesanal e a súa cadea de valor.

**Específico:** Mellorar as capacidades técnicas, materiais e o posicionamento social do sector pesqueiro artesanal, e a súa cadea de valor, desde un enfoque sostible e inclusivo.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Establécese como poboación beneficiaria directa as persoas que integran as cooperativas, federacións de cooperativas, confederación de federacións, iniciativas económicas e radios comunitarias que se van apoiar no marco do proxecto. Tamén o alumnado do curso de formación en construción de embarcacións. Co presente proxecto van apoiar cooperativas e iniciativas asociativas de traballo (un total de 2.177 persoas, 1.595 homes e 582 mulleres), de diferente natureza.

**Indirecta:** Enténdese como poboación beneficiaria de maneira indirecta a toda a poboación costeira, así como todos aqueles que se poidan beneficiar dos resultados do proxecto, xa sexa por medio dos medios de comunicación como polos insumos máis palpables. Neste sentido, contabilízanse un total de 33.596 homes, 33.745 mulleres, 26.283 nenos e 27.924 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 225.000€ (2021: 90.000€; 2022: 135.000€).

**14. Mellora do exercicio dos dereitos das mulleres co acceso á xustiza de xénero, a soberanía alimentaria e o empoderamento económico no Corpus e Namasigüe**

**Axente:** Amigos da Terra

**Socio local:** Asociación de Mujeres Defensoras de la Vida (AMDV)

### Código/s CRS:

15160 Dereitos humanos

15170 Organizacións e institucións da igualdade da muller

15180 Loita contra a violencia cara ás mulleres e ás nenas

31161 Produción de alimentos agrícolas

12240 Nutrición básica

43040 Desenvolvemento rural

**Zona de actuación:** Departamento de Choluteca, municipios de El Corpus e Namasigüe

**País:** Honduras

**Rexión:** América Central e o Caribe

**Descrición:** O proxecto ten como obxectivo mellorar o aceso e exercicio dos dereitos das mulleres rurais coa participación social e política, o aceso á xustiza de xénero, a soberanía alimentaria, a nutrición saudable e o empoderamento económico nos municipios de El Corpus e Namasigüe en Honduras.

**Obxectivo xeral:** Mellorar o exercicio dos dereitos das mulleres rurais coa participación social e política, o aceso á xustiza de xénero, a soberanía alimentaria, a nutrición saudable e o empoderamento económico nos municipios de El Corpus e Namasigüe (Honduras).

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

**Poboación beneficiaria:** A poboación beneficiaria titular de dereito ascende a 869 persoas, e son un total de 442 mulleres, 386 nenos e nenas e 41 homes, mentres que os beneficiarios indirectos ascenden a 42.859 persoas, das cales 16.675 son mulleres, 1.911 homes, 11.840 nenas e 12.433 nenos.

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).

---

**15. Acceso sostible á auga potable e soberanía alimentaria para familias indíxenas Ch'orti' priorizadas da Rexión VIII do municipio de Jocotán (Corredor Seco guatemalteco)**

---

**Axente:** Solidariedade para o Desenvolvemento e a Paz (SODEPAZ)

**Socio local:** Asociación para el Mejoramiento Habitacional de Guatemala MEJORHA

**Código/s CRS:**

14031 Abastecemento básico de auga potable

12240 Nutrición Básica

12264 Control da Covid-19

**Zona de actuación:** Rexión VIII do municipio de Jocotán, Departamento de Chiquimula.

**País:** Guatemala

**Rexión:** América Central

**Descrición:** O proxecto enmárcase en dar solución a 3 dereitos fundamentais conculcados á poboación indíxena de Ch'orti' da Rexión VIII do municipio de Jocotán, os cales son o dereito á auga potable mediante a construción de sistemas de captación e almacenamento de auga de choiva, o dereito á alimentación, promovendo o uso de técnicas agrícolas ecolóxicas na construción de hortos dirixidos a mulleres indíxenas, e o dereito á saúde, apoiado no Centro de Atención Permanente da comunidade

e promovendo a vacinación e a adopción de medidas de seguridade contra a propagación da Covid-19.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Contribuír á soberanía alimentaria e ao proceso de desenvolvemento integral de trece comunidades Ch'orti' da Rexión VIII do Municipio de Jocotán, Departamento de Chiquimula, Guatemala.

**Específico:** Acceso sostible á auga potable e soberanía alimentaria para familias indíxenas Ch'orti' priorizadas da Rexión VIII do municipio de Jocotán (Corredor Seco guatemalteco).

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** Os/as destinatarios/as directos/as do proxecto son 53 familias indíxenas Ch'orti' das comunidades Guayabillas Centro (13 familias), Guayabillas Barrio Novo (22 familias) e Talquezalito (18 familias) da Rexión VIII do municipio de Jocotán, Departamento de Chiquimula. En concreto, 60 homes, 56 mulleres, 35 nenos e 39 nenas, cun total de 190 titulares de dereito beneficiarios.

**Indirecta:** A poboación do municipio de Jocotán (73.975 habitantes), xa que a través do apoio brindado ao Centro de Atención Permanente en Saúde CAP de Jocotán mellorárase a súa capacidade para promover a prevención (principalmente a través das mensaxes radiais, que teñen cobertura en todo o territorio municipal) e atención da pandemia da Covid-19 das e dos habitantes do conxunto do municipio.

**Axuda Xunta de Galicia:** 59.985,56€ (2021).

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### 16. Empoderamento económico e exercicio de dereitos de mulleres rurais organizadas de Santa María de Pantasma, Nicaragua

**Axente:** Fundación Educación e Cooperación – EDUCO

**Socio local:** Fundación de Mujer y Desarrollo Económico Comunitario FUMDEC

**Código/s CRS:**

15160 Dereitos humanos

15150 A participación democrática e a sociedade civil

31161 Produción alimentos agrícola

**Zona de actuación:** Municipio de Santa María de Pantasma

**País:** Nicaragua

**Rexión:** Centroamérica

**Descrición:** O proxecto ten como finalidade contribuír ao empoderamento económico e ao exercicio dos dereitos sociais e políticas de mulleres rurais de Nicaragua desde o enfoque de xénero e agroecolóxico. Para iso, promóvense as prácticas igualitarias e equitativas e de loita contra a violencia de xénero no municipio por medio da sensibilización, ademais realízanse procesos de formación e medios de vida agrícolas e agroecolóxicos cun enfoque de xénero. Xa por último, preténdese establecer mecanismos e instrumentos de seguimento para a implementación de políticas públicas con enfoque de xénero, creando unha Comisión Municipal de Xénero conformada por funcionarias, líderes comunitarias e organizacións da sociedade civil no municipio de Pantasma.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Contribuír ao empoderamento económico e ao exercicio dos dereitos sociais e políticos de mulleres rurais de Nicaragua desde o enfoque de xénero e agroecolóxico.

**Específico:** Fortalecer o empoderamento sociopolítico e económico de mulleres rurais en 7 comunidades do municipio de Pantasma con enfoque de xénero, aceso a recursos produtivos agroecolóxicos e fortalecemento organizativo en alianza co goberno municipal.

**Poboación beneficiaria directa:** Este proxecto conta cunha poboación beneficiaria de maneira directa que ascende a un total de 820 persoas enmarcadas en 7 comunidades do municipio de Santa María de Pantasma. O grupo obxectivo meta destaca por centrarse nun grupo de 195 mulleres e 110 homes, 289 nenas e 226 nenos.

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).



#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### 17. Mitigación do impacto socioeconómico da crise provocada pola Covid-19 en familias dedicadas ao turismo rural comunitario e a artesanía téxtil na provincia de Quispicanchi, Cusco-O Perú

**Axente:** Fundación Taller de Solidaridad agrupada con Fundación Entreculturas- Fe y Alegría

**Socio local:** Asociación Jesús Obrero – CCAIJO

**Código/s CRS:**

33210 Turismo

31161 Producción alimentos agrícolas

**Zona de actuación:** Rexión de Cusco

**País:** Perú

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** O proxecto ten como obxectivo fomentar o dereito ao traballo e o dereito a unha alimentación adecuada de familias emprendedoras no ámbito téxtil da rexión de Cusco de forma resiliente despois da crise da Covid-19. Para iso realizarase un reforzo do turismo rural da zona, e fomentárase a mellora dos procedementos utilizados para a fabricación artesanal de produtos téxtiles ademais de reducir a vulnerabilidade alimentaria, económica e social que a crise da Covid-19 produciu.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Promoción do exercicio efectivo do dereito humano ao traballo e do dereito humano a unha alimentación adecuada de familias emprendedoras da rexión de Cusco de forma resiliente tras a crise da Covid-19.

**Específico:** Mitigado o impacto socioeconómico da crise provocada pola Covid-19 en 130 familias emprendedoras dedicadas ao TRC e a artesanía téxtil nos distritos de Ccatcca, Ocongate e Marcapata a través da reactivación das súas fontes de ingresos e fortalecemento da súa seguridade alimentaria.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** 130 persoas destinatarias do proxecto: 103 mulleres e 27 homes (49 artesáns/as, 16 orientadores/as locais, 50 emprendedores/as en TRC, 15 emprendedoras en agroturismo). Os/as destinatarios/as son indíxenas, na súa maioría mulleres (79,2% mulleres e 20,8% homes). Viven nas comunidades campesiñas de Yanacancha, Pacchanta, Andamayo e Cuyuni, situadas no Roteiro Turístico do Ausangate nos distritos de Ccatca, Ocongate e Marcapata. Son Quechua-falantes, con baixos niveis educativos. Na súa maioría adultos/as e con carga familiar.

**Indirecta:** Os beneficiarios indirectos están conformados por un total de 197 homes, 425 mulleres 1.105 nenos e 1.448 nenas, cun total de beneficiarios de maneira indirecta de 3.175 persoas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 225.000€ (2021: 90.000€; 2022: 135.000€).



---

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

---

### 18. Fortalecemento da sustentabilidade económica, social, ambiental e tecnolóxica do sector apícola, agrícola e acuícola en Chinandega, Nicaragua

---

**Axente:** Amigos da Terra

**Socio local:** Fundación Loitadores Integrados para o Desenvolvemento da Rexión (LIDER)

**Código/s CRS:**

31161 Producción alimentos agrícolas

43040 Desenvolvemento rural

31320 Desenvolvemento pesqueiro

31194 Cooperativas agrícolas

31191 Servizos agrícolas

**Zona de actuación:** Chinandega

**País:** Nicaragua

**Rexión:** América Central

**Descrición:** Este proxecto trátase dunha continuación no proceso de fortalecemento do sector agropecuario e acuícola que Amigos da Terra e Fundación LIDER están a desenvolver tanto nos sectores de intervención, como no territorio en xestión (Occidente de Nicaragua), no contexto das crises a nivel sanitario (provocada pola Covid-19), sociopolítica e económica. Para iso preténdese mellorar a capacidade empresarial e produtiva dos sectores acuícola, apícola e agropecuario favorecendo o comercio e a creación de cooperativas.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Contribuír a mellorar a produción e o acceso a oportunidades económicas equitativas da poboación rural do corredor seco de Nicaragua.

**Específico:** Mellorar a capacidade de resiliencia e sustentabilidade da produción apícola,

agropecuaria e acuícola en 7 municipios de Chinandega mediante a adopción de mecanismos innovadores para xerar valor agregado e o acceso a novos mercados.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** A poboación beneficiaria da intervención está composta por 351 homes e mulleres acuicultores/as, apicultores/as e agricultores/as (205 homes e 146 mulleres) asociados/as a 7 cooperativas e 3 agrupacións de produtores/as, situadas en 7 municipios do departamento de Chinandega, que forman parte do tecido produtivo dos municipios que serán atendidos polo proxecto.

**Indirecta:** En canto á poboación beneficiaria indirecta, trátase de toda a comunidade de Chinandega e outros sectores, que suman en total 5.104 homes e 4.806 mulleres, cun total de 9.910 persoas que se benefician de maneira indirecta dos resultados do proxecto.

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).

---

### 19. Protección do dereito das comunidades vulnerables do distrito de Anantapur (India) a unha atención sanitaria de calidade, fronte á Covid-19 ou outras emerxencias sanitarias, cun enfoque de protección dos dereitos sexuais e reprodutivos e de redución da pegada de carbono

---

**Axente:** Fundación Vicente Ferrer

**Socio local:** Rural Development Trust (RDT)

**Código/s CRS:**

12220 Atención sanitaria básica

12230 Infraestrutura sanitaria básica

12250 Control enfermidades infecciosas

**Zona de actuación:** Distrito de Anantapur

**País:** India

**Rexión:** Asia do Sur

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

**Descrición:** O proxecto ten como obxectivo a protección do dereito a unha atención sanitaria de calidade dos/as titulares de dereitos dos colectivos vulnerables do Distrito de Anantapur, e asegura a continuidade dos servizos sanitarios de uso público esenciais que presta o Hospital de Kalyandurg mediante o fortalecemento das súas capacidades operativas e prácticas fronte a emerxencias sanitarias, capacidades fronte á actual pandemia da Covid-19 e que poidan ser, así mesmo, aplicables ante continxencias futuras.

como persoas destinatarias indirectas a toda a poboación da área de cobertura do Hospital de KLD. Ademais toda a poboación se verá beneficiada da redución de pegada de carbono que prevé o proxecto. A poboación aproximada da área de influencia do Hospital de Kalyandurg (en funcionamento desde o ano 2000) é de, aproximadamente, 400.000 habitantes, dos cales, 204.000 son homes e 196.000 mulleres.

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).

#### Obxectivos:

**Xeral:** Garantir o dereito á saúde das comunidades rurais empobrecidas do distrito de Anantapur (Andhra Pradesh, India) en contextos de emerxencia por pandemia.

**Específico:** Protexer o dereito das comunidades vulnerables do distrito de Anantapur (Andhra Pradesh, India) a unha atención sanitaria de calidade, asegurando a continuidade dos servizos sanitarios de uso público esenciais mediante o fortalecemento das capacidades operativas e prácticas do Hospital de Kalyandurg fronte a emerxencias sanitarias, cun enfoque de protección aos dereitos sexuais e reprodutivos e de redución da pegada de carbono.

#### Poboación beneficiaria:

**Directa:** A poboación destinataria directa son persoas das 354 comunidades rurais que se atopan repartidas en 7 mandals da rexión de Kalyandurg: Kalyandurg, Atmakur, Beluguppa, Kundurpi, Kambadur, Brahmasamudram e Settur, localizados nun radio de entre 10 e 60 km, pertencentes aos colectivos sen casta, tribais e castas baixas e desfavorecidas, con niveis de alfabetización baixos e con escasos recursos económicos que acceden aos servizos do hospital de Kalyandurg. Calculáronse tendo en conta a cifra de persoas usuarias do Hospital atendidas nun ano, 2019-2020 (prepandemia): 51.428 mulleres e 26.576 homes, un total de 78.004, dos cales 1.529 son nenas e 2.177 nenos. Tamén se atenderon 8.268 partos e 802 recentemente nados permaneceron na UCI Neonatal.

**Indirecta:** Fundamentalmente as familias e comunidades dos/as pacientes do Hospital de Kalyandurg. Dada a relación directa entre saúde e desenvolvemento, podemos considerar

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

**20. Fortalecemento das capacidades individuais e colectivas de resposta e protección ás mulleres e defensoras e á nenez fronte ás violencias, potenciando o seu benestar, autonomía e liderado desde o enfoque da cosmovisión maia, na rexión Norte, Occidente e Centro de Guatemala**

**Axente:** Solidariedade Internacional de Galicia

**Socio local:** Asociación Grupo de Mujeres Mayas Kaqla

**Código/s CRS:**

15170 Organizacións e institucións da igualdade das mulleres

**Zona de actuación:** Rexión Norte, Occidente e Central de Guatemala

**País:** Guatemala

**Rexión:** América Central

**Descrición:** O proxecto trata de crear unha resposta ao problema institucional que existe en Guatemala sobre a violencia de xénero e a debilitación que están a sufrir as administracións públicas deste país para poder atallar este problema. Neste sentido, céntrase en crear centros de protección para mulleres indíxenas vítimas de violencia de xénero, crear campos de sensibilización dentro dos colectivos do país, así como tratar temáticas de prevención da violencia de xénero desde a nenez a través de estratexias comunitarias. Ademais faise especial fincapé no fortalecemento das capacidades das persoas e colectivos de defensores de dereitos humanos.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Xerar condicións e capacidades estratéxicas para a redución da violencia e os seus efectos da violencia cara ás mulleres indíxenas de Guatemala.

**Específico:** Fortalecer as capacidades individuais e colectivas de resposta e protección ás mulleres e defensoras e á nenez fronte ás violencias que enfrontan, potenciando o seu

benestar, autonomía e liderado desde o enfoque da cosmovisión maia, na rexión Norte, Occidente e Centro de Guatemala.

Resultados e actividades.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** Neste caso priorízanse varios sectores, os cales son mulleres sobreviventes de violencia, defensores e defensoras e nenos e nenas (175 mulleres, 28 homes, 25 nenas e 25 nenos).

**Indirecta:** En canto aos beneficiarios indirectos tense en conta o alcance das campañas de sensibilización (269.405 homes, 291.855 mulleres, 211.675 nenos e 229.315 nenas).

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.709,39 € (2021: 69.883,76€; 2022: 104.825,63€).



#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### 21. Educación básica de calidade, equitativa e integral a través da mellora dunha Rede de escolas comunitarias na zona fronteiriza do NE de Guinea Bissau

**Axente:** AIDA, Axuda, Intercambio e Desenvolvemento

**Socio local:** AMIC e Comité Nacional para o Abandono de Prácticas Tradicionais

Nefastas á saúde da muller e a infancia.

**Código/s CRS:**

11220 Educación primaria

**Zona de actuación:** Bafatá e Oio

**País:** Guinea Bissau

**Rexión:** África occidental

**Descrición:** O proxecto pretende asegurar o dereito á educación de nenos e nenas despois dun ano marcado pola pandemia da Covid-19 e promover á súa vez os dereitos da infancia. Focalízase na equidade educativa e o fortalecemento da rede de escolas rurais, especificamente nas rexións de Bafatá e Oio.

##### Obxectivos:

**Xeral:** O obxectivo xeral do proxecto é o de promover o dereito a unha educación inclusiva e de calidade para todos os nenos e nenas e contribuír á erradicación de prácticas tradicionais nefastas.

Prevese contribuír ao alcance do ODS 4 e en específico ás seguintes metas:

ODS 4.1 De aquí a 2030, asegurar que todas as nenas e todos os nenos terminen o ensino primario e secundario, que ha de ser gratuíto, equitativa e de calidade e producir resultados de aprendizaxe pertinentes e efectivos.

ODS 4.5 De aquí a 2030, eliminar as disparidades de xénero na educación e asegurar o acceso igualitario a todos os niveis do ensino e a formación profesional para as persoas vulnerables, incluídas as persoas con discapacidade,

os pobos indíxenas e os nenos en situacións de vulnerabilidade.

**Específico:** Mellorar a calidade da oferta educativa e a equidade no acceso á educación nunha rede de escolas comunitarias nas rexións de Bafatá e Oio.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 3.122 homes, 5.897 mulleres, 43 nenos, 1.462 nenas (10.524 persoas).

**Indirecta:** 20.979 persoas, das cales son 10.000 homes, 10.000 mulleres 190 nenos e 789 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).



#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### 22.22. Mulleres e adolescentes empoderadas para a transformación das desigualdades de xénero nos distritos de Andahuaylillas, Huaró, Urcos e Ocongate da provincia de Quispicanchi- Cusco

**Axente:** Fundación Balms para la Infancia agrupada con Fundación CUME para el desarrollo de culturas y pueblos

**Socio local:** Asociación WAYRA

**Código/s CRS:**

11230 Capacitación básica de mozas e adultos

13020 Atención saúde reprodutiva

13040 Loita contra ETS (enfermidades de transmisión sexual), incluída a VIH/SIDA

13081 Formación de persoal para poboación e saúde reprodutiva

15170 Organizacións e institucións da igualdade das mulleres

16050 Axuda multisectorial para servizos sociais básicos

**Zona de actuación:** distritos de Andahuaylillas, Huaró, Urcos e Ocongate da provincia de Quispicanchi-Cusco

**País:** Perú

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** O proxecto busca mellorar as capacidades dos e das titulares de dereito, responsabilidades e obrigas para reducir os niveis de violencia familiar, social e económica cara á muller en comunidades rurais do municipio de Quispicanchi na rexión de Cusco, O Perú. Concretamente nos distritos de Urcos, Huaró, Andahuaylillas e Ocongate. Preténdese mellorar a igualdade de xénero, e promover unha vida libre de violencia.

##### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír á mellora da calidade de vida das mulleres das comunidades rurais dos distritos de Huaró, Urcos, Ocongate e Andahuaylillas da provincia de Quispicanchi, Cusco, favorecendo o logro do ODS 5 de impulsar a igualdade de xénero e promover unha vida libre de violencia mediante a participación de titulares de dereitos, obrigas e responsabilidades.

**Específico:** Melloradas as capacidades dos titulares de dereitos, responsabilidades e obrigas para a redución dos niveis de violencia familiar, social e económica cara ás mulleres das comunidades rurais dos distritos de Urcos, Huaró, Andahuaylillas e Ocongate da provincia de Quispicanchi, Cusco, a través dunha estratexia de participación social para a igualdade de xénero.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 452 persoas (337 mulleres e 115 homes), dos cales 140 son nenos/as (entre os 12 e 18 anos de idade) entre escolares de 1.ª, 2.ª e 3.ª de educación secundaria e nais adolescentes, e 312 son adultos/adultas desde pais/nais de familia dos escolares, docentes, mulleres integrantes das organizacións sociais e promotoras de saúde.

**Indirecta:** 640 homes, 1.030 mulleres, 40 nenos e 140 nenas que conforman un total de 1.850 persoas beneficiadas de maneira indirecta na zona na que se realiza o proxecto.

**Axuda Xunta de Galicia:** 143.447,65 € (2021: 57.379,06 €; 2022: 86.068,59 €).



#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

### 23. Fortalecemento das capacidades técnicas e materiais da Facultade de Ciencias Médicas da UNAH de Honduras para unha adecuada sensibilización e formación en saúde sexual e reprodutiva

**Axente:** Médicos do Mundo (MdM)

**Socio local:** Facultade de Ciencias Médicas (FCM) da Universidade Nacional Autónoma de Honduras (UNAH)

#### Código/s CRS:

13020 Atención saúde reprodutiva

13030 Planificación familiar

13081 Formación de persoal para poboación e saúde reprodutiva

**Zona de actuación:** Tegucigalpa

**País:** Honduras

**Rexión:** América Central

**Descrición:** Este proxecto pretende darlle solución a un problema dentro da falta de educación integral de dereitos sexuais e reprodutivos da poboación que lles permita coñecer os seus dereitos evitando así a vulneración destes. En definitiva, preténdese fortalecer as capacidades técnicas e o acceso de materiais das persoas da comunidade universitaria no campo das ciencias da saúde da Universidade Nacional Autónoma de Honduras.

#### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír a mellorar a saúde sexual e reprodutiva das adolescentes a través do fortalecemento de capacidades da Facultade de Ciencias Médicas da UNAH, en Tegucigalpa, Honduras.

**Específico:** Fortalecer as capacidades do persoal docente e estudantil de grao e posgrao de Medicina e Enfermería, para a sensibilización e formación en saúde sexual, reprodutiva salientando o parto humanizado en adolescentes con embarazo temperán forzado, cun enfoque de

xénero e de dereitos humanos, coa Facultade de Ciencias Médicas da UNAH en Tegucigalpa, Honduras.

#### Poboación beneficiaria:

**Directa:** As adolescentes cun embarazo temperán forzado usuarias dos servizos de saúde, persoal docente das carreiras de Medicina e Enfermería a nivel de grao e posgrao, estudantes das Ciencias da Saúde, autoridades universitarias que son alcanzadas polas accións de sensibilización e formación. Un total de 3.995 persoas, das cales son 1.295 homes, 2.675 mulleres, e 25 adolescentes mulleres.

**Indirecta:** Persoal en saúde de maneira xeral que traballa no Hospital Escola Universitario (HEU), poboación en xeral que acoden aos servizos de saúde do HEU. En total 19.000 persoas, das cales 8.000 son homes, 9.500 mulleres, 500 adolescentes homes e 1.000 adolescentes mulleres.

**Axuda Xunta de Galicia:** 132.245,56 € (2021: 52.898,22€; 2022: 79.347,34€).

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### 24. Fortalecemento de redes de apoio para a prevención e protección contra a violencia de xénero no contexto Covid-19

**Axente:** Movemento pola Paz, o Desarmamento e a Liberdade– MPDL

**Socio local:** Asociación de Mujeres en Solidariedade – AMES

**Código/s CRS:**

15170 Organizacións e institucións da igualdade das mulleres

**Zona de actuación:** Departamento de San Marcos

**País:** Guatemala

**Rexión:** América Central

**Descrición:** O proxecto pretende diminuír o impacto da violencia de xénero e mellorar a atención ás mulleres vítimas mediante a prevención a nivel

comunitario e en centros educativos e o fortalecemento das capacidades do persoal que atende ás mulleres tanto a nivel de sociedade civil como das institucións. Fortálécense os centros educativos así como as asociacións de mulleres coa finalidade de concienciar e mitigar os efectos da violencia de xénero

##### Obxectivos:

**Xeral:** Redución do impacto da violencia de xénero en San Marcos.

**Específico:** Mellorar os sistemas de protección para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Un total de 3.055 persoas, das cales 1.420 son mulleres, 785 homes, 500 nenas e 350 nenos.

**Indirecta:** Un total de 5.980 persoas, das cales 2.870 son mulleres, 1.913 homes, 479 nenos e 718 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 147.546,08 € (2021: 59.018,43€; 2022: 88.527,65€).



---

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

---

**25. Mellorada a saúde e hixiene de 3 comunidades aymaras rurais do municipio de Calamarca, a través do acceso á auga potable desde o enfoque de xénero en desenvolvemento**

---

**Axente:** Fundación Fabre

**Socio local:** Asociación Civil AYNÍ

**Código/s CRS:**

12261 Educación sanitaria

12230 Infraestrutura sanitaria básica (equipamento)

14021 Abastecemento de auga – sistemas de envergadura

14081 Educación e formación en abastecemento de auga e saneamento

15170 Organizacións e institucións da igualdade das mulleres

**Zona de Actuación:** Chocorosi, San Pedro Chocorosi e Alto Chocorosi.

**País:** Bolivia

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** Búscase a mellora do dereito á saúde da poboación de 3 das comunidades da subcentral agraria Chocorosi, diminuíndo a incidencia das enfermidades por medio da implementación dun sistema de auga potable, mellorar o centro de saúde ambulatorio de Chocorosi adaptándoo á pandemia da Covid-19 e facer presión no campo institucional para a equidade na distribución da carga doméstica nas comunidades para a igualdade das mulleres.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Contribuír a mellorar sustentablemente a calidade de vida de 980 persoas de 3 comunidades do altiplano da Paz, con dignidade e protagonismo das organizacións que as representan.

**Específico:** Mellorada a saúde e hixiene de 3 comunidades aimaras rurais do municipio de Calamarca, a través do acceso á auga potable desde o enfoque de xénero en desenvolvemento.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** 158 homes, 158 mulleres, 158 nenos e 158 nenas, cun total de 632 persoas beneficiarias de maneira directa.

**Indirecta:** 87 homes, 87 mulleres, 87 nenos e 87 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000,00€ (2021: 70.000,00€; 2022: 105.000,00€).

---

**26. Nenos, nenas e adolescentes de 7 comunidades vulnerables do Salvador exercen o seu dereito unha educación de calidade con equidade de xénero en resposta á emerxencia educativa provocada pola Covid-19**

---

**Axente:** Fundación Entreculturas - Fe e Alegría (EC)

**Socio local:** Fe e Alegría O Salvador (FyA)

**Código/s CRS:**

111 Educación Nivel non especificado

**Zona de Actuación:** Acajutla, Tacuba, Chalchuapa, Santa Ana.

**País:** O Salvador

**Rexión:** América Central

**Descrición:** O proxecto pretende facer efectivo o dereito a unha educación de calidade para 2.492 nenos, nenas e adolescentes en condicións de vulnerabilidade do Salvador, no marco da pandemia Covid-19. Neste sentido fortalécense os centros educativos para atender ás necesidades provocadas pola pandemia, ademais de fortalecer as familias para un acompañamento no proceso educativo dos seus fillos ademais de favorecer os colectivos máis vulnerables da contorna educativa.

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír ao exercicio dos dereitos fundamentais en 7 comunidades do Salvador, garantindo o dereito a unha educación transformadora que xere oportunidades de desenvolvemento.

**Específico:** Nenos, nenas e adolescentes de 7 comunidades vulnerables do Salvador exercen o seu dereito unha educación de calidade con equidade de xénero en resposta á emerxencia educativa provocada pola Covid-19.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 236 homes, 367 mulleres, 1.339 nenos e 1.153 nenas.

**Indirecta:** 2.909 homes, 3.846 mulleres, 4.121 nenos e 4.127 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.990,21€ (2021: 69.996,08€; 2022: 104.994,13€).

##### Proxectos no exterior doutros axentes

**01. Saúde comunitaria, produción de alimentos e recuperación da economía familiar en comunidades de bosque afectadas pola pandemia e a crise alimentaria e económica derivada, na Subcuenca do Río Chipilico, Piura – O Perú, no marco dos proxectos PROGEBOSQUE I e II**

**Axente:** Fundación Galicia Innova

**Socio local:** Asociación Chira para la Formación técnica de la cuenca hidrográfica Catamayo Chira

##### Código/s CRS:

12220 Atención sanitaria básica

15160 Dereitos humanos

31120 Desenvolvemento agrario

**Zona de Actuación:** Comunidades de Nuevo Maray, Puerta Pulache, Monte de los Olivos, Yuscay, Timbeshuabal e Zapotal

**País:** Perú

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** O obxecto do proxecto é o de fortalecer as comunidades de bosque enmarcadas nos proxectos PROGEBOSQUE I e II (desenvoltos pola Fundación Galicia Innova e a Asociación Chira nos anos 2018 a 2021 co financiamento da cooperación Galega) co fin de mellorar a situación da saúde e socioeconómica das devanditas comunidades para afrontar a emerxencia sanitaria e futuras crises sanitarias e pandemias, mediante o apoio de maneira coordinada aos servizos públicos de saúde e ás comunidades, garantindo a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos á saúde e alimentación e mitigando o impacto socioeconómico, reactivando a economía familiar e mellorando a produción e comercialización, co obxecto de atender a crise alimentaria existente,

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

con especial incidencia nas mulleres e mozas. A través da execución do presente proxecto preténdese seguir fortalecendo as comunidades de Nuevo Maray, Puerta Pulache, Monte de los Olivos, Yuscay, Timbes-Huabal e Zapotal, coas que xa se traballou en proxectos anteriores, para neste caso, facer fronte á crise sanitaria, alimentaria e socioeconómica que se xerou como consecuencia da pandemia provocada polo virus SARS CoV 2 no mundo.

##### Obxectivos:

**Xeral:** Mellora da situación da saúde e socioeconómica das comunidades enmarcadas nos proxectos PROGEBOSQUE I e II, para afrontar a emerxencia sanitaria provocada pola Covid-19.

**Específico:** Fortalecidas as comunidades de bosque enmarcadas nos proxectos PROGEBOSQUE I e II co fin de afrontar a emerxencia sanitaria e futuras crises sanitarias e pandemias, apoiando de maneira coordinada aos servizos públicos de saúde e as comunidades, garantindo a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos á saúde e alimentación e mitigando o impacto socioeconómico, reactivando a economía familiar e mellorando a produción e comercialización, co obxecto de atender a crise alimentaria existente, con especial incidencia nas mulleres e mozas.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 324 homes, 324 mulleres, 183 nenos e 183 nenas.

**Indirecta:** 570 homes e 530 mulleres.

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2021: 70.000€; 2022: 105.000€).

---

**02.Kuri Muru: Promovendo o desenvolvemento socioeconómico do cantón de Ambato, Tungurahua, baixo un enfoque de xénero. Fase 2**

---

**Axente:** Fundación Mujeres

**Socio local:** Fundación Humana Pobo a Pobo-Ecuador

**Código/s CRS:**

15160 Dereitos Humanos

31120 Desenvolvemento agrario

31150 Insumos agrícolas

31161 Producción alimentos agrícolas

31194 Cooperativas agrícolas

31181 Formación Agraria

**Zona de Actuación:** Cantón de Ambato, provincia de Tungurahua

**País:** Ecuador

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** O proxecto preséntase como continuación ao proxecto "Fomentando iniciativas produtivas con valor agregado para a redución da pobreza e a exclusión das mulleres da Parroquia de Quisapincha, Tungurahua" executado de xullo do 2019 a abril de 2021 coa financiación da Xunta de Galicia. Esta fase executarase nas parroquias de San Antonio de Quisapincha e Huachi Grande, no cantón Ambato, provincia de Tungurahua. Este ten como finalidade contribuír á eliminación das discriminacións de xénero e á recuperación dos impactos causados pola Covid-19 no cantón de Ambato, provincia de Tungurahua. O proxecto contempla como un elemento importante fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, integrando a perspectiva de xénero en todos os seus compoñentes e contribuír así no medio e longo prazo ao acceso das mulleres aos dereitos económicos e sociais, así como a visibilizar a contribución destas ao desenvolvemento dos seus territorios.

##### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír á eliminación das discriminacións de xénero e á recuperación dos impactos causados pola Covid-19 no cantón de Ambato, provincia de Tungurahua.

**Específico:** Impulsados medios de vida sostibles para as agricultoras e agricultores de Quisapincha e Huachi Grande que permitan a recuperación posCovid-19 e promovan unha

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

maior participación das mulleres rurais nos espazos de toma de decisións e desenvolvemento local do cantón de Ambato.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 140 mulleres e 74 homes, cun total de 214 beneficiarios directos.

**Indirecta:** 1.070 persoas das cales 248 son homes, 567 mulleres, 122 nenos e 133 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.995,26 € (2021: 69.998,10€; 2022: 104.997,16€).



## 4. Actuacións de cooperación no exterior

## 4.2 Convocatoria 2020 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

## Proxectos no exterior de ONGD

**01.** Proxecto Te Chwinqlal (de por vida) para garantir as condicións esenciais de goberno, planificación territorial e resiliencia da Comunidade Mam Cajolá, composta por 267 familias indíxenas, na súa maioría mulleres nais solteiras e viúvas, recentemente recolocadas no municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala

**Axente:** Arquitectura sen Fronteiras

**Código/s CRS:** 15150, 16050, 12261, 43030, 43040

**Socio local:** Asociación Indígena Pro-Desarrollo Integral (ASIAPRODI)

**Zona de Actuación:** Municipalidade de Champerico, Departamento de Retalhuleu

**País:** Guatemala

**Rexión:** América Central

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.950€ (2020: 69.980€; 2021: 104.970€).

**02.** Proxecto Qoklen toj xnaq'tzb'il (valor para a educación) para mellorar as condicións de seis (6) escolas primarias e preescolares e un (1) centro de recursos para educación inclusiva, para proporcionar unha educación inclusiva de calidade á estudantes con necesidades educativas especiais, con enfoque de xénero e interculturalidade, no municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala

**Axente:** Arquitectura sen Fronteiras agrupada con PROYDE

**Código/s CRS:** 11110, 11120, 11130, 11220

**Socio local:** Proyecto de Desarrollo Santiago - PRODESSA

**Zona de actuación:** Municipalidade de Champerico, Departamento de Retalhuleu

**País:** Guatemala

**Rexión:** América Central e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 224.975€ (2020: 89.990€; 2021: 134.985€).

**03.** Xestión de ecosistemas e riscos climáticos con enfoque de xénero en comunidades campesiñas e nativas de 3 microconcas de Junín e Huancavelica

**Axente:** Manos Unidas

**Código/s CRS:** 41020, 15150, 1516003

**Socio local:** Asociación Fomento de la vida (FOVIDA)

**Zona de actuación:** Departamento de Retalhuleu

**País:** O Perú

**Rexión:** América do Sur

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

**04.** Fortalecer os mecanismos de participación cidadá e acceso a servizos públicos de saúde de calidade, especialmente da sexual e reprodutiva nos Municipios de Jiquilisco e Usulután, O Salvador

**Axente:** Asamblea de Cooperación pola Paz (ACPP) agrupada con AGARESO

**Código/s CRS:** 13040

**Socio local:** Asociación de Promotores Comunes Salvadoreños (APROCSAL)

---

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

**Zona de actuación:** Municipios de Jiquilisco e Usulután

**País:** O Salvador

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 225.000€ (2020: 90.000€; 2021: 135.000€).

---

**05.** Mulleres mozas e adultas de San Juan Sacatepéquez con capacidades fortalecidas, enfrontan as violencias machistas e acceden a oportunidades laborais dignas. Guatemala

---

**Axente:** Fundación InteRed Galicia

**Código/s CRS:** 15160, 1516003

**Socio local:** Asociación de Estudios y Proyectos de Esfuerzo Popular – EPRODEP- **Zona de actuación:** Municipios de Jiquilisco e Usulután

**País:** Guatemala

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

---

**06.** Promover a soberanía alimentaria e actividades económicas sustentables, xestionadas por mulleres, mellorando as cadeas de valor locais para a produción agrícola e marisqueira nas illas de Bolama e Soga (Guinea Bissau)

---

**Axente:** Aida, Ayuda Intercambio y Desarrollo

**Código/s CRS:** 11130, 15220, 15170, 15160

**Socio local:** PROBOLAMA

**Zona de actuación:** Illas de Bolama e Soga

**País:** Guinea Bissau

**Rexión:** África

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

---

**07.** Fortalecemento das capacidades das mulleres, nenas e adolescentes para o pleno exercicio dos seus dereitos a unha vida libre de violencias e a medios de vida dignos no eixo La Paz- El Alto- Santa Cruz. Bolivia

---

**Axente:** Solidariedade Internacional de Galicia

**Socio local:** Mujeres Asociadas Sociedad Civil "Mujeres Creando"

**Código/s CRS:** 15170

**Zona de actuación:** La Paz, El Alto e Santa Cruz

**País:** Bolivia

**Rexión:** América do Sur

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.728,45€ (2020: 69.891,38€; 2021: 104.837,07€).



## 4. Actuacións de cooperación no exterior

**08.** Mellora da saúde e nutrición das mulleres en idade fértil e as nenas e nenos menores de 5 anos con enfoque de dereitos, xénero, pertinencia cultural e sustentabilidade ambiental no municipio de Laguna de Perlas

**Axente:** Farmacéuticos Mundi

**Código/s CRS:** 1516011, 12240, 516003, 14030

**Socio local:** Acción Médica Cristiana (AMC)

**Zona de actuación:** Municipio de Laguna de Perlas

**País:** Nicaragua

**Rexión:** América Central e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

**09.** Adolescentes e mozos quichés de Guatemala exercen o seu dereito a unha educación de calidade que favorece a súa aprendizaxe integral e o desenvolvemento da súa cidadanía desde a equidade de xénero

**Axente:** Fundación Entreculturas

**Código/s CRS:** 111

**Socio local:** Fundación Educativa Fe y Alegría

**Zona de actuación:** Municipios de Zacualpa e Nahualá

**País:** Guatemala

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.683,45€ (2020: 69,873,38€; 2021: 104.810,07€).

**10.** Mellora das condicións para o acceso á educación e á saúde, de mozos migrantes rurais en 18 barrios do Distrito IV do Municipio de Sucre

**Axente:** Fundación Fabre

**Código/s CRS:** 13040, 11320, 11330

**Socio local:** Fundación Intercultural Nor Sud

**Zona de actuación:** Municipio de Sucre

**País:** Bolivia

**Rexión:** América do Sur

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

**11.** Incrementada a participación social de mulleres e adolescentes na vida política e pública a través da xeración de dereitos, responsabilidades e obrigas cun enfoque integral de xénero no barrio Santa Lucía e comunidades próximas asociada á IDI. Fase III

**Axente:** Fundación Balms para la Infancia

**Código/s CRS:** 15150, 41081, 16030

**Socio local:** Centro Integral para el Desarrollo Local (CIDEL)

**Zona de actuación:** Santiago, barrio de Santa Lucía

**País:** República Dominicana

**Rexión:** América Central e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.997,91€ (2020: 69.999,16€; 2021: 104.998,75€).

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

**12.** Mellora dos mecanismos locais e nacionais dirixidos á atención integral e promoción dos DDHH e dereitos das mulleres, nos municipios de San Cristóbal e Haina, provincia de San Cristóbal

**Axente:** Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) agrupada con Agareso

**Código/s CRS:** 13020, 13030, 15150, 15160, 15170

**Socio local:** Instituto de Acción Comunitaria, Inc. IDAC

**Zona de actuación:** Municipios de San Cristóbal e Haina

**País:** República Dominicana

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 225.000€ (2020: 90.000€; 2021: 135.000€).

**13.** Producción sustentable de alimentos nutritivos, en 6 comunidades rurais dos municipios de Tacaná e Tajumulco, San Marcos

**Axente:** Fundación Fabre

**Socio local:** Fundación para el desarrollo de programas socioeconómicos FUNDAP

**Código/s CRS:** 311610, 122400

**Zona de actuación:** Municipios de Tacaná e Tajumulco

**País:** Guatemala

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

**14.** Xeración de oportunidades de acceso ao mercado a produtoras de mel e lácteos en tres municipios do corredor seco de Madriz. Nicaragua

**Axente:** Fundación Ayuda en Acción

**Código/s CRS:** 43040

**Socio local:** Movimiento Comunal Nicaragüense (MCN)

**Zona de actuación:** Corredor seco de Madriz

**País:** Nicaragua

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

**15.** Proxecto de fortalecemento das capacidades de incidencia política e xeración de alternativas produtivas sustentables en mulleres Mayas Mam vinculadas ao sector agropecuario de pequena escala no municipio de Santa Bárbara Huehuetenango. Guatemala

**Axente:** Fundación Educación y Cooperación EDUCO

**Socio local:** Organización no Gubernamental para el Desarrollo Humano Integral Sostenible "TIERRA NUEVA" ONG

**Código/s CRS:** 15160, 15150, 31163

**Zona de actuación:** Municipio de Santa Bárbara, departamento de Huehuetenango

**País:** Guatemala

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

**16.** Mellora da equidade de xénero coa promoción dos dereitos económicos, sociais, culturais e ambientais, a soberanía alimentaria e os microemprendementos de mulleres rurais en el Corpus, Departamento de Choluteca.

**Axente:** Amigos da Terra

**Socio local:** Asociación de Desarrollo Pespireense (ADEPES)

**Código/s CRS:** 43040, 99810

**Zona de actuación:** Municipio El Corpus, Departamento de Choluteca

**País:** Honduras

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

**17.** A saúde das mulleres. Acceso a servizos de saúde sexual e reprodutiva eficientes e de calidade promovendo a equidade de xénero, o empoderamento e o exercicio de dereitos sociais das mulleres para a implementación de políticas públicas en tres municipios de Santa Cruz

**Axente:** Médicos do Mundo

**Código/s CRS:** 122, 12261, 12281, 130, 13030, 15112, 15150, 15170

**Socio local:** Gerencia de Red de Salud Velasco

**Zona de actuación:** Departamento de Santa Cruz

**País:** Bolivia

**Rexión:** América do Sur

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

**18.** Promoción da economía rural e alternativas de vida dignas e amigables co Medio Ambiente, desde un enfoque de xénero en desenvolvemento en 2 comunidades do Municipio de Sibinal- Quetzaltenango

**Axente:** Fundación Taller de Solidaridad

**Código/s CRS:** 43040

**Socio local:** Centro Experimental para el Desarrollo de la Pequeña y Mediana Empresa Rural. Sociedad Civil. CEDEPEM S.C

**Zona de actuación:** Municipio de Sibinal Quetzaltenango

**País:** Guatemala

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 145.627 € (2020: 58.250,80€; 2021: 87.376,20€).

**19.** Mellora do acceso equitativo de mulleres e xente nova a recursos económicos do Sur de Honduras. Fase 2, Proxecto de mellora de capacidades de organizacións e municipios

**Axente:** Enxeñería sen Fronteiras agrupada coa Universidade da Coruña

**Socio local:** Mancomunidad dos municipios do sur NASMAR

**Código/s CRS:** 99810, 99820

**Zona de actuación:** Golfo de Fonseca (departamentos Choluteca e Valle)

**País:** Honduras

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 225.000€ (2020: 90.000€; 2021: 135.000€).



## 4. Actuacións de cooperación no exterior

**20.** Contribuíndo ás capacidades locais para unha saúde integral a través dun enfoque baseado en contornos saudables nas 17 comunidades atendidas polo CIS de San Francisco, San Marcos de Colón

**Axente:** Solidariedade Internacional de Galicia agrupada con Sólida e con Solidariedade Galega

**Código/s CRS:** 12281, 12261, 12230

**Socio local:** Sur en Acción

**Zona de actuación:** San Marcos de Colón

**País:** Honduras

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Axuda Xunta de Galicia:** 173.899,78 € (2020: 69.559,91€; 2021: 104.339,87€).

**21.** Mellorado o acceso directo á SSR para 56.500 mulleres e adolescentes das áreas rurais da Rexión de Kalyandurg, a través da mellora da calidade e as capacidades dos servizos sanitarios de uso público, de mellores prácticas de saúde de autocoidado e da sensibilización das propias mulleres de da sociedade civil. Fase I

**Axente:** Fundación Vicente Ferrer

**Código/s CRS:** 13020, 13030, 13040, 13081

**Socio local:** Rural Development Trust (RDT)

**Zona de actuación:** Estado de Andhra Pradesh, Distrito de Anantapur.

**País:** India

**Rexión:** Asia

**Axuda Xunta de Galicia:** 175.000€ (2020: 70.000€; 2021: 105.000€).

**22.** Mellora das capacidades dos servizos de saúde sexual e reprodutiva na Gobernación de Jericó para detectar e abordar os casos de violencia baseada en xénero, incluíndo a perspectiva psicosocial

**Axente:** Médicos do Mundo

**Código/s CRS:** 12191, 13030, 13081, 15150

**Socio local:** Ministerio de Saúde

**Zona de actuación:** Gobernación de Jericó

**País:** Territorios Palestinos

**Rexión:** Oriente Próximo

**Axuda Xunta de Galicia:** 174.999,50 € (2020: 69.999,80€; 2021: 104.999,70€).

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

## Proxectos no exterior doutros axentes

**01.** Programa de empoderamento de agricultores familiares campesiños para o desenvolvemento económico local, con especial énfase nas mulleres e a xestión sustentable na Reserva Ecolóxica Mache Chindul. Esmeraldas, Ecuador. PROAFC

**Axente:** Fundación Galicia Innova

**Código/s CRS:** 31120

**Socio local:** Fundación Maquita Cushunchic Comercializando como Hermanos "MCCH"

**Zona de actuación:** Reserva Ecolóxica de Mache-Chindul (provincia de Esmeraldas)

**País:** Ecuador

**Rexión:** América do Sur

**Axuda Xunta de Galicia:** 170.000€ (2020: 68.000€; 2021: 102.000€).

**02.** Fortalecemento das capacidades técnicas da Dirección Nacional de Gestão de Recursos Hídricos e das administracións rexionais de auga no ámbito dos SIX, da hidroxeoloxía e hidroloxía. Fase VII. Mozambique

**Axente:** Innovación, Cooperación, Cartografía e Territorio S.L. (ICARTO).

**Código/s CRS:** 14010

**Socio local:** Administração Regional de Águas do Sul (ARA-Sul).

**Zona de actuación:** ARA-Norte e ARA-Sul

**País:** Mozambique

**Rexión:** África

**Axuda Xunta de Galicia:** 165.463,00€ (2020: 66.185,20€; 2021: 99.277,80€).



## 4.3 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior

### 4.3.1 Convenios de colaboración do ano 2021

Ao longo de 2021 asináronse un total de 2 convenios no ámbito da cooperación para o desenvolvemento no exterior.

**01. Convenio de Colaboración con Augas de Galicia e coa Fundación Universidade da Coruña para a execución do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA – MOZ 2.ª Fase)"**

Título: Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA – MOZ 2.ª Fase)

**Axente:** Augas de Galicia agrupada coa Fundación Universidade da Coruña

**Código/s CRS:** 14010 Política de recursos hídricos e xestión administrativa

**Contraparte:** Administración Rexional de Aguas do Sur (ARA Sul) e Universidade Eduardo Mondlane (UEM)

**País:** Mozambique

**Rexión:** África

**Descrición:** Este proxecto Aqua-Moz, 2.ª Fase é a continuación das actuacións anteriores desenvolvidas por AdG, a UdC e a FUAC no marco da xestión da seca en Mozambique. O proxecto pretende contribuir, no marco da loita e prevención contra os efectos do cambio climático, á mitigación dos impactos dos eventos de seca en Mozambique, reforzando a Administración Rexional de Aguas do Sur e a Universidade Eduardo Mondlane.

A xestión dos recursos hídricos e o fortalecemento das administracións responsables é unha prioridade en Mozambique. O desenvolvemento de actividades que vinculen melloras técnicas e procesos de xestión nun mesmo plan de acción identificouse como un enfoque exitoso na cooperación galega coa administración da auga de Mozambique.

No marco da loita contra o cambio climático, este proxecto desenvolverá metodoloxías, a nivel técnico e de procedemento, para mellorar a xestión dos recursos hídricos en Mozambique. Para iso, AdG e FUAC-UdC traballarán apoiando a ARA Sur e a Universidade Eduardo Mondlane en dúas liñas complementarias:

- Seguimento da seca e do estado dos encoros
- Procedementos de xestión da seca.

As actuacións identificadas céntranse no reforzo de capacidades -na administración e na universidade- ao tempo que se implantan ferramentas técnicas e de xestión. O enfoque do proxecto fai fincapé na replicabilidade das accións en todo o país co obxectivo de que os beneficiarios locais sexan progresivamente os protagonistas da transferencia de coñecemento a outras administracións mozambiqueñas. Para iso, o proxecto baséase no enfoque de aprendizaxe facendo fronte ás accións nas que se realiza unha actividade ou se entrega un produto sen a adecuada apropiación e capacidade de desenvolvemento por parte dos beneficiarios. En consonancia con isto, os traballos, metodoloxías e procesos para poñer en marcha, na liña de calquera actuación orientada á loita contra o cambio climático, requiren un prazo de tempo que supera a duración deste proxecto (1 ano). Tendo en conta isto, trabállase cun enfoque temporal que se pode ampliar no futuro e que incorpora os resultados de anos anteriores, cunha visión na que AdG e a FUAC-UdC poidan ser actores fundamentais para impulsar a transferencia de coñecemento dende administracións de auga e universidades mozambiqueñas.

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique en relación cos impactos derivados de eventos de seca.

**Específico:** Fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para mellorar a xestión dos recursos hídricos con enfoque de bacía en Mozambique, con énfase nos eventos de seca.

##### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Na ARA Sul beneficiaríanse aproximadamente 431 persoas (110 mulleres e 321 homes), incluídas as unidades de bacía, e 9 persoas (6 homes e 3 mulleres) no Departamento de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da UEM, polo que a poboación beneficiaria directa é de 440 persoas.

**Indirecta:** a poboación beneficiaria indirecta estímase de acordo coa poboación afectada pola bacía principal: 1.950.000 habitantes na bacía do río Limpopo, formados por un total de 800.000 homes e 1.150.000 mulleres.

**Axuda Xunta de Galicia:** 125.000,00 € (2021: 99.781,25€; 2022: 25.218,75€).



#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### **02. Convenio de Colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto “Construción de vivendas resilientes fronte ao cambio climático en Mozambique”**

Título: Construción de vivendas resilientes fronte ao cambio climático en Mozambique

**Axente:** Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

**Código/s CRS:** 73010 Axuda á reconstrución e rehabilitación

**Zona de Actuación:** Municipio de Boane

**País:** Mozambique

**Rexión:** Africa

**Descrición:** O presente proxecto trata de reforzar as capacidades das comunidades que foron afectadas polos ciclóns no municipio de Boane, para apoiar na reconstrución das infraestruturas destruídas. Alén destas accións, e con vista a evitar que máis poboación pase a ocupar as zonas propensas ás inundacións, así como para garantir a construción de casas resilientes, a Asociación Nacional de Municipios de Mozambique en coordinación co Instituto Nacional de Xestión de Calamidades e Desastres de Mozambique, irán realizando capacitacións e campañas de sensibilización dirixidas ao persoal técnico municipal e ás comunidades locais de maior vulnerabilidade.

O obxectivo xeral que persegue o proxecto é: Reforzar a capacidade dos municipios mozambicanos para afrontar as crises provocadas polo cambio climático

##### **Obxectivos:**

**Xeral:** Reforzar a capacidade dos municipios mozambicanos para afrontar as crises provocadas polo cambio climático.

**Específico:** Reforzar a capacidade do Municipio de Boane para afrontar as crises provocadas polo cambio climático

##### **Poboación beneficiaria:**

**Directa:** Poboación en situación de vulnerabilidade por cuestións de empobrecemento e dificultade no acceso aos recursos que se viu afectada polo paso de ciclón Eloise, perdendo a súa vivenda, construída con base en materiais precarios como chapas e canas. En total o proxecto beneficiará de maneira directa a 162 persoas das cales 72 son mulleres, 68 homes, 9 nenos e 13 nenas.

**Indirecta:** As máis de 200.000 persoas que constitúen a poboación do municipio de Boane, concretamente aquelas persoas que se ven especialmente afectadas co paso de fenómenos meteorolóxicos adversos, debido á súa condición de empobrecemento e carencia de servizos sociais básicos. Das 200.000 persoas, 50.000 son mulleres, 46.000 son homes, 51.000 nenos e 53.000 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 20.986,56€ (2021).

---

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

### 4.3.2 Convenios de colaboración do ano 2020 e anteriores

Nos orzamentos do ano 2021 mantivéronse os compromisos adquiridos con anterioridade respecto dos convenios asinados no ano 2020 e tamén en exercicios anteriores. Así, é importante destacar a continuidade da intervención sectorial en apoio á pesca artesanal e acuicultura na Baía de Sechura, no Departamento de Piura (O Perú), "ACUIPESCA Perú", a través do fortalecemento institucional e organizacional, a adopción de tecnoloxías e a sustentabilidade ambiental, en colaboración coas entidades Fundación CETMAR e Fundación Ayuda en Acción.

---

**01. Convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos (ANFACO-CECOPESCA) no marco da Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na baía de Sechura, O Perú**

---

**Axente:** Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos (ANFACO-CECOPESCA)

**Código/s CRS:** 313

**Socio local:** Fundación Ayuda en Acción-O Perú

**Zona de Actuación:** Baía de Sechura, Piura

**País:** O Perú

**Rexión:** América do Sur

**Axuda Xunta de Galicia:** 149.977,42€ (2020: 73.185,00€; 2021: 76.792,42€).

---

**02. Convenio de colaboración coa Fundación CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar) no marco da Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, O Perú**

---

**Axente:** Fundación CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar)

**Código/s CRS:** 313

**Socio Local:** Ministerio da Producción (PRODUCE)

**Zona de Actuación:** Baía de Sechura, Piura

**País:** O Perú

**Rexión:** América do Sur

**Axuda Xunta de Galicia:** 317.097,87€ (2019: 93.749,75€; 2020: 110.436,71€; 2021: 112.911,41€).

---

**03. Convenio de colaboración coa Fundación Ayuda en Acción no marco da Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, O Perú**

---

**Axente:** Fundación Ayuda en Acción

**Código/s CRS:** 31320, 31381

**Socio Local:** Ayuda en Acción - Perú

**Zona de Actuación:** Baía de Sechura, Piura

**País:** O Perú

**Rexión:** América do Sur

**Axuda Xunta de Galicia:** 200.000€ (2019: 50.000€; 2020: 75.000€; 2021: 75.000€).

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

### 4.4 Actuacións doutras consellerías

Ademais das actuacións da DXRREE e coa UE previstas no Plan anual 2021, ao longo deste ano outros departamentos da Xunta de Galicia realizaron actuacións de cooperación para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos, non previstas no citado plan. Pódense destacar as seguintes:

- Augas de Galicia, que achegou 56.578,25€ (anualidade 2021) ao convenio asinado coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fundación Universidade da Coruña para o proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ 2ª Fase)".
- A Secretaría Xeral da Igualdade, que achegou 252.000€ procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para ser destinados ao financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do devandito Pacto, que afectan ao ámbito da cooperación internacional.
- A Consellería de Política Social, que asinou un convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí (SOGAPS) para financiar o programa "Axuda alimentaria aos Campamentos Saharaís 2021" por un total de 100.000€.
- A Consellería do Mar, que destinou 67.515,03€ aos seguintes proxectos executados polo CETMAR:

1. "Reforzo do Centro Nacional de Información e Investigación Mariña de Namibia (NatMIRC) na súa función de contribuír ao proceso de toma de decisións na xestión de pesqueirías", ao que se destinaron 17.400,02€.
2. "Apoio á Secretaría Técnica da Rede INVIPECA para o seu fortalecemento e apoio á organización do V Simposio

Iberoamericano de ecoloxía reprodutiva, recrutamento e pesqueirías", ao que se destinaron 50.115,01€.

Cabe destacar ademais que o CETMAR recibiu un financiamento da UE por importe de 293.971,95€ para dous proxectos, un de "Xestión de riscos e impactos de substancias en fase de evaporación e gaseosas para a seguridade da poboación (Europa)", e outro para "Xestión baseada en resultados e desenvolvemento de capacidades para o Acordo de Asociación de Pesca Sostible da UE waters-Farfish (Cabo Verde, Mauritania, Senegal e Seychelles).

- A Consellería de Sanidade, que destinou 55.045,00€ para lles dar cobertura sanitaria pública a nenos beneficiarios do programa "cirurxía cardíaca", de Tierra de Hombres, procedentes de Benín, Guinea Ecuatorial, Conakry, Madagascar, Marrocos, Mauritania, Senegal e Togo, e a nenos do programa da Fundación Infancia Solidaria procedentes de Gambia e Uganda.



## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

No ano 2021, como nos anteriores e para dar cumprimento aos obxectivos e indicadores que o IV Plan director da Cooperación Galega establece neste ámbito, desde a DXRREE e coa UE traballouse co fin de realizar unha acción humanitaria integral e de calidade, a través dunha acción estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación e, ao mesmo tempo, dando continuidade ao traballo con organizacións multilaterais e/ou especializadas en acción humanitaria, contribuíndo ao cumprimento da L.A.3.2.

A axuda da Xunta de Galicia no ámbito da acción humanitaria que foi xestionada a través da DXRREE e coa UE no 2022 ascendeu a 1.247.765,90€, o que representa pouco máis do 17% do orzamento operativo do programa orzamentario 331A. Neste importe están incluídos os 252.000€ postos a disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37, que afectan o ámbito da cooperación internacional, e que están destinadas á atención a persoas refuxiadas en materia de violencia machista.

Os instrumentos habitualmente utilizados para o financiamento de actuacións humanitarias e de emerxencia son:

- Convocatoria para proxectos de acción humanitaria.
- Convenios de colaboración con entidades especializadas en acción humanitaria.

### 5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria

O obxecto destas bases é a regulación da concesión de subvencións ás organizacións non gobernamentais para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo por proxectos de acción humanitaria, conforme a iniciativa da

boa doazón humanitaria (GHD, nas súas siglas en inglés), aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana durante e despois das crises —provocadas por seres humanos ou por desastres naturais—, así como os destinados á prevención e reforzo da capacidade de resposta e a resiliencia para cando se produzan estas situacións. A acción humanitaria debe guiarse polos principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade e independencia.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 9 de xuño de 2021. Trátase dunha convocatoria anual cunha dotación total de 400.000€. Presentáronse 10 proxectos dos que foron subvencionados 6, co detalle seguinte:

---

**01. Reforzo da prestación de servizos de atención médica no Estado de Jonglei, Sudán do Sur, mediante a mellora das infraestruturas básicas de saúde e do acceso á asistencia sanitaria nos distritos de Bor South, Duk e Twic East**

---

**Axente:** Médicos do Mundo

**Socio local:** Ministerio de Saúde do Estado de Jonglei (Jonglei State Ministry of Health, SMOH)

**Código/s CRS:**

73010 Axuda á reconstrución e rehabilitación

12220 Atención sanitaria básica

**Zona de actuación:** Estado de Jonglei, Distritos de Bor South, Duk e Twic East

**País:** Sudán do Sur

**Rexión:** África Oriental

**Descrición:** Este proxecto é continuidade dos proxectos que Médicos do Mundo leva desenvolvendo desde o ano 2017 no Estado de Jonglei en Sudán do Sur. Ten como obxectivo principal fortalecer o sistema sanitario, mellorar a infraestrutura e asegurar o dereito

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

á saúde mantendo a atención sanitaria e a medicación esencial gratuítas. Desta maneira, espérase, por unha banda, aumentar a frecuencia de uso, reducir o risco de infeccións e mellorar os resultados de saúde en todos os establecementos apoiados, e, doutra banda, contribuír a reducir a morbilidade e mortalidade materno infantil ao garantir, mediante os paneis solares, a alimentación necesaria 24 horas/7 días para atención obstétrica e neonatal básica de emerxencia.

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír á mellora do estado de saúde da poboación dos distritos de Bor South, Duk e Twic East no estado de Jonglei, Sudán do Sur.

**Específico:** Mellora da calidade da atención sanitaria en establecementos de saúde dos distritos de Bor South, Duk e Twic East no estado de Jonglei, Sudán do Sur.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Un total de 29.882 persoas, das cales 8.382 son mulleres, 8.053 homes, 6.589 nenos e 6.858 nenas.

**Indirecta:** 140.748 persoas, das cales 39.480 son mulleres, 37.931 homes, 31.035 nenos e 32.302 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 70.000€ (2021).

---

**02. Mellorar o dereito a unha alimentación adecuada, un medio de vida digno e a resiliencia das mulleres refuxiadas, desprazadas, retornadas ou protexidas no departamento de Ouallam (rexión de Tillabéri, Níxer)**

---

**Axente:** Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

**Socio local:** Association pour le Secours aux Populations Vulnérables (DIKO)

### Código/s CRS:

72010 Servizos de axuda e material de emerxencia.

72040 Axuda alimentaria de emerxencia.

**Zona de actuación:** Departamento de Ouallam. Rexións nixerianas de Tillabéri e Tahoua

**País:** Níxer

**Rexión:** África Occidental

**Descrición:** O proxecto forma parte dunha intervención máis ampla de ACPP e a socia local DIKO na zona, financiada pola Axencia Vasca de Cooperación ao Desenvolvemento e outras institucións como a Deputación de Bizkaia e a Deputación Provincial de Zaragoza. A intervención marco ten como obxectivo reforzar e promover o respecto aos dereitos fundamentais das persoas desprazadas, retornadas e comunidades de acollida para mellorar as súas capacidades de resiliencia e evitar a súa exposición a riscos de protección. O obxectivo é mellorar as necesidades alimentarias básicas de 140 mulleres e as súas familias desprazadas e crear espazos para acceder a oportunidades axeitadas de xeración de ingresos para 50 mulleres vulnerables ou en risco de vulnerabilidade e as súas familias.

### Obxectivos:

**Xeral:** Promover o dereito a vivir con dignidade da poboación refuxiada, desprazada, retornada e acollida na rexión de Tillabéri, Níxer.

**Específico:** Mellorar o dereito a unha alimentación adecuada, un medio de vida digno e a resiliencia das mulleres refuxiadas, desprazadas, retornadas ou protexidas no departamento de Ouallam (rexión de Tillabéri, Níxer).

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 347 mulleres, 145 homes, 218 nenos e 198 nenas.

**Indirecta:** : 2.122 mulleres, 1.592 homes, 3.182 nenos e 3.714 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 70.000€ (2021).

---

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

---

**03.** Construír resiliencia entre a poboación refuxiada congoleña de Kyaka II (Uganda) baixo un enfoque integral da saúde que ten en conta as cuestións de xénero e promove a protección

---

**Axente:** Farmacéuticos Mundi

**Socio local:** Emesco Development Foundation

**Código/s CRS:**

12220 Atención sanitaria básica

13020 Coidados de saúde reprodutiva

70000 Axuda humanitaria

**Zona de actuación:** Campo de refuxiados Kyaka II

**País:** Uganda

**Rexión:** África Oriental

**Descrición:** este proxecto busca reforzar o acceso ao dereito á saúde baixo un enfoque de prevención e protección, considerando as necesidades específicas de xénero e idade da poboación congoleña no campo de poboación de refuxiados Kyaka II, situado no distrito de Kyegegwa, Uganda. Para iso, reforzase a capacidade operativa e a cobertura sanitaria dos servizos de atención primaria, tendo en conta o impacto causado pola pandemia Covid-19 e prestando especial atención aos problemas de protección de xénero.

**Obxectivos:**

**Xeral:** contribuír a garantir a protección e exercicio do dereito á saúde da poboación afectada pola crise humanitaria na República Democrática do Congo, refuxiados en Uganda nun contexto de emerxencia de saúde pública mundial debido á Covid-19.

**Específico:** reforzar o acceso ao dereito á saúde baixo un enfoque de prevención e protección, considerando as necesidades específicas de xénero e idade da poboación refuxiada congoleña no campo de refuxiados Kyaka II, Uganda.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** 12.120 (5.885 mulleres, 2.960 homes, 1.637 nenos e 1.638 nenas).

**Indirecta:** 44.817 persoas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 70.000€ (2021).

---

**04.** Implementación dunha resposta integral á Covid-19 para fortalecer o sistema de saúde e previr a propagación do virus entre a poboación refuxiada e a comunidade de acollida no distrito de Adjumani, Uganda

---

**Axente:** Fundación Entreculturas Fe y Alegría

**Socio local:** Jesuit Refugee Service Uganda (JRS)

**Código/s CRS:**

12250 Control enfermidades infecciosas

12261 Educación sanitaria

**Zona de actuación:** Distrito de Adjumani

**País:** Uganda

**Rexión:** África Oriental

**Descrición:** Este proxecto localízase no distrito de Adjumani, un dos 12 distritos da rexión West Nile situado na rexión noroeste de Uganda con maior número de refuxiados e unha das zonas máis empobrecidas do país. Así como outros distritos do país, o distrito de Adjumani viuse moi afectado pola pandemia, e na actualidade séguense rexistrando casos de infectados e os hospitais están ao bordo do colapso. Baixo este contexto, e grazas ao extenso traballo do socio local, o Servizo Xesuíta para Refuxiados, no distrito desde hai xa máis de 20 anos, o presente proxecto propón unha resposta integral para fortalecer o sistema de saúde no distrito de Adjumani e reducir a propagación da Covid-19, en especial atendendo á comunidade refuxiada, que é a poboación máis vulnerable. Para iso prevese mellorar as condicións de vida e benestar social da comunidade

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

refuxiada, promocionar a participación comunitaria e a concienciación sobre a Covid-19 e fortalecer as capacidades dos centros de saúde.

### Obxectivos:

**Xeral:** Fomentar a adopción de medidas preventivas e de resposta a nivel familiar e comunitario para conter a propagación de virus e reducir a mortalidade por Covid-19 en comunidades de refuxiados, solicitantes de asilo e comunidades de acollida.

**Específico:** Reducir a vulnerabilidade á Covid-19 da poboación refuxiada e das comunidades de acollida no distrito de Adjumani.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 10.920 persoas, das que 5.385 son mulleres, 5.335 homes, 100 nenos e 100 nenas.

**Indirecta:** 163.800 persoas, das que 56.184 son mulleres, 58.476 homes, 25.062 nenos e 24.078 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 68.965,90€ (2021).

---

**05. Educación de emerxencia e asistencia sanitaria para a poboación de refuxiados sirios (rexistrada e non rexistrada no ACNUR) afectada por Covid-19 en 4 asentamentos informais: Ale Askar, Al Louis, Al Maïs e Al Sarout**

---

**Axente:** ONG Rescate International.

**Socio local:** NAVTSS (Asociación Nacional de Formación Profesional e Servizos Sociais)

### Código/s CRS:

16050 Axuda multisectorial para servizos sociais básicos.

**Zona de actuación:** Val de Bekaa

**País:** Líbano

**Rexión:** Oriente Medio

**Descrición:** O proxecto enfronta directamente a situación causada pola pandemia Covid-19 mellorando as condicións de vida dos refuxiados sirios no val de Bekaa, no Líbano, especialmente as das nenas, nenos, mulleres e anciáns, que foron afectados por Covid-19, sen descoidar os efectos causados pola súa condición de refuxiados como consecuencia do conflito sirio. Para iso, traballouse para que as nenas e nenos refuxiados sirios tiveran acceso á educación e apoio psicolóxico despois da pandemia e para mellorar o acceso á saúde e á atención psicosocial das persoas vulnerables que viven en catro asentamentos informais.

### Obxectivos:

**Xeral:** Aliviar o sufrimento, manter a dignidade humana e construír a resiliencia da poboación de refuxiados sirios no Val de Bekaa (Líbano) afectada pola Covid-19.

**Específico:** Fortalecemento da resiliencia e dereitos sociais básicos afectados pola Covid-19: educación e saúde de emerxencia para persoas maiores, para refuxiados sirios, en 4 asentamentos informais: Ale Askar, Al Louis, Al Maïs e Al Sarout, no Val de Bekaa, Líbano.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 420 persoas, das que 188 son mulleres, 52 homes, 60 nenos e 120 nenas.

**Indirecta:** 2.520 persoas, das que 1.128 son mulleres, 312 homes, 360 nenos e 720 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 37.800€ (2021).

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

### 06. Atención sanitaria de pacientes en situación de vulnerabilidade en resposta á crise sanitaria (Guinea Bissau)

**Axente:** Asociación AIDA, Ayuda, Intercambio y Desarrollo

**Socio local:** Céu e Terras

**Código/s CRS:**

72010 -Servizos de axuda e material de emerxencia

**Zona de actuación:** Bissau

**País:** Guinea Bissau

**Rexión:** África Occidental

**Descrición:** Este proxecto enmárcase dentro dunha realidade producida despois da pandemia, na que os traballadores sanitarios de Guinea Bissau están nun proceso de folga, que produce unha incapacidade para responder ás necesidades da poboación, debido á falta de recursos, persoal e sistemas eléctricos precarios, entre outros. Garantir a asistencia sanitaria a pacientes en situación de vulnerabilidade no Centro de Saúde Materna, Infantil e tratamento do VIH "Ceú e Terras" en Bissau. A intervención enmárcase na promoción do dereito á saúde en Guinea Bissau, en resposta á crise sanitaria para ofrecer unha resposta á emerxencia, reforzar as capacidades asistenciais médicas dun dos centros de saúde de referencia en Bissau, atender a máis de 18.000 pacientes e actuar de acordo coas políticas de saúde pública do Ministerio de A saúde de Bissau.

#### Obxectivos:

**Xeral:** Promover o dereito á saúde en Guinea Bissau, en resposta á crise sanitaria.

**Específico:** Garantir a atención sanitaria a pacientes en situación de vulnerabilidade no Centro de Saúde Materna, Infantil "Ceú e Terras" e tratamento do VIH en Bissau en resposta á crise sanitaria.

#### Poboación beneficiaria:

**Directa:** un total de 18.591 usuarios do centro de saúde, dos cales 9.494 son mulleres, 2.424 homes, 3.866 nenos e 2.807 nenas.

**Indirecta:** 92.955 persoas, das cales 47.470 son mulleres, 12.120 homes, 19.330 nenos e 14.035 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 70.000€ (2021).



## 5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Ao longo do 2021 asináronse, no ámbito da acción humanitaria e de emerxencia, 11 convenios e tres addendas, dúas no marco do convenio para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia asinado con Farmamundi e UNICEF e outra no marco do convenio asinado coa SOGAPS. O conxunto destes convenios financiaron 24 intervencións e operativos de resposta.

Ao igual que no ano anterior cabe destacar a posta a disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, de 252.000€ da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para ser destinados ao financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do devandito pacto, que afectan o ámbito da cooperación internacional. Estes fondos foron destinados ao financiamento de 3 proxectos de atención a persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero coas entidades España con ACNUR, UNRWA España e Fundación UNICEF Comité Español.

### 01. Convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Este convenio vén asinándose de forma ininterrompida desde o ano 2009 para garantir unha resposta rápida e áxil da Xunta de Galicia, a través da posta en marcha de accións de asistencia e atención inmediata de emerxencias, tras declararse o desastre ou crise humanitaria ou ante a agudización dunha crise crónica (situacións de fame, desprazamentos de poboación por causas bélicas, económico-sociais ou poscatástrofe) tratando de evitar unha gran mortalidade entre os/as damnificados/as. Neste ano 2021, o convenio contou cunha dotación inicial de 50.000€, aos que se lle sumaron 40.000,00€ máis, a través da sinatura dunha addenda, o que permitiu a posta en marcha de operativos en Gaza, Mozambique, A República Democrática do Congo, Haití, Uganda, O lemen e Etiopía.

O obxecto deste convenio é realizar as actuacións que ambas as partes acorden tendentes a atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia (auga, abrigo, medicamentos, atención sanitaria e/ou outro material de primeira necesidade) e paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfases en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

O convenio de colaboración actívase cada vez que acontece unha emerxencia, logo da negociación e solicitude por parte de Farmamundi. Nos anos anteriores á activación destes convenios permitiu dar resposta inmediata e coordinada coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e o sistema das Nacións Unidas a diferentes emerxencias acaecidas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 90.000€ (2021).

A través deste convenio de colaboración realizáronse as seguintes actuacións de emerxencia:

#### 1. Intervención de emerxencia para a atención sociosanitaria das persoas desprazadas pola violencia en Cabo Delgado, Mozambique

**Socio local:** United Purpose

**Zona de actuación:** Lichinga, Niassa

**País:** Mozambique

**Rexión:** África do Sur

**Descrición:** Desde 2017, Cabo Delgado sufriu ataques de grupos armados non estatais, o que provocou o desprazamento gradual da poboación das comunidades afectadas. Os ataques tamén causaron a perda de vidas humanas e danaron gravemente as infraestruturas, o que dificultou o acceso ás persoas con maiores necesidades. No "Informe de Situación:

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

Mozambique” de OCHA alertaba xa, a 31 de decembro do 2020, que preto de 840.000 persoas da provincia de Cabo Delgado, Niassa e Nampula se enfrontaban a unha situación de fame severa.

O 24 de marzo 2021, membros de grupos armados non estatais atacaron a localidade de Palma, o que provocou días de intensos enfrontamentos entre estes grupos e as forzas gobernamentais e aliadas. Segundo un comunicado do goberno mozambicano, emitido o 25 de marzo, os residentes e outras persoas que traballaban para empresas privadas e organismos humanitarios na rexión buscaron refuxio, algúns nos bosques que rodean a cidade. Tras os ataques no centro do distrito de Palma, os equipos da Organización Internacional para as Migracións (OIM), responsables da elaboración da Matriz de Seguimento de Desprazamentos, continúan rexistrando un aumento significativo no número de persoas desprazadas internas. A Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios da ONU (OCHA) estima que máis de 110.000 civís vivían en Palma antes do ataque, dos cales máis de 43.000 eran persoas desprazadas internas, que xa fuxiran da violencia noutras partes de Cabo Delgado e buscaban refuxio en Palma. Este último ataque provocou a fuxida de miles de persoas, algunhas á chamada matogueira ou campo, outras á península de Afungi (sede dos proxectos de explotación de gas) e outras a pé cara a Tanzania.

Se se tendo en conta o contexto de crise humanitaria no que se atopa sumido o país, foi necesario actuar para tratar de frear o potencial impacto que poden ter epidemias como a Covid-19 nunha situación de amoreamento, inseguridade alimentaria e debilidadade dos servizos básicos na poboación desprazada interna, concretamente no asentamento de Malica, Provincia de Niassa, distrito de Lichinga. Este campamento levantouse en agosto do ano 2020 polo INGC (Instituto Nacional para a xestión de Desastres de Mozambique) co obxectivo de acoller a poboación desprazada desde Cabo Delgado que chegaban á zona.

A intervención é o resultado do diagnóstico realizado por United Purpose (organización con presenza na

zona desde 1996 e socia local de Farmamundi) en coordinación coas autoridades locais. Con ela contribuíuse á mellora das condicións de vida da poboación desprazada interna, a través da atención ás súas necesidades nutricionais e de hixiene, coa entrega de kits específicos adaptados, e co desenvolvemento dunha campaña de sensibilización comunitaria para a promoción da saúde, coa que se beneficiaron 288 persoas, fundamentalmente mulleres e menores.

### 2. Intervención de emerxencia para atender ás necesidades nutricionais máis inmediatas da poboación da Franxa de Gaza no marco das hostilidades bélicas e nun contexto de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19

**Socio local:** Labour Resources Center

**Zona de actuación:** Franxa de Gaza

**País:** Territorios palestinos

**Rexión:** Oriente Medio.

**Descrición:** A Franxa de Gaza e Cisjordania é coñecidos como os Territorios Ocupados de Palestina, tal e como o estableceron as Nacións Unidas na súa Resolución 242 do Consello de Seguridade en 1967. A situación de ocupación remóntase á creación do Estado de Israel en 1948. Desde entón a poboación palestina vive refuxiada nos seus propios territorios e a paz nesta rexión de Oriente Próximo é un desafío inalcanzable.

Ademais da situación de ocupación, Gaza leva décadas padecendo un bloqueio internacional e sufrindo ofensivas e ataques militares. A Axencia de Nacións Unidas para a Poboación Refuxiada de Palestina en Oriente Próximo (UNRWA) define no seu informe de situación 2020 á Franxa de Gaza como un lugar “inhabitable”. O territorio, de apenas 360 quilómetros cadrados, alberga a máis de 1,9 millóns de habitantes segundo os últimos datos da ONU, isto converte a Franxa na zona do planeta con maior densidade de poboación.

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

Dúas circunstancias teñen agravada a xa precaria situación que se vive na Franxa: A pandemia pola Covid-19 e a escalada de violencia das últimas semanas. A Covid-19 chegou á Franxa de Gaza o 22 de marzo de 2020 para agravar unha situación de crise humanitaria crónica para unha poboación que vén sufrindo unha situación de desprotección e vulnerabilidade extrema desde hai décadas.

A este alarmante contexto, hai que engadirlle que ata o recente cesamento do fogo viviron unha das maiores escaladas de violencia e enfrontamentos armados desde 2014. O lanzamento de proxectís israelís cara a Gaza provocou que o número de desprazamentos internos aumentase e que 17.000 persoas buscasen refuxio seguro en escolas e hospitais da Franxa segundo os reportes de OCHA. Á data o 15 de maio de 2021 elevábase a 139 as vítimas palestinas perderon a vida en Gaza, segundo o informe de situación de OCHA a esa data, e máis de 1.650 persoas atópanse feridas.

Neste contexto, máis de 1,5 millóns de persoas requiren de protección humanitaria segundo datos de OCHA (Oficina das Nacións Unidas para a Coordinación de Asuntos Humanitarios). Segundo o informe de OCHA, un 80% da poboación da Franxa

necesita de asistencia humanitaria, os niveis de desemprego da poboación gazatí alcanzan un 47%, vívese unha situación xeneralizada de inseguridade alimentaria e dependencia da axuda exterior. Neste sentido, a intervención artículase tomando en conta estas consideracións e busca reducir as condicións de vulnerabilidade das unidades de convivencia.

A intervención de resposta humanitaria foi froito do proceso de diagnóstico realizado por Labour Resources Center (socia local de Farmamundi na zona) e tivo como obxectivo específico atender as necesidades nutricionais máis inmediatas da poboación da Franxa de Gaza en situación de maior vulnerabilidade, no contexto xerado pola escalada bélica do conflito e o bloqueo sistemático que dificulta a entrada de mercadorías a Gaza provocando unha situación de crise humanitaria urxente de abordar.

Localizada na Franxa de Gaza, tivo alcance nas 5 provincias que conforman o territorio, concretamente nos campamentos de Jabalia, Al-Shati, Nuseirat, Khan Yunis e Rafah, a través da distribución de 145 cestas nutricionais entre a poboación identificada en situación de maior vulnerabilidade, beneficiando directamente a 873 persoas en tres meses.



## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

### 3. Intervención de emerxencia para a atención das necesidades de auga, saneamento e hixiene (wash) da poboación forzada ao desprazamento tras a erupción do volcán Nyirangongo en Goma, Kivu Norte, República Democrática do Congo (RDC)

**Socio local:** Programme de Promotion de Soins de Santé Primaire (PPSSP)

**Zona de actuación:** Cidade de Sake

**País:** República Democrática do Congo (RDC)

**Rexión:** África Central

**Descrición:** RDC enfróntase a unha das crises humanitarias máis complexas e desafiantes do mundo. Concretamente, a provincia de Kivu Norte, ao leste do país, onde se localiza a presente intervención de emerxencia, vive asediada pola inseguridade e a violencia perpetrada polos máis de 120 grupos armados activos en liza polo control da súa riqueza natural e mineral. As operacións militares despregadas para restablecer a paz e a seguridade na zona son tamén en numerosas ocasións factores subxacentes ao incremento no número de incidentes de seguridade e ataques contra a poboación civil rexistrados polos observadores internacionais na rexión.

Só no mes de marzo de 2021 na provincia de Kivu Norte se rexistraron 2.245 incidentes de protección (1.002 máis que no mes de febreiro): extorsións da propiedade, asalto e agresión, saqueo, traballo forzado e violacións. A raíz do deterioro na seguridade e o avance dos grupos armados na zona, o Presidente da República declarou, o pasado 6 de maio de 2021, o Estado de Sitio nas provincias de Kivu Norte e Ituri co obxectivo de poñer fin á situación de violencia e inseguridade que vive a poboación, o que supuxo a toma do control político e administrativo por parte dos mandos militares por un período máximo de 2 meses, tal e como establece a constitución.

Pola súa banda, o Consello de Seguridade das NNUU declarou nun recente informe que a violencia sexual ligada ao conflito incrementouse máis dun 34% entre 2018 e 2019 en gran parte asociada á

inseguridade e ao despregamento e rotación de tropas na provincia. Convese que os grupos armados son responsables do 54% das violacións de DDHH documentadas na zona, mentres que o 46% restante, son perpetradas polas Forzas de Seguridade do Estado (FARDC).

RDC alberga unha das maiores poboacións de persoas desprazadas internas (PDI) do mundo e a maior do continente africano. Só en 2020 rexistráronse 2 millóns de desprazamentos converténdose no país que rexistrou o maior número de novos desprazamentos causados por conflitos no mundo.

No ámbito da saúde, a provincia vese ameazada pola incidencia de varias epidemias. O sarampelo, a malaria e o cólera foron tradicionalmente as principais causas de mortalidade na rexión, especialmente entre menores de 5 anos.

Para maior complexidade de contexto, o 22 de maio de 2021, o volcán Nyiragongo, situado a 10 quilómetros da cidade de Goma, entrou en erupción por mor dunha fractura aberta no lado nordés do cráter cara á fronteira con Ruanda. Unha segunda erupción foi reportada na mesma noite, esta vez consecuencia dunha greta na parte do cráter orientada á cidade de Goma, agravando a situación cunha nova crise de desprazados internos.

O goberno do país solicitou apoio á comunidade internacional para darlle resposta aos enormes desafíos que afronta a poboación de Goma afectada pola erupción do volcán, e a Federación Internacional da Cruz Vermella lanzou un chamamento internacional de 10,6 millóns de euros para atender as necesidades de 80.000 persoas afectadas polo desastre en RDC e Ruanda nos sectores de redución de risco de desastres, acubillo, medios de vida e necesidades básicas, saúde e apoio psicosocial en emerxencia, WASH, protección, xénero e inclusión e migracións e desprazamento, por un período de 12 meses.

A resposta de emerxencia deseñada por Farmamundi e o seu local social na rexión Programme de Promotion de Soins de Santé Primaire (PPSSP)



## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

situouse na cidade de Sake, na Zona de Saúde de Kirotshe, a 27 km ao oeste da cidade de Goma, capital da provincia de Kivu Norte, e con ela contribuíuse a garantir o exercicio do dereito á saúde e a protección entre as persoas desprazadas e vulnerables, mediante o reforzo das capacidades comunitarias de prevención de enfermidades transmisibles e a garantía da protección das persoas máis vulnerables (mulleres, nenas/os, SVS, persoas maiores) afectadas pola erupción do volcán Nyirangongo.

O colectivo meta titular de dereitos estivo conformado por un total de 2.400 persoas (1.224 mulleres e nenas; 1.176 home e nenos).

- 1.400 persoas (714 mulleres e nenas, 686 homes e nenos) melloraron as súas condicións de saúde e hixiene favorecendo o seu acceso ao almacenamento de auga e elementos de protección e prevención fronte á Covid-19.
- 2.400 persoas (1.224 mulleres e nenas; 1.176 homes e nenos) accederon a información apropiada en saúde e culturalmente adaptada para a toma de decisións informadas, así como a información relacionada cos seus dereitos e os mecanismos e recursos dispoñibles que aseguren a súa protección.

### 4. Intervención sociosanitaria de emerxencia para a atención da poboación afectada polo terremoto en Haití, nos Departamentos Nippes, Sur e Grand'Anse

**Socio local:** Movimiento Socio Cultural para los Trabajadores Haitianos, Inc., MOSCTHA

**Zona de actuación:** Departamento de Nippes, Sur e Grand'Anse

**País:** Haití

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Descrición:** O 14 de agosto de 2021, un terremoto de magnitude 7.2 sacudiu o departamento de Nippes, Sur e Grand'Anse de Haití. Consonte o Earthquake

Flash Update N° 2 do 16 agosto (OCHA) contabilízanse 1.400 persoas falecidas e 6.900 feridas, e aínda se continuaba en labores de rescate e de identificación de vítimas. As perdas económicas foron do 0-3% do PIB, de acordo co Servizo Xeolóxico de Estados Unidos.

Segundo Protección Civil de Haití, máis de 37.300 casas foron destruídas e 46.000 sufriron danos, deixaron a miles de persoas sen fogar e crearon urxencias de necesidades de refuxio e WASH.

As zonas sur e oeste do país, especialmente os departamentos de Sud, Grand'Anse e Nippes levaron a peor parte do terremoto, mentres que algunhas comunidades máis próximas ao epicentro aínda non foron alcanzadas e están fóra de contacto, e crese que foron completamente devastadas.

A grave situación sanitaria segue sendo a preocupación máis perentoria, xa que varios hospitais foron danados ou destruídos, mentres que os que aínda funcionan están completamente desbordados e carecen de persoal e subministracións médicas suficientes.

O Goberno e altos funcionarios da ONU negociaron o acceso humanitario para que un convoi de axuda pasase pola principal estrada que une a capital, Porto Príncipe, coa península do sur do país e que, ata o de agora, fora bloqueada polas bandas durante meses, con outros convois preparados para entregar diversas subministracións.

Haití atópase entre os países máis desiguais do mundo. É o país máis pobre da rexión de América Latina e do hemisferio occidental. Mais da cuarta parte do total da súa poboación vive en pobreza extrema, e pouco máis das tres cuartas partes da poboación carece de acceso a servizos de auga e saneamento. O índice de desenvolvemento humano de Haití é de 0,510, e ocupa o posto 170 sobre 189 países.

As principais necesidades que precisaron de cobertura foron: a provisión de alimentos non perecedoiros, auga para o consumo, medicamentos

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

esenciais (analxésicos, antipiréticos, bandas para ferida, luvas etc.), kits de hixiene (máscaras, xel antibacterial, xabón, cloro, deterxente, papel hixiénico), cueiros, toallas sanitarias. Adicionalmente, é relevante o apoio con accións de sensibilización, información e educación á poboación sobre as medidas de autocoidado e prevención relacionadas a temas de desastres, Covid-19, hixiene e atención psicolóxica.

A resposta de emerxencia executouse nas comunas Jérémie, Lles Cayes, Veaux (Departamento de Nippes, Sur e Grand'Anse de Haití), rexión exposta a un amplo abano de riscos naturais de orixe hidrometereolóxica e xeodinámica pola súa posición xeográfica e o seu relevo accidentado.

A intervención tivo unha duración de 2 meses. Realizáronse actividades de información, educación e comunicación en prevención de desastres, prevención de Covid-19, educación en hixiene e atención psicolóxica; de igual maneira, realizáronse xornadas de atención médica a través da unidade móbil do Movimiento Socio Cultural para los Trabajadores Haitianos, Inc., MOSCTHA o socio local, co cal se apoiaron os servizos de saúde da zona xeográfica de intervención e se subministraron insumos básicos alimenticios, de hixiene e de saúde.

A través desta intervención beneficiouse a 478 familias, 2.390 persoas (1.275 mulleres e nenas) de maneira directa.

### 5. Intervención sociosanitaria de emerxencia ante o aumento de poboación refuxiada urbana en Kampala, Uganda, nun contexto de emerxencia sanitaria por Covid-19

**Socio local:** ONG Africa Humanitarian Action (AHA)

**Zona de actuación:** Kampala

**País:** Uganda

**Rexión:** África oriental

**Descrición:** Uganda ten unha longa traxectoria como país receptor de poboación refuxiada que o coloca no 3.º posto a nivel mundial, pero nunca antes acollera a tantas persoas como na actualidade cun total de 1.524.352 persoas refuxiadas segundo datos actualizados a novembro de 2021 por ACNUR. Esta poboación procede maioritariamente da República Democrática do Congo e de Somalia, aínda que tamén de Burundi, Ruanda, Sudán do Sur, Eritrea e Etiopía.

O país vén recibindo unha media de 2.000 persoas refuxiadas ao día dende xullo de 2016, tendencia que se incrementou na actualidade, así o 7 de novembro de 2021 foron contabilizadas nun só día 11.000 persoas que fuxían dos combates entre milicias e forzas armadas congolesas.

Como consecuencia deste contexto, agravado pola incidencia da pandemia mundial por Covid-19, Uganda está afrontando numerosos desafíos humanitarios, económicos, políticos, socioculturais estruturais, que contribúen a perpetuar altos niveis de pobreza e desigualdade.

A vulnerabilidade é maior nos asentamentos informais de poboación refuxiada urbana en Kampala, que acollen actualmente a 95.371 persoas refuxiadas, que conducen á cidade a una situación complexa de moita precariedade e colapso dos servizos esenciais. O informe de situación de OCHA, alerta dunha deterioración importante no consumo de alimentos e medicamentos nesta poboación, cun 48% dos fogares en risco, mais do 33% que se deu en 2020.

A resposta de emerxencia executouse en 3 meses, nos asentamentos urbanos de poboación refuxiada en Kampala, coa colaboración da ONG Africa Humanitarian Action (AHA), social local de Farmamundi, e en sintonía coas directrices estratéxicas marcadas polos organismos internacionais e das autoridades do país.

Coa intervención beneficiouse a un total de 945 persoas (567 mulleres e 378 homes) a través do reforzo e aprovisionamento de medicamentos para o tratamento específico da poboación refuxiada, no marco

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

do Programa de saúde urbano de Kampala. Ademais articulouse unha campaña de información, educación e comunicación (IEC) para promocionar e facilitar o acceso á saúde.

### 6. Intervención de emerxencia para garantir o exercicio do dereito á saúde e fortalecer o sistema sanitario da Gobernación de Taiz, en Iemen, gravemente afectado pola guerra civil en Iemen

**Socio local:** Social Development Hodeida Girls Foundation (SDHGF)

**Zona de actuación:** Gobernación de Taiz

**País:** O Iemen

**Rexión:** Oriente próximo

**Descrición:** A crise humanitaria no Iemen segue sendo unha das máis desafiantes na actualidade segundo sentencian os organismos internacionais e contribúe ao mantemento da inestabilidade na rexión de Oriente Medio.

O últimos sete anos de conflito armado, o severo declive económico, a inseguridade alimentaria e o colapso dos servizos esenciais continúan, exacerbando as vulnerabilidades xa existentes. Estímase que o 80% da poboación (24 millóns de persoas) necesita algún tipo de asistencia humanitaria ou de protección, incluídos 14,3 millóns de persoas que o necesitan con urxencia.

Segundo os datos de OCHA (Oficina das Nacións Unidas para a Coordinación de Asuntos Humanitarios) no seu último informe de situación publicado o 14 de novembro do 2021, dous terzos de todos os distritos do país xa están en grave crise de inseguridade alimentaria, e un terzo enfronta unha converxencia de múltiples vulnerabilidades agudas. Pola súa banda UNICEF informou que 10.000 nenos morreron no Iemen desde o 2015, o que equivale a catro nenos por día, mentres que moitas máis mortes e lesións infantís nin sequera chegan a rexistrarse.

A guerra deixou arrasado o sistema de saúde do país, desde o ano 2015 os ataques a instalacións de saúde foron recorrentes e, en consecuencia, moitos profesionais sanitarios fuxiron do país, o que prexudicou aínda máis a asistencia na atención da saúde. Pola súa banda, a pandemia da Covid-19 chegou a Iemen o 10 de abril de 2020 cando se confirmou o primeiro caso na provincia de Hadramaut. As organizacións sobre o terreo cualificaron a noticia como un “golpe devastador” dada a situación humanitaria que viña atravesando o país. As altas taxas de inseguridade alimentaria, brotes recorrentes de cólera, bloqueo das fronteiras por Arabia Saudita e os seus aliados e un sistema sanitario practicamente destruído pola guerra imposibilitaron a contención fronte ao virus. Os datos son practicamente imposibles de analizar dada a dificultade para realizar diagnósticos nun contexto como o Iemení.

A intervención de resposta humanitaria foi froito do proceso de diagnóstico realizado por Social Development Hodeida Girls Foundation (SDHGF) en calidade de socio local de Farmamundi na zona, e desenvolveuse en 4 meses, nos distritos de Salah, Almodafar e Alkahera pertencentes á Gobernación de Taiz.

Coa intervención beneficiouse a un total de 2.660 persoas (1.356 mulleres e nenas) a través do reforzo da operatividade das unidades de saúde dos distritos mencionados e o reforzo das súas existencia de medicamentos esenciais e específicos, co obxectivo de incrementar a cobertura e garantir a atención sanitaria básica da poboación, ademais da realización de formacións específicas especializadas para 30 recursos sanitarios das unidades de saúde da Gobernación de Taiz, sobre a xestión de riscos sanitarios e emerxencias para mellorar a asistencia nun contexto desafiante debido aos enfrontamentos bélicos constantes e a falta de persoal cualificado.

### 7. Intervención de emerxencia para atender as necesidades nutricionais máis inmediatas da poboación máis vulnerable da Franxa de Gaza

**Socio local:** Labour Resources Center

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

**Zona de actuación:** Franxa de Gaza

**País:** Territorios palestinos

**Rexión:** Oriente Próximo

**Descrición:** Gaza leva décadas padecendo un bloqueio internacional con fortes restricións impostas por Israel, e constantes ofensivas e ataques militares que, segundo o informe de situación anual 2021 da Axencia de Nacións Unidas para a poboación refuxiada de Palestina en Oriente Próximo (UNRWA) define a franxa de Gaza como un lugar “inhabitable”, marcado ademais polo contexto actual da pandemia pola Covid-19 e as restricións impostas para freala.

Neste contexto, máis de 1,5 millóns de persoas requiren de protección humanitaria segundo datos de OCHA (Oficina das Nacións Unidas para a Coordinación de Asuntos Humanitarios). Segundo o informe de OCHA, un 80% da poboación da Franxa necesita de asistencia humanitaria, os niveis de desemprego da poboación gazatí alcanzan un 47%, vívese unha situación xeneralizada de inseguridade alimentaria e dependencia da axuda exterior. Neste sentido, a intervención artículase tomando en conta estas consideracións e busca reducir as condicións de vulnerabilidade das unidades de convivencia.

A resposta humanitaria dada é froito do proceso de diagnóstico realizado por Labour Resources Center e Farmamundi, que ten como obxectivo específico atender as necesidades máis inmediatas da poboación da Franxa de Gaza en situación de maior vulnerabilidade no marco dunha crise humanitaria crónica e nun contexto de emerxencia sanitaria pola Covid-19.

A intervención localizouse na Franxa de Gaza, con alcance a tres das cinco provincias que conforman o territorio, concretamente aos campamentos de Jabalia, Al-Shati e Khan Yunis.

A intervención forneceu, durante 3 meses, kits nutricionais, kits de leite infantil e kits de protección fronte á Covid-19 ás unidades de convivencia máis vulnerables dos campamentos de Jabalia, Al-Shati

e Khan Yunis, estas unidades de convivencia están conformadas por unha media de sete membros, por tanto a poboación suxeito da intervención foi de 882 persoas das cales 353 serán mulleres e nenas.

A composición dos kits tomou en consideración elementos culturais e capacidade de conservación dos fogares onde a falta de subministración eléctrica impide a conservación de alimentos frescos e perecedoiros. As distribucións foron realizadas polo equipo de Labour Resources Center velando polo respecto das medidas de seguridade, transparencia e promoción do mercado local, así como respectando as recomendacións da OMS para a prevención da Covid-19 para protexer o equipo de traballo e a poboación.

## 8. Intervención de emerxencia para a mellora da saúde materna en Dessi, Rexión de Amhara, das mulleres afectadas pola guerra de Tigray, Etiopía

**Socio local:** Association for women’s sanctuary and Development (AWSAD)

**Zona de actuación:** Dessi, Rexión de Amhara

**País:** Etiopía

**Rexión:** África oriental

**Descrición:** Etiopía é o segundo país máis poboado de África, con máis de 100 millóns de habitantes. A complexa organización administrativa da súa república federal, composta por estados de base étnica, con inmensos grupos minoritarios dentro de cada estado, xunto co etnonacionalismo etíope e a inestabilidade desa rexión de África, acabaron por facer que Etiopía experimente varias crises de refuxiados e migrantes simultaneamente en diferentes puntos do mapa do país, cada unha delas coas súas propias causas, dinámicas e consecuencias.

Unha das crises mais severas é a ocasionada polo conflito en Tigray, que ten as súas raíces en tensións que se remontan varias xeracións no pasado, que teñen aumentado dende que no 2018 producírase un cambio de poderes que levou a Abiy Ahmed

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

a converterse en primeiro ministro mentres que o Frente de Liberación do Pobo de Tigrái (TPLF), que gobernara Etiopía durante as últimas décadas, retirouse para seguir controlando o seu propio goberno rexional.

Actualmente o país atópase nun contexto de prolongada guerra civil que, consonte moitas testemuñas de observadores e organizacións internacionais de dereitos humanos, leva o selo do xenocidio e ten potencial de desestabilizar a rexión máis ampla do corno de África. Ata o momento miles de persoas morreron nos combates e existen informes de campos de refuxiados arrasados, saqueos, violencia sexual, masacres e execucións extraxudiciais. Os combates estendéronse xa ás rexións veciñas de Amhara e Afar.

Ao estalido do conflito uniuse a peor invasión de lagostas no deserto de Etiopía en décadas, o que empeorou as colleitas e está a provocar unha grave crise alimentaria, nun contexto de limitado acceso humanitario e o bloqueo ás organizacións humanitarias e periodistas.

Co conflito activo, seguen aumentando as necesidades humanitarias debido aos desprazamentos de poboación, á perda dos medios de vida e á falta de acceso a mercados, alimentos e servizos básicos.

Segundo o informe da Comisión de Xestión de Riscos e Catástrofes da rexión de Amhara, máis de 2,2 millóns de persoas están actualmente desprazadas, das cales máis de 285.000 son nenos menores de cinco anos e 75.286 estímase que son mulleres embarazadas e lactantes. Coa recente afluencia de desprazados internos, os refuxios de Dessie e Kombolcha están superpoboados.

Tamén, segundo o Centro Rexional de Operacións de Emerxencia de Saúde Pública (PHEOC), a prestación de servizos sanitarios en toda a rexión viuse moi afectada polo conflito en curso, con máis de 200 centros de saúde, 600 postos de saúde e 20 hospitais danados e máis de 7.000 traballadores sanitarios desprazados, o que deixou a máis de 1,3 millóns de mulleres e nenos con necesidades

urxentes de servizos sanitarios básicos e a máis de 45.000 nenos de 0 a 59 meses sen servizos de inmunización rutineiros.

A intervención localizouse en Dessi, por ser o fogar, zona de paso e centro do tráfico de persoas, polo que pasan multitude de mulleres en busca de oportunidades, e porase en marcha da man da Association for women's sanctuary and Development (AWSAD), social local de Farmamundi na zona.

A intervención fortaleceu o centro de saúde da cidade e dotou a súa sala de maternidade cos materiais e insumos necesarios para atender as mulleres embarazadas, cubrindo as necesidades de 300 mulleres ao mes durante tres meses e beneficiou en total a 900 persoas.

---

**02. Convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí (SOGAPS) para a realización do proxecto "Urxencia alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharaís a causa da Covid-19 2021"**

---

**Axente:** Solidariedade Galega co Pobo Saharaí (SOGAPS)

**Socio local:** Ministerio de Cooperación Saharaí en colaboración coa Media Lúa Vermella Saharaí

**Código/s CRS:**

12230 Infraestrutura sanitaria básica hospitais rexionais, clínicas e dispensarios e equipamento médico correspondente.

72040 Axuda alimentaria de emerxencia

**Zona de actuación:** Campo de refuxiados de Tindouf

**País:** Alxeria

**Rexión:** Norte de África

**Descrición:** O proxecto, financiado a través da sinatura do convenio e a súa addenda, localízase

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

nos Campamentos de Refuxiados saharauís do suroeste de Alxeria, a 26 quilómetros da cidade de Tindouf, nunha zona árida e desértica denominada a Hammada alxerina. A situación para os refuxiados máis vulnerables, que representan o 88% dos 173.600 refuxiados, viuse agravada xa que as subministracións de alimentos de urxencia se están esgotando debido á falta de fondos debido á continuidade da pandemia da Covid-19. O valor das necesidades urxentes nos sectores básicos (auga e hixiene, saúde, nutrición, educación e protección) para os refuxiados saharauís en Alxeria estímase, aproximadamente, en 14 millóns de euros, polo que as organizacións internacionais como ACNUR, o PMA, UNICEF e cinco ONG internacionais (Oxfam, CISP, Médicos do Mundo, MPDL e SIA), emiten un chamado conxunto para lles solicitar aos doadores que realicen contribucións e doazóns para apoiar os procedementos de prevención da Covid-19 e evitar unha maior deterioración na situación humanitaria, especialmente porque a taxa de anemia entre mulleres, embarazadas e nais lactantes aumentou ata superar o 73%, e con respecto á porcentaxe de malnutrición entre os nenos menores de cinco anos, este aproxímase ao 25%; así como tamén se rexistra unha alta porcentaxe de persoas con diabetes e presión sanguínea arterial. Por todo isto, con este proxecto preténdese contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada saharauí, especialmente mellorar a súa nutrición.

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada saharauí.

**Específico:** Mellorar as condicións de vida da poboación saharauí.

**Poboación beneficiaria:** abarcará a toda a poboación refuxiada saharauí que ascende a 173.600 persoas refuxiadas, das que se estiman 125.000 con extrema vulnerabilidade.

**Axuda Xunta de Galicia:** 139.000€ (2021).

### 03. Convenio de colaboración con “España con ACNUR” para a execución do proxecto “Protección e asistencia de poboación refuxiada venezolana en Colombia no contexto da Covid-19”

**Axente:** Asociación España con ACNUR (Comité Español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados)

**Socio local:** Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR/ACNUR) - Colombia

**Código/s CRS:** : 72050 Coordinación dos servizos de protección das axudas

**Zona de actuación:** Bogotá, Medellín e Cúcuta

**País:** Colombia

**Rexión:** América do sur

**Descrición:** En 2020 Colombia seguiu sendo o receptor dun maior número de refuxiados e migrantes provenientes de Venezuela, que alberga un estimado de 1,72 millóns de persoas, aproximadamente o 37% dos 4,6 millóns de venezolanos na rexión. A pesar dos esforzos do goberno colombiano, o 56,4% de venezolanos en Colombia estímase que están aínda nunha situación irregular. A devandita irregularidade aumenta a exposición a riscos de protección durante o cruzamento de fronteiras e o tránsito, incluída a explotación sexual, a trata e o contrabando de persoas, o recrutamento e a utilización de nenos por parte de actores armados, a violencia de xénero, a separación da familia e incidentes con grupos armados irregulares que operan na fronteira, o que tamén afecta á súa saúde e benestar.

As condicións dos refuxiados e migrantes coa intención de permanecer en Colombia deterioráronse significativamente despois da introdución das medidas de illamento da Covid-19. Doutra banda, ACNUR lanzou para 2021 un novo appeal centrado en combater o COVID-19, do que forma parte Colombia. No devandito Appeal Covid-19 2021 aparecen indicadas as necesidades para este ano con respecto ás diferentes actividades e rexións, entre as que destacan

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

reducir a vulnerabilidade a través da dotación de diñeiro en efectivo, a protección de ingresos, a prevención e resposta á violencia sexual e de xénero, a comunicación e o compromiso coas comunidades e a educación.

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír ao proceso de protección internacional dos/as refuxiados/as venezolanos en Colombia asegurando o acceso a servizos de emerxencia.

**Específico:** Fortalecer a capacidade de 32 familias refuxiadas venezolanas de 4 membros nas cidades de Bogotá, Medellín e Cúcuta para afrontar as súas necesidades básicas.

Poboación beneficiaria directa: 128 persoas

**Axuda Xunta de Galicia:** 30.000€ (2021).

---

### 04. Convenio de colaboración con UNRWA España para a execución do proxecto "Garantir o dereito á educación na Franxa de Gaza fronte a crise humanitaria agravada pola Covid-19"

---

**Axente:** UNRWA España

**Socio local:** UNRWA – United Nations Relief and Works Agency for Palestinian Refugees in the Middle East (Axencia das Nacións Unidas para os refuxiados de Palestina en Oriente Medio).

**Código/s CRS:** : 11220 Educación básica

**Zona de actuación:** Franxa de Gaza

**País:** Territorios palestinos

**Rexión:** Oriente próximo

**Descrición:** O proxecto busca garantir o acceso a unha educación primaria de calidade para a poboación refuxiada de Palestina na Franxa de Gaza durante o ano 2021 fronte á crise humanitaria agravada pola propagación do virus SARS-CoV-2.

O orzamento está dirixido á contratación de sete docentes durante 3 meses a xornada completa que imparten clases no colexio de educación elemental "Beach" na Franxa de Gaza, no que actualmente estudan 850 nenas. Ao mesmo tempo o proxecto contribúe a cubrir unha parte do salario dunha persoa para o seguimento e visibilidade da acción durante o tempo de intervención do proxecto.

### Obxectivos:

**Xeral:** Garantir o dereito á educación da infancia refuxiada de Palestina na Franxa de Gaza fronte á ameaza da Covid-19.

**Específico:** Aumentar a capacidade do sistema educativo de UNRWA para ofrecer servizos de educación de calidade na Franxa de Gaza.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Calcúlase que se beneficiarán de forma directa 850 nenas da escola "Beach Preparatory Girls School B" que recibirán atención educativa por parte dos 7 docentes contratados/as no marco da intervención.

**Indirecta:** Considérase poboación beneficiaria indirecta ás súas familias. Tendo en conta que as familias de persoas refuxiadas de Palestina en Gaza teñen unha media de 5,7 persoas, serán beneficiarias indirectas da intervención 3.995 persoas. Hai que destacar que na Franxa de Gaza só un 0,1 por cento dos colexios son de educación mixta (nenos e nenas xuntos), por iso este proxecto só prevé ter nenas como persoas beneficiarias.

**Axuda Xunta de Galicia:** 30.000€ (2021).

---

### 05. Convenio de colaboración coa Fundación UNICEF Comité Español para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

---

O convenio e a súa addenda teñen por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia e a entidade Fundación UNICEF Comité Español para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencia, en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

natural ou humana, co fin de paliar o sufrimento das poboacións afectadas e cantas outras actuacións se poidan promover en beneficio destas poboacións.

**Axuda Xunta de Galicia:** 140.000€ (2021).

A través deste convenio de colaboración realizáronse as seguintes actuacións de emerxencia:

- Intervención de emerxencia para protexer os nenos e nenas máis vulnerables dos efectos da pandemia da Covid-19 en Siria con subministracións básicas.
- Intervención "Programa de Alimentación Escolar" no Distrito Capital, Venezuela, para garantir que nenos e nenas de familias vulnerables sigan recibindo, polo menos, unha comida diaria que contribúa á súa saúde e benestar así como ao acceso e á retención escolar.
- Intervención de emerxencia para garantir o dereito á educación e á protección dos nenos e nenas afectados polo terremoto de Haití.

### 06. Acordo de Prórroga do Convenio entre a Cooperación Descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria

**Axente:** Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e as comunidades autónomas de Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, A Ríoxa, Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana, Canarias, Illas Baleares, Comunidade de Madrid, Castela e León, Estremadura e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

**Código/s CRS:** 720 Axuda de emerxencia

**Descrición:** Prórroga do Convenio entre a cooperación descentralizada e a AECID para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, subscrito o 3 de outubro de 2018, publicado no

BOE o 9 de novembro de 2018, cuxa vixencia foi prorrogada no 2019 a través da Addenda modificativa relativa ao acordo de prórroga e ao acto de adhesión do convenio entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, e no 2020.

Este convenio permite, por unha banda, o establecemento dunha relación de coordinación constante entre a Oficina de Acción Humanitaria (OAH) da AECID e as comunidades autónomas participantes, e por outra, o financiamento conxunto das intervencións que se seleccionen. No marco do devandito convenio, a AECID adquire o compromiso de destinar anualmente 1.000.000€ e cada unha das CCAA un mínimo de 50.000€ anuais, agás A Ríoxa que achegou 100.000€.

Para a coordinación das actuacións previstas neste convenio existe unha comisión de coordinación, seguimento, vixilancia e control, co obxecto principal de coordinar e decidir as actuacións que se apoiarán no seu marco, así como de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir. A devandita comisión está integrada por dous representantes da AECID e dous representantes de cada unha das comunidades autónomas. A presidencia desta comisión é rotatoria, por períodos semestrais e a secretaría técnica corresponderalle sempre á AECID.

**Obxectivo xeral:** regular a colaboración da AECID e as comunidades autónomas parte en materia de acción humanitaria.

Intervencións: a dotación total do convenio para o 2021 repartiuse entre as seguintes intervencións:

- Contribución ao Programa mundial de alimentos das Nacións Unidas (PMA) para proporcionarlle á poboación saharauí (133.672 refuxiadas e refuxiados) dos campamentos de Tinduf (Alxeria) seguridade alimentaria e nutricional, por un importe de 350.000€.

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

- Contribución ao chamamento do Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) para promover a protección da poboación civil palestina en Israel nos territorios ocupados de acordo coas normas de dereito internacional humanitario e axudar a aliviar a situación da poboación civil palestina que vive baixo ocupación, por un importe de 350.000€.
- Contribución ao chamamento que o Fondo de Poboación das Nacións Unidas (FNUAP) emitiu para aprovisionar asistencia directa para a prevención e resposta á violencia baseada en xénero de mulleres e adolescentes en situación de vulnerabilidade en Estados fronteirizos de Venezuela (Táchira, Bolívar, Apure e Zulia), por un importe de 350.000€.

Finalmente, decidiuse dotar cos 550.000€ restantes un fondo de continxencias co fin de que puidera ser activado ante posibles emerxencias, que finalmente se destinaron ás seguintes intervencións:

- Contribución ao chamamento do Programa mundial de alimentos (PMA) para responder ás necesidades humanitarias máis críticas das familias desprazadas por mor da violencia na provincia de Cabo Delgado, en Mozambique, por un importe de 250.000€.
- Contribución ao chamamento da Federación Internacional de Cruz Vermella e Media Lúa Vermella para mellorar a seguridade alimentaria, restaurar e diversificar as estratexias de medios de vida e aumentar a resiliencia nas comunidades afectadas pola seca e outras crises múltiples en 18 provincias de Afganistán, por un importe de 300.000€.

**Axuda Xunta de Galicia:** 50.000€ (2021).

**07. Convenio de colaboración coa Fundación UNICEF Comité español**, no marco da iniciativa COVAX, para a execución do proxecto “Fortalecemento das accións de vacinación contra o coronavirus, a polio e o sarampelo nas Redes de Saúde dos departamentos de A Paz, Cochabamba e Pando, en Bolivia”

**Axente:** Fundación UNICEF Comité Español

**Socio local:** UNICEF Bolivia

**Código/s CRS:** 12250

**Zona de Actuación:** Departamentos da Paz, Cochabamba e Pando

**País:** Bolivia

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** O proxecto contou con accións dirixidas a mellorar o acceso á vacinación de poboacións de áreas periurbanas e rurais de difícil acceso en 43 redes de saúde dos departamentos da Paz, Cochabamba e Pando. O financiamento da Xunta de Galicia alcanzou a 15 destas redes. O proxecto divídese en tres liñas de actuación:

**Vacinación:** A vacinación contra a Covid-19 en adultos e vacinación de menores de 5 anos coas vacinas do esquema establecido no país, facendo énfase na antipoliomielítica, antisarampionosa.

**Sensibilización:** Difusión de mensaxes clave sobre a importancia da vacinación por medios masivos e en idiomas nativos, conforme á Estratexia de Comunicación do Ministerio de Saúde, tanto para a poboación en xeral como para o sector privado.

**Distribución:** co fin de garantir a cadea de frío necesaria para a conservación da vacina, asegurouse o transporte de 1.400 caixas frías ata as Redes de Saúde de todo o país. As caixas frías foron utilizadas para a conservación das vacinas durante as campañas de vacinación, asegurando a súa calidade e efectividade. Tamén se compraron refrixeradores

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

para asegurar o mantemento adecuado das vacinas nas redes de saúde.

### Obxectivos:

**Xeral:** Previr e mitigar os impactos da pandemia da Covid-19 en departamentos da Paz, Cochabamba e Pando en Bolivia.

**Específico:** Mellorar o acceso da poboación a servizos de vacinación, en adultos contra o coronavirus e en menores de cinco anos contra o sarampelo/poliomielite por medio de campañas de vacinación e accións de comunicación social, nun contexto de dereitos, equidade de xénero e aspectos culturais, así como coa ampla participación da comunidade organizada.

**Poboación beneficiaria:** As accións foron dirixidas a mellorar o acceso á vacinación de poboacións de áreas periurbanas e rurais de difícil acceso dos departamentos da Paz, Cochabamba e Pando.

Estímose chegar a:

- Coberturas de vacinación: 243.810 (26%) de maiores de 18 anos inmunizados coa vacina contra o coronavirus (Covid-19) nos departamentos da Paz, Pando e Cochabamba.
- 20.088 (17%) nenos menores de 5 anos con vacina antisarampelo e antipoliomielítica.
- Sensibilización e información coa empresa privada: 2 empresas, 714 persoas.

En total 264.612 persoas beneficiarias de maneira directa.

**Axuda Xunta de Galicia:** 100.000€ (2021).

---

**08. Convenio de colaboración con SODEPAZ** (Solidariedade para o Desenvolvemento e a Paz) para a adquisición de 360.000 xiringas para a vacinación xeneralizada contra a Covid-19 da poboación cubana

---

**Axente:** Solidariedade para o Desenvolvemento e a Paz (SODEPAZ)

**Socio local:** Ministerio de Salud Pública de Cuba (MINSAP)

**Código/s CRS:** 12250

**Zona de Actuación:** A Habana (provincia)

**País:** Cuba

**Rexión:** Centroamérica e o Caribe

**Descrición:** O convenio ten por finalidade a loita contra a expansión da pandemia provocada pola Covid-19 a través da subministración do material necesario para a vacinación xeneralizada da poboación cubana con vacinas desenvolvidas en Cuba polo Instituto Finlay e o Centro de Ingeniería Genética y Biotecnología.

### Obxectivos:

**Xeral:** Garantir e manter o Obxectivo 3 dos ODS en Cuba: Garantir unha vida sá.

**Específico:** Mellorada a capacidade para a vacinación da poboación cubana con vacinas desenvolvidas en Cuba polo Instituto Finlay e o Centro de Ingeniería Genética y Biotecnología.

**Axuda Xunta de Galicia:** 30.000€ (2021).

---

**09. Convenio de colaboración coa Asociación "España con ACNUR"** (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para o proxecto "Loita contra a violencia sexual e a discriminación socio-económica das mulleres na República Democrática do Congo - RDC"

---

**Axente:** Asociación España con ACNUR

**Socio local:** Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (UNHCR/ACNUR) - RDC

**Código/s CRS:** 15180

**Zona de actuación:** campos de refuxiados de Inke, Boyabu, Mole e Bili

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

**País:** República Democrática do Congo-RDC

**Rexión:** África Subsahariana

**Descrición:** convenio asinado no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, en cumprimento da medida 36. Constitúe unha acción humanitaria que busca fundamentalmente o empoderamento social das mulleres refuxiadas centroatricanas en consonancia co Enfoque de Xénero no Desenvolvemento (EXD) e a Plataforma de Acción de Pequín. Ademais, integra accións de fomento da defensa dos Dereitos Humanos Universais, tanto políticos e civís, como sociais e culturais, durante as accións de sensibilización e mobilización social comunitaria, e de formación das estruturas comunitarias e das autoridades locais.

As súas actuacións contribúen, ao cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030 (ODS 5 Igualdade de Xénero, e ODS 16 Paz, Xustiza e Institucións Sólidas) en canto a iniciativas que buscan fortalecer as capacidades do colectivo social local, especialmente mulleres refuxiadas centroatricanas, centros de protección comunitaria e autoridades locais nas dúas áreas de acción: campos de refuxiados en Inke e Bili, na provincia de Nord Ubangi.

O proxecto enmárcase nas seguintes liñas de traballo: promover a participación activa das mulleres nos órganos de decisión comunitarios como os comités de refuxiados e o comité de mulleres; a denuncia da vulneración dos dereitos das persoas refuxiadas durante as actividades formativas e de mobilización social; a loita contra a violencia sexual contra as mulleres e especialmente as nenas e o fortalecemento das capacidades das organizacións de defensa e promoción dos dereitos humanos como as estruturas de protección comunitaria.

**Obxectivo xeral:** Garantir o dereito á seguridade, á integridade física e á igualdade entre homes e mulleres das mulleres refuxiadas centroatricanas que residen na provincia de Nord-Ubangui na RDC.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** Mulleres refuxiadas centroatricanas vítimas de violencia sexual e de xénero e especialmente aquelas solteiras cabezas de familia con menores e persoas con discapacidade ao seu coidado, un total de 98.214 mulleres.

**Indirecta:** Poboación refuxiada de distintos países dos campos de refuxiados de Inke, Boyabu, Mole e Bili, 429.018 persoas, das que 315.780 son mulleres e 113.238 homes.

**Axuda Xunta de Galicia:** 84.000€ (2021).

---

**10. Convenio de colaboración con UNRWA España para o proxecto “Combater a violencia machista nos campos de refuxiados palestinos na Franxa de Gaza: protección e atención ás mulleres sobreviventes da violencia de xénero 2021”**

---

**Axente:** UNRWA España

**Socio local:** Axencia das Nacións Unidas para os refuxiados de Palestina en Oriente Medio

**Código/s CRS:** 15180

**Zona de actuación:** Franxa de Gaza

**País:** Territorios palestinos

**Rexión:** Oriente Próximo

**Descrición:** Convenio asinado no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. En concreto, e en cumprimento da medida 36, traballarase na mellora da atención integral ás mulleres e nenas vítimas de violencia no contexto actual xerado pola pandemia da Covid-19, que someteu a mulleres e nenas a un maior risco de violencia.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Garantir o dereito das mulleres palestinas refuxiadas na Franxa de Gaza á liberdade, á seguridade e á vida, libres de violencia machista.

**Específico:** Mellorar a protección e a atención integral no tratamento dos casos de violencia

## 5. Axuda humanitaria e de emerxencia

machista e sensibilizar a comunidade sobre a realidade dos refuxiados palestinos sobreviventes nos campamentos da Franxa de Gaza.

**Poboación beneficiaria:** En total, o proxecto beneficiará de forma directa a 618 mulleres (80%) e 158 homes.

**Axuda Xunta de Galicia:** 84.000€ (2021).

---

**11. Convenio de colaboración coa Fundación UNICEF Comité Español para o proxecto “Servizos integrados de prevención e resposta á violencia de xénero e protección infantil para nenos e nenas refuxiadas en Uganda”**

---

**Axente:** Fundación UNICEF Comité Español

**Socio local:** UNICEF Uganda

**Código/s CRS:** 15180

**Zona de Actuación:** Campamento de refuxiados de Bidibidi

**País:** Uganda

**Rexión:** África oriental

**Descrición:** convenio asinado no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do devandito pacto, que ten como obxectivo fortalecer a contorna de protección para as nenas e nenos e as poboacións de acollida do campamento de refuxiados de Bidibidi, o asentamento de refuxiados máis grande de Uganda, no distrito de Yumbe.

Para logralo bríndanse servizos directos de prevención e resposta para as nenas e nenos sobreviventes de diferentes formas da violencia sexual e de xénero (nas súas siglas en inglés: GBV violencia baseada no xénero e VAC violencia contra a infancia), incluída a violación, o matrimonio infantil e forzado, o embarazo na adolescencia e outras, a través dos servizos de xestión de casos e as actividades psicosociais

baseadas na comunidade para garantir o seu benestar e a súa capacidade de resiliencia.

Así mesmo, fortalece o sistema de protección do Goberno de Uganda a través da coordinación regular, vías de derivación, desenvolvemento de capacidades en temas de protección a través da capacitación de provedores de servizos e estruturas comunitarias.

### Obxectivos:

**Xeral:** as nenas e nenos do asentamento de refuxiados de Yumbe e das comunidades de acollida están protexidos de todas as formas de violencia, incluída a violencia de xénero

**Específico:** o sistema de protección da infancia en Yumbe refórzase, con servizos de prevención e resposta reforzados para garantir que todas as nenas e nenos estean protexidos de todas as formas de violencia, incluída a violencia de xénero

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** nenas, os nenos, as nais, pais e co-dadores/as, os membros da comunidade, as estruturas da comunidade, incluídos os/as líderes dentro da zona cun total de 2.100 persoas, dos cales 1.091 son mulleres e 1.009 son homes.

**Indirecta:** poboación estimada do distrito de Yumbe, zona de intervención do proxecto, de aproximadamente 592.000 habitantes, dos cales o 52% son mulleres, a totalidade da poboación vese afectada de maneira indirecta na intervención.

**Axuda Xunta de Galicia:** 84.000€ (2021).

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

### 6.1 Convocatoria 2021 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións para proxectos desenvolto polas ONGD dentro dalgunha das catro dimensións seguintes:

- Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- Investigación sobre o desenvolvemento.
- Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 3 de maio de 2021. Trátase dunha convocatoria plurianual cunha dotación total de 500.000€ (200.000€ para o 2021 e 300.000 para o 2022).

Presentáronse 25 solicitudes e foron subvencionados 13 proxectos.

Os proxectos aprobados foron os seguintes:

**01.** Mellora da capacidade de reflexión crítica e de xeración de produtos comunicativos do alumnado de secundaria de Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión e do profesorado de centros públicos de Galicia (EpDLab)

**Axente:** Asociación ONG de Cooperación ao Desenvolvemento Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O proxecto é a sétima fase dun programa de AGARESO que consiste nun proxecto multimedia de comunicación para o desenvolvemento no que participan 5 centros educativos de 5 concellos de diferentes puntos de Galicia [Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión] e tamén de Latinoamérica: os centros de ensino dos bateys de La Cubana e Olivares, no municipio de Ramón Santana, provincia de San Pedro de Macorís, na República Dominicana. O proxecto traballa na produción de contidos transmedia ao redor de tres bloques temáticos: o sexismo e a igualdade de xénero, os prexuízos raciais e a interculturalidade e as relacións norte-sur e o consumo responsable. Tanto alumnado como profesorado reciben formación no uso activo e responsable das TIC para a defensa dos valores como a igualdade, a tolerancia, a defensa dos dereitos humanos, a co-responsabilidade, o consumo e a loita contra a desigualdade global.

**Obxectivos:**

**Xeral:** Sensibilización social con respecto ás causas da desigualdade global e o papel de da comunicación como motor de transformación social na educación secundaria.

**Específico:** Mellora da capacidade de reflexión crítica e xeración de produtos audiovisuais comunicativos do alumnado e profesorado

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

de secundaria de Ames, Bueu, Viana do Bolo, Silleda e Brión.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 138 persoas beneficiarias de maneira directa, das cales 12 son homes, 16 mulleres, 50 nenos e 60 nenas.

**Indirecta:** 1.235 persoas beneficiarias de maneira indirecta, das cales 61 son homes, 95 mulleres, 514 nenos e 565 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 34.927,00 € (2021: 13.970,80 €; 2022: 20.956,20 €).

### 02. Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega

**Axente:** Enxeñería sen Fronteiras Galicia agrupada con Universidade da Coruña

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** Con este proxecto quérese impulsar o concepto de tecnoloxía para o ben común na docencia, investigación e activismo da comunidade educativa universitaria galega de base tecnolóxica.

Para conseguir este obxectivo, o proxecto presentado apoiará e apoiarase na rede creada en 2019 de profesorado técnico universitario Artigo9Tech. Haberá dúas grandes liñas de traballo segundo o grupo de persoas da comunidade universitaria destinatarias ou protagonistas:

- Liña alumnado, polo interese de ESF en promover un alumnado crítico e mobilizado, que poida participar máis aló das accións académicas formais e se involucre dende a súa época universitaria na transformación social, xa sexa

a través de ESF ou doutras organizacións, pero sempre cun enfoque de voluntariado transformador.

- Liña PDI/PAS, tanto pola súa acción institucional para incluír nas prácticas da universidade ese enfoque de cidadanía global, como pola compoñente investigadora que desenvolven o PDI, como tamén por ser multiplicadoras cara o alumnado de coñecementos, habilidades e actitudes que poden fortalecer e poñer o foco nos dereitos humanos e o ben común.

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír a que a ciencia e a tecnoloxía ao servizo do ben común e dos dereitos humanos permita mellorar o desempeño da universidade como axente de transformación social.

**Específico:** Fortalecida a visibilidade e a actividade en educación e investigación no eido da tecnoloxía para o ben común e os dereitos humanos cun enfoque de cidadanía global na universidade pública galega apoiándose no grupo Artigo9Tech.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 250 persoas beneficiarias de maneira directa das cales 115 son homes e 135 son mulleres.

**Indirecta:** 1.550 persoas das cales 775 son homes e 775 son mulleres.

**Axuda Xunta de Galicia:** 45.000 € (2021: 18.000 €; 2022: 27.000 €).

### 03. En-red-adas no cambio

**Axente:** Fundación Taller de Solidaridad

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

**Rexión:** Europa

**Descrición:** ENREDADAS no cambio é un proxecto pioneiro que permite conectar a experiencia e o longo traballo de Taller de Solidaridad en cooperación internacional co traballo de sensibilización e cidadanía global. Quérese crear unha sensibilización horizontal, dirixida nesta primeira fase do proxecto a catro colectivos destinatarios diferentes:

- Mulleres emprendedoras e organizacións empresariais de mulleres das 4 provincias galegas.
- Mulleres emprendedoras e organizacións de mulleres de 3 dos países onde Taller de Solidaridad impulsou iniciativas de emprendemento, cooperativismo e promoción do traballo individual ou colectivo: O Perú, Colombia e Nicaragua.
- Estudantes de formación profesional das 4 provincias galegas.
- Estudantes de educación técnico-productiva de 3 dos países onde Taller de Solidaridad traballa en cooperación: O Perú, Colombia e Nicaragua.

Con respecto ás accións realizadas cos distintos colectivos, debido á situación de pandemia actual priorizárase o traballo virtual, pero aspirando a levar a cabo un encontro presencial entre todas as partes implicadas á finalización desta primeira fase, cunha viaxe a Galicia dalgúns das emprendedoras e/ou estudantes do Perú, Colombia ou Nicaragua.

Nos centros de formación profesional galegos, sempre que sexa posible, realizaranse sesións presenciais durante o segundo e terceiro trimestre do curso escolar 2021-2022, combinadas con accións virtuais cos e as estudantes de Nicaragua, Colombia e O Perú. Realizaranse conexións en liña de centros de formación de aquí e de alí, con formacións, traballos comúns e concursos virtuais. No caso de que a situación sanitaria non permita a realización de actividades presenciais, realizaranse actividades virtuais dinamizadas polo persoal de Taller de

Solidaridad e crearanse materiais que poidan ser utilizados polo propio profesorado dos centros. Doutra banda desenvolveranse actividades en rede entre emprendementos de mulleres galegas e dos países mencionados, xerando espazos de formación e de intercambio de experiencias, contando co apoio dunha plataforma virtual.

### Obxectivos:

**Xeral:** Transformar o imaxinario colectivo de xénero con relación ao aprendizaje feminino para cambiar os patróns socioculturais, no marco dos ODS 5, 8, 10 e 12, contribuíndo á construción dunha cidadanía global igualitaria.

**Específico:** Promover a creación dunha rede global que permita visibilizar e analizar as desigualdades de xénero existentes no ámbito do emprendemento, promovendo a creación de novas iniciativas, baixo o marco dos ODS, no contexto da Covid-19.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 1.060 persoas beneficiarias de maneira directa, das cales 25 son mulleres, 517 rapaces de 16 a 25 anos, e 518 rapazas de 16 a 25 anos.

**Indirecta:** 1.950 persoas beneficiarias de maneira indirecta, das cales 700 son homes, 750 mulleres, 225 rapaces de 16 a 25 anos e 275 rapazas de 16 a 25 anos.

**Axuda Xunta de Galicia:** 34.985€ (2021: 13.994€; 2022: 20.991€).

---

**04.De Ítaca a Ávalon. Da igualdade na educación á coeducación para a transformación e polo dereito a unha vida libre de violencias machistas. Fase II.**

---

**Axente:** Fundación InteRed Galicia

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

**Descrición:** Este proxecto pretende darlle continuidade á fase I do mesmo, que se viu paralizada por mor da pandemia da Covid-19. É por isto que se traballa para crear unha ponte e rematar as actividades canceladas na fase anterior así como afondar máis alá no traballo coeducativo e de prevención das violencias machistas, centrándose en distintas necesidades que afectan directamente a esta problemática como son a afectividade, a sexualidade, o respecto ás diversidades e o bo trato con que se pasa de xerar coñecementos na poboación a xerar cambios de actitudes e comportamentos, e se logra que a poboación galega dea o paso á acción para transformar, converténdose en protagonistas do cambio.

### Obxectivos:

**Xeral:** Promover unha cidadanía galega crítica, responsable e comprometida coa erradicación das desigualdades sociais e coa promoción de sociedades libres de violencias machistas dende a coeducación.

**Específico:** Promovido o compromiso e a capacidade de actuar crítica e activamente a favor da igualdade de xénero (ODS 5) en tempos de pandemia global dende a coeducación para a transformación social en espazos de ámbito escolar e non escolar para a prevención de violencias machistas

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Un total de 303 persoas beneficiarias de maneira directa, das cales 35 son homes, 88 mulleres, 73 nenos e 107 nenas.

**Indirecta:** Un total de 3.180 persoas beneficiarias de maneira indirecta, das cales 382 son homes, 539 mulleres, 703 nenos e 1556 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 34.858,18€ (2021: 13.943,27€; 2022: 20.914,91€).

## 05. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego

**Axente:** Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) agrupada coa Asociación ONG de Cooperación ao

Desenvolvemento Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO).

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O proxecto proporciona ferramentas teóricas e prácticas para potenciar o diálogo, a participación, a corresponsabilidade e o compromiso transformador en sete centros educativos das provincias da Coruña e Pontevedra, que ao longo do curso adquiren un compromiso que se concreta nas actividades de Escolas Sen Racismo, Escolas pola Paz e o Desenvolvemento (ESR-EPD) promovidas desde ACPP, AGARESO e pola súa comunidade educativa conxuntamente. Os centros participantes no ESR-EPD 2021-20212 son catro institutos de educación secundaria (IES de Brión, IES Laxeiro de Lalín, IES Antón Losada da Estrada e IES Xulián Magariños de Negreira) e tres centros de primaria (CEIP López Ferreiro, CPR Vilas Alborada e CEIP Apóstolo Santiago de Santiago de Compostela).

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia.

**Específico:** Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino de infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 20 homes, 30 mulleres 516 nenos e 567 nenas.

**Indirecta:** 500 homes, 500 mulleres, 1.000 nenos e 1.000 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 45.000€ (2021: 18.000€; 2022: 27.000€).

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

### 06. Elas deciden

**Axente:** Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O proxecto intégrase nunha estratexia global de ACPP destinada a sensibilizar sobre os procesos de empoderamento da muller a un e outro lado da "liña" sur-norte global e, ademais, dar a coñecer ao conxunto da sociedade o labor que desenvolven as mulleres das organizacións contrapartes locais coas que a ONGD traballa nos países do sur para así comprendelas mellor, rachar prexuízos e para coñecer realmente as dimensións e implicacións da cooperación internacional. O proxecto vén precedido dunha fase anterior chamada tamén "Elas deciden", que aínda está en execución. A propia idiosincrasia do "Elas deciden" baséase en irse adaptando a diversas temáticas e contextos xeográficos sen ter porque presentar unha continuidade necesaria co anterior proxecto. Polo tanto, este proxecto é unha simbiose entre actividades que ofrecen continuidade coa anterior intervención ao tempo que presenta novas temáticas e actividades. Esta vocación plásmase tamén na maneira na que se establecen os resultados de tal maneira que o primeiro ofrece unha continuidade sobre a guía didáctica En deuda con todas; o segundo resultado pódese definir como de transición e o terceiro achegaría o enfoque temático para esta proposta a través de introducir como temática vertebradora do proxecto o activismo feminista. Completa o esquema de resultados un cuarto que sería transversal a todo o proxecto pois focalízase na xestión, coordinación e seguimento deste.

#### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír ao coñecemento e sensibilización sobre o papel dos movementos de

mulleres na consecución da equidade de xénero no marco da Axenda 2030.

**Específico:** Mellorar os coñecementos, capacidades e implicación da comunidade educativa galega, axentes chave e tecido social-asociativo en materia de dereitos das mulleres, especialmente sexuais e reprodutivos.

#### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 149 persoas, das cales 50 son homes e 99 mulleres.

**Indirecta:** 14.300 persoas, das cales 6.000 son homes, 8.000 mulleres, 100 nenos e 200 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 35.000€ (2021: 14.000€; 2022: 21.000€).

### 07. Investigando no territorio para coñecer e recoñecer experiencias de educación para a cidadanía global desenvolvidas no ensino regrado de Galicia (Fase III)

**Axente:** Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) en agrupación con Universidade da Coruña (Grupo ECIGAL)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O proxecto consiste nun estudo de tipo cualitativo no que se empregan un conxunto de técnicas e procedementos como a cartografía social, a investigación-acción participativa ou a análise de datos e informantes chave. O proxecto parte das achegas postas de manifesto nas 7 investigacións anteriores, levadas a cabo polo consorcio formado por SIG e o grupo de investigación da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, financiadas pola DXRE entre as convocatorias 2013-2019. O obxectivo principal da investigación é xerar coñecemento sobre como identificar os centros

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

educativos galegos de todas as etapas educativas que traballan en EpDCG así como promover e recoñecer o labor destes a través dun premio.

### Obxectivos:

**Xeral:** Coñecidas e recoñecidas as experiencias de educación para a cidadanía global do ensino regrado de Galicia.

**Específico:** Identificadas e mapeadas as experiencias de EpDCG desenvolvidas nas distintas etapas do ensino regrado de Galicia e recoñecido o labor dos centros educativos galegos a través dun premio.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Un total de 1.270 persoas beneficiarias de maneira directa, das cales 231 son homes, 699 mulleres, 170 nenos e 170 nenas.

**Indirecta:** Un total de 1.639 persoas beneficiarias de maneira indirecta, das cales 138 son homes, 421 mulleres, 430 nenos e 650 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 41.837,69 € (2021: 16.735,08 €; 2022: 25.102,61 €).

## 08.O GLOBO. Observatorio, escola e espazo de participación.

**Axente:** Solidariedade Internacional de Galicia (SIG)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O proxecto é unha continuación dos proxectos de Solidariedade Internacional de Galicia que ten no eido da educación para o desenvolvemento que aspira a crear unha ferramenta que sirva para que as escolas sexan un lugar de participación, un espazo de promoción e divulgación da participación social con enfoque de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, con especial

atención á mocidade. O proxecto céntrase na promoción e proxección desta ferramenta para consolidala como referente galego para o exercicio dunha cidadanía global que atopa na participación social (con perspectiva glocal) a súa máxima expresión. Para isto, desenvólvense microexperiencias de transformación social en 26 centros educativos galegos, con actividades en liña e encontros anuais onde se pretende investigar, analizar criticamente e actuar, baixo o lema luces, cámara e acción. Estes tres eixes resúmense da seguinte maneira:

- O Globo como observatorio. Pretende a visibilización e recollida de micro-experiencias de transformación social; recompilación de estudos, documentos e materiais que sexan ferramentas para exercer a participación social con perspectiva de EpDCG.
- Globo coma escola. Pretende facilitar coñecementos e ferramentas metodolóxicas de participación social dende a perspectiva da educación para a cidadanía global.
- Globo coma espazo. Pretende o exercicio da cidadanía global a través da habilitación de espazos de participación social vencellados a O Globo.

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír á promoción dunha cultura participativa en Galicia con enfoque de EpDCG.

**Específico:** Promover oportunidades para unha aprendizaxe significativa en materia de participación con perspectiva global das persoas activistas e voluntarias de colectivos formais e non formais de Galicia (con especial atención á mocidade) e do profesorado galego.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Un total de 103 persoas, das cales 22 son homes e 81 mulleres.

**Indirecta:** Un total de 4.747 persoas beneficiarias de maneira indirecta, das cales 1.190 son homes, 2.912 mulleres, 319 nenos e 326 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 34.824,63 € (2021: 13.929,85 €; 2022: 20.894,78 €).

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

### 09.A Aprendizaxe- Servizo na saúde comunitaria: construíndo cidadanía global para a transformación social na comunidade universitaria. Fase II

**Axente:** Farmamundi (Farmacéuticos Mundi) en agrupación coa Universidade de Santiago de Compostela (Servizo de Participación e Integración Universitaria)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** Grazas á colaboración entre Farmamundi e a Universidade de Santiago de Compostela, lévanse a cabo diversos proxectos e iniciativas con estudos de educación superior, principalmente dentro das ramas sociais e sanitarias, co fin de fortalecer as capacidades da comunidade universitaria (alumnado, profesorado, persoal docente e investigador, principalmente) en materia de saúde comunitaria baseado nun enfoque feminista desenvolvido a través metodoloxías participativas que permitan promover procesos de transformación social na defensa do dereito á saúde global a través da metodoloxía pedagóxica da Aprendizaxe-Servizo (ApS) e a Investigación-Acción Participativa (IAP).

O proxecto emana das intervencións levadas a cabo durante os cursos académicos 2017/2018, 2018/2019, 2019/2020 e constitúe unha segunda fase do proxecto "A Aprendizaxe-Servizo na saúde comunitaria: construíndo cidadanía global para a transformación social na comunidade universitaria", proxecto en marcha no curso 2020/2021, no que se aborda a promoción de procesos educativos en materia dereito á saúde, saúde global e comunitaria, ODS e equidade de xénero, tanto con profesorado, alumnado e persoal docente e investigador de disciplinas académicas da rama social (Grao en Traballo Social) e sanitaria (Mestrado en Saúde Pública, Grao en Farmacia) coma con entidades sociais e con

traballadores/as sociais do barrio de Vite en Santiago de Compostela, principalmente.

#### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír á construción dunha cidadanía global en Galicia, consciente e comprometida coa saúde comunitaria e o desenvolvemento humano, dende os enfoques baseados en dereitos humanos, de xénero en desenvolvemento, interseccionalidade e sostibilidade medioambiental no marco dos ODS e en contexto de pospandemia.

**Específico:** Desenvolvidas as competencias da comunidade educativa da Universidade de Santiago de Compostela para impulsar procesos comunitarios locais de transformación social vinculados con saúde comunitaria e conectados co Sur Global dende as metodoloxías da aprendizaxe-servizo solidaria, a investigación-acción participativa e dende o modelo de saúde comunitaria baseada en activos, incorporando os enfoques BDH+XED+I+SM do proxecto.

#### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Un total de 3.013 persoas, das cales 1.359 son homes, 1.504 mulleres, 78 nenos e 72 nenas.

**Indirecta:** Un total de 16.134 persoas, das cales 7.021 son homes e 9.113 mulleres.

**Axuda Xunta de Galicia:** 45.000€ (2021: 18.000€; 2022: 27.000€).



---

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

---

**10. Mulleres bravas de Honduras e Galicia. Tendendo pontes entre defensoras da vida**


---

**Axente:** Enxeñería sen Fronteiras Galicia (ESF) en agrupación con Amigos da Terra (AdT)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O proxecto ten como obxectivo visibilizar as problemáticas globais relacionadas coa sobre-explotación de recursos naturais en todo o mundo e que afectan especialmente aos países empobrecidos (extracción de materias primas, produción de enerxía, e explotación da terra, entre outras). A través da conexión das realidades de Honduras e Galicia, abórdanse obxectivos como a reflexión sobre os impactos ambientais e sociais do noso actual modelo de consumo e desenvolvemento, así como alternativas sostibles de xestión dos recursos que exemplifiquen que outro modo de producir, consumir e vivir é posible. Trátase dun proxecto cuxo xermolo foi desenvolto en 2019 por ESF Galicia. Neste caso que se une AdT Galicia, ao estar de novo AdT presente na zona do sur de Honduras, e ter colaborado as dúas organizacións na difusión da realidade do Golfo de Fonseca.

Para a realización do proxecto séguense dúas liñas de acción, a primeira consistente en crear pontes de unión entre os movementos da sociedade civil de Honduras que presenten alternativas sustentables, e o segundo en visibilizar o enfoque de cidadanía global das resistencias ao extractivismo e das alternativas sustentables nos públicos meta máis accesibles polas entidades solicitantes (escolas universitarias e colectivos cidadáns de defensa do territorio).

**Obxectivos:**

**Xeral:** Contribuír a un modelo de desenvolvemento respectuoso coa paisaxe, o patrimonio, a biodiversidade e as persoas, que asegure os bens e servizos básicos para a vida en todo o mundo.

**Específico:** Visibilizados os impactos sobre as persoas e o medio ambiente dos proxectos industriais e extractivos en Honduras e Galicia, así como alternativas sustentables, con especial atención ás mulleres.

**Poboación beneficiaria:**

**Directa:** 131 persoas, das cales 59 son homes e 72 mulleres.

**Indirecta:** 3.900 persoas, das cales 1.900 son homes e 2.000 mulleres.

**Axuda Xunta de Galicia:** 45.000€ (2021: 18.000€; 2022: 27.000€).

---

**11. Rede de Eco Hortas Escolares**


---

**Axente:** Amigos da Terra

**Código/s CRS:**

11130 Formación de profesores

31181 Ensinanza/formación agraria

43081 Ensinanza/formación multisectorial

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O proxecto Rede de Eco Hortas Escolares ten como meta promover unha comunidade educativa galega concienciada e participativa na construción de modelos alimentarios máis sustentables. Para iso, traballárase a partir dunha liña de acción focalizada na educación formal, dentro da Rede de Eco Hortas Escolares, unha rede de traballo colaborativo arredor das hortas escolares,

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

impulsada por Amigos da Terra e única en Galicia que naceu no curso 2018/2019 e que no actual curso conta cun total de 11 centros educativos participantes a través de diferentes modalidades.

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír á conversión do proxecto de horta escolar nun proxecto de centro.

**Específico:** Melloradas as condicións para a sostibilidade dos proxectos de horta escolar nos centros educativos galegos.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** Un total de 532 persoas beneficiarias de maneira directa, das cales 8 son homes, 24 mulleres, 200 nenos e 300 nenas.

**Indirecta:** Un total de 3.000 persoas beneficiarias de maneira indirecta, das cales 1.800 son nenos e 1.200 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 23.795,50€ (2021: 9.518,20€; 2022: 14.277,30€).

## 12. Campaña Mundial pola Educación 2022 en Galicia

**Axente:** Fundación Educación y Cooperación-Educo en agrupación con Fundación Axuda en Acción, Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Fundación Taller de Solidaridad e a Universidade de Santiago de Compostela (Grupo de investigación Tercera Xeración (TeXe).

### Código/s CRS:

99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** Dende o ano 2003, o equipo territorial da Campaña Mundial pola Educación (CME)

integrado actualmente por Axuda en Acción, EDUCO, Entreculturas, Taller de Solidaridad e a Universidade de Santiago de Compostela lidera e dinamiza en Galicia as actividades de sensibilización, concienciación, formación, mobilización social e incidencia política da Global Campaign for Education (GCE) en coordinación coa Coalición Española da CME, coordinada por Fundación Educo desde a súa sede central en Barcelona. O proxecto afrontará a actual situación de vulneración do dereito á educación que fundamenta a Axenda de Educación 2030 e o ODS 4, situación agravada pola situación de emerxencia sanitaria global que estamos a vivir a causa da Covid-19. O principal problema identificado con relación ao dereito á educación, foi a "falta de cumprimento dos compromisos internacionais asumidos polos gobernos en relación á Axenda de Educación 2030 no marco xeral da Axenda 2030 das Nacións Unidas e do ODS 4". Focalizando o problema central en Galicia, e ao tratarse dun proxecto no eido da EpD e a Cidadanía Global, as persoas participantes na identificación salientaron a necesidade de superar a escasa información, sensibilización e concienciación sobre a vulneración do dereito á educación. A selección de alternativas reforzou a coherencia da proposta de acción prevista no proxecto para a consecución do seu obxectivo específico: "A comunidade educativa galega incrementa o seu compromiso, participación social e empoderamento na demanda de respostas sociais, educativas e políticas para a apropiación do dereito humano á educación, o ODS 4 e da Axenda 2030 das Nacións Unidas por parte das persoas gobernantes e representantes políticos a nivel local e autonómico".

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír ao cumprimento dos compromisos internacionais asumidos polos gobernos mediante a aprobación da Axenda 2030 das Nacións Unidas e, en concreto, a través do cumprimento efectivo do ODS 4: "Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, e promover oportunidades de aprendizaxe ao longo da vida para todos e todas.

**Específico:** A comunidade educativa galega incrementa o seu compromiso, participación social e empoderamento na demanda de respostas sociais, educativas e políticas para a

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

apropiación do dereito humano á educación, o ODS 4 e da Axenda 2030 das Nacións Unidas por parte das persoas gobernantes e representantes políticos a nivel local e autonómico.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 1.756 persoas beneficiarias de maneira directa, das cales 53 son homes, 18 mulleres, 854 nenos e 831 nenas.

**Indirecta:** 11.670 persoas beneficiarias de maneira indirecta, das cales 1.300 son homes, 970 mulleres, 5.700 nenos e 3.700 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 44.943,00 € (2021: 17.977,20 €; 2022: 26.965,80 €).

### 13. Investigación-Acción-Formación para fortalecer a educación e integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia - Fase 3

**Axente:** Arquitectura Sen Fronteiras

**Código/s CRS:**

99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** Dende o ano 2003, o equipo territorial da Campaña Mundial pola Educación (CME) é integrado actualmente por Axuda en Acción, EDUCO, Entreculturas, Taller de Solidaridad e a Universidade de Santiago de Compostela lidera e dinamiza en Galicia as actividades de sensibilización, concienciación, formación, mobilización social e incidencia política da Global Campaign for Education (GCE) en coordinación coa Coalición Española da CME, coordinada por Fundación Educo desde a súa sede central en Barcelona. O proxecto afrontará a actual situación de vulneración do dereito á educación

que fundamenta a Axenda de Educación 2030 e o ODS 4, situación agravada pola situación de emerxencia sanitaria global que estamos a vivir a causa da Covid-19. O principal problema identificado en relación ao dereito á educación, foi a "falta de cumprimento dos compromisos internacionais asumidos polos gobernos en relación á Axenda de Educación 2030 no marco xeral da Axenda 2030 das Nacións Unidas e do ODS 4". Focalizando o problema central en Galicia, e ao tratarse dun proxecto no eido da EpD e a Cidadanía Global, as persoas participantes na identificación salientaron a necesidade de superar a escasa información, sensibilización e concienciación sobre a vulneración do dereito á educación. A selección das alternativas reforzou a coherencia da proposta de acción prevista no proxecto para a consecución do seu obxectivo específico: "A comunidade educativa galega incrementa o seu compromiso, participación social e empoderamento na demanda de respostas sociais, educativas e políticas para a apropiación do dereito humano á educación, o ODS 4 e da Axenda 2030 das Nacións Unidas por parte das persoas gobernantes e representantes políticos a nivel local e autonómico".

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír ao desenvolvemento dunha cidadanía crítica e activa na defensa do Dereito ao Hábitat en Galicia.

**Específico:** Incrementado o coñecemento sobre problemáticas sobre o dereito ao hábitat, e a adquisición de competencias e ferramentas para a defensa deste, cun enfoque ecosocial e ecofeminista, no contexto educativo de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** 374 persoas beneficiarias de maneira directa, das cales 96 son homes, 178 mulleres, 50 nenos e 50 nenas.

**Indirecta:** 500 persoas, as cales se dividen en 250 nenos e 250 nenas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 34.829,00 € (2021: 13.931,60 €; 2022: 20.897,40 €).

## 6.2 Convocatoria 2020 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

### 01. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego

**Axente:** Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 45.000€ (2020: 18.000€; 2021: 27.000€).

### 02. Campaña Mundial pola Educación 2021 en Galicia

**Axente:** Fundación Educación y Cooperación (EDUCO) agrupada con Fundación Ayuda en Acción, Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Taller de Solidaridad e a Universidade de Santiago de Compostela (grupo de investigación GI-1426 Hermenéutica Filosófica e Historia da Filosofía).

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 44.905€ (2020: 17.962€; 2021: 26.943€).

### 03. Melloras das capacidades de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado de secundaria de Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión e do profesorado de centros públicos de Galicia (EpDLab)

**Axente:** Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 34.396,00€ (2020: 13.758,40€; 2021: 20.637,60€).

### 04. Aprendizaxe-Servizo na saúde comunitaria: construíndo cidadanía global para a transformación social na comunidade universitaria

**Axente:** Farmacéuticos Mundi en agrupación coa Universidade de Santiago de Compostela (Servizo de Participación e Integración Universitaria)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 44.979,00€ (2020: 17.991,60€; 2021: 26.987,40€).

### 05. Elas deciden

**Axente:** Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 32.844,70€ (2020: 13.137,88€; 2021: 19.706,82€).

---

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

---

**06.** O movemento social do comercio xusto como exercicio de cidadanía global: unha contribución á consecución da Axenda 2030 desde Galicia

---

**Axente:** Solidariedade Internacional Galicia (SIG)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 34.849,73 € (2020: 13.939,89€; 2021: 20.909,84€).

---

**07.** Construción de recursos e capacidades para a integración dos ODS na Rede de Eco Hortas Escolares

---

**Axente:** Amigos da Terra

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 18.956,25 € (2020: 7.582,50€; 2021: 11.373,75€).

---

**08.** Investigación-Acción-Formación para fortalecer a educación e integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia. Fase 2

---

**Axente:** Arquitecturas Sen Fronteiras (ASF)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 34.985€ (2020: 13.994€; 2021: 20.991€).

---

**09.** De Ítaca a Ávalon. Proxecto ponte entre a Fase I e II

---

**Axente:** Fundación InteRed Galicia

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 24.144,83 € (2020: 9.657,93€; 2021: 14.486,90€).

---

**10.** O Globo; observatorio para educar na cidadanía global.

---

**Axente:** Solidariedade Internacional de Galicia (SIG)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 34.998,22 € (2020: 13.999,29€; 2021: 20.998,93€).



## 6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

### 6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2021

No ano 2021 asináronse dous convenios de colaboración para levar a cabo os seguintes proxectos no ámbito da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

#### 01. A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación II

**Axente:** Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O presente proxecto xorde da experiencia acumulada do Fondo Galego nos seus 23 anos de andaina, así como das demandas e vontades das administracións locais socias. Tivéronse en conta asemade as principais debilidades detectadas para a difusión e implementación dos ODS no eido local, buscando actividades que resultaran atractivas e novidosas. Por outra banda, a participación de concellos de menos de 50.000 habitantes está garantida, e é un obxectivo para o Fondo Galego promover actividades destinadas aos concellos pequenos e medianos en función da súa poboación.

O proxecto é a segunda fase do convenio asinado no ano 2020, polo que nesta fase II se presentan importantes retos, pretendendo dar un paso máis alá para procurar unha maior eficacia, eficiencia e impacto sobre a importancia da implicación das entidades

locais no cumprimento dos ODS e no eido da de cooperación ao desenvolvemento, buscando sinerxías coa Administración local e rexional dos países de lingua oficial portuguesa.

#### Obxectivos:

**Xeral:** Fortalecidas, con sinerxía e coordinación, as políticas públicas municipais de cooperación ao desenvolvemento e o cumprimento da Axenda 2030.

**Específico:** Promovida a implicación dos concellos e deputacións galega na consecución dos ODS e na cooperación ao desenvolvemento.

#### Poboación beneficiaria:

**Directa:** A poboación beneficiaria de maneira directa serán 55 entidades locais galegas e 13 entidades parceiras nos países empobrecidos. En total 297 persoas, das cales 96 son homes e 201 mulleres.

**Indirecta:** A poboación que se verá beneficiada de maneira indirecta está formada por 98 entidades locais, 211 administracións locais, 211 persoas representantes locais, 150 persoas de administracións locais, e integrantes da Rede Municipalista Solidaria do Fondo Galego, en total unhas 504 persoas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 60.000€ (2021).

#### 02. Activistas polo mundo que queremos 2021-2022

**Axente:** Solidariedade Internacional Galicia (SIG), Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa



## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

**Descrición:** Novena edición (nesta baixo o título Activistas polo mundo que queremos 2021-2022) dunha iniciativa que forma parte do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Activistas polo Mundo que Queremos é unha iniciativa dirixida a 400 alumnos e alumnas dos centros galegos de secundaria e formación profesional xunto ao seu profesorado, seleccionados entre aqueles que soliciten a proposta no marco do programa Plan Proxecta. Co profesorado e alumnado destinatario afóndase nas desigualdades sociais existentes e as causas que as perpetúan con especial atención a realidade dos países empobrecidos nos que traballa a cooperación galega. Tendo de marco teórico a Axenda 2030, os activismos LGTBI e feminista, o medioambientalista e o antirracista serán as temáticas condutoras da proposta e a comunicación comunitaria e a radio, as ferramentas metodolóxicas e elementos vertebradores das accións.

### Obxectivos:

**Xeral:** Fomento dunha adolescencia e un profesorado galego consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

**Específico:** Contribuír ao fomento dunha adolescencia e un profesorado galego consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** O proxecto destinarase a un total de 400 alumnos por centro, segundo as estatísticas, o 49% do alumnado son mozas, polo que participarían 196 mulleres e 204 homes. Así mesmo, contéplase o traballo directo co profesorado dos centros, e segundo establecen as bases do Plan Proxecta inclúe un mínimo de 2 profesores/as por centro e, tendo en conta as estatísticas oficiais, en Galicia o profesorado é un sector feminizado (67,8% do profesorado son mulleres), polo que se calcula que participarán 7 mulleres e 5 homes.

**Indirecta:** Neste apartado considéranse dous grupos de destinatarios indirectos; un

vinculado ao efecto multiplicador do alumnado entre membros da súa familia para o cal se toma como referencia un mínimo de dúas persoas (un home e unha muller), que terán acceso á información xerada no proxecto a través da testemuña dos destinatarios directos. Calcúlase pois, un total de 800 persoas, que se dividen a partes iguais entre os dous sexos. Un segundo grupo de destinatarios indirectos virá da man do profesorado implicado no proxecto. Se a media dun claustro de profesorado soe ser de 30 profesores/as, e participan 6 centros, agárdase chegar a un total de 180 persoas (32% homes 58 e 68% mulleres, 122). Considerando que en cada centro de ensino, se fará difusión dos programas de radio creados, calcúlase unha media de dúas aulas (de 25 alumnos/as por aula) por curso académico, e centrándonos nos cursos da ESO serían aproximadamente 900 alumnos/as (441 mulleres e 459 homes).

**Axuda Xunta de Galicia:** 70.000€ (2021: 30.000€; 2022: 40.000€).

### 6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2020

#### 01. Cooperación galega: o mundo que queremos 2020-2021

**Axente:** Solidariedade Internacional Galicia (SIG), Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

**Zona de actuación:** Galicia

**Axuda Xunta de Galicia:** 70.000,06 € (2020: 24.463,06 €; 2021: 45.537,00 €).



## 6.4 Convocatoria 2021 de proxectos e de creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento

No ano 2021 publicouse a convocatoria para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, sendo aprobados un total de 5 proxectos.

### 01. Desenvolvemento e benestar das mulleres vítimas de violencia de xénero dende a Xustiza Terapéutica

**Axente:** Universidade de Santiago de Compostela agrupada coa Universidade de Vigo

**Código/s CRS:**

99820 Coñecemento dos problemas relacionados co desenvolvemento

15170 Organizacións e institucións da igualdade das mulleres

**Zona de actuación:** Provincia de Azuay

**País:** Ecuador

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** Este proxecto pretende analizar os elementos vitimizadores presentes nos procesos de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero no ámbito xudicial, mediante a avaliación do nivel de implantación da Xustiza Terapéutica.

Para iso, o equipo investigador contactará con 110 mulleres vítimas de violencia de xénero no ámbito xeográfico do Ecuador, das que se extraerá unha mostra accidental de mulleres maiores de idade inmersas nun proceso xudicial e aplicarase o Cuestionario para avaliar o nivel de implantación da Xustiza Terapéutica no Sistema de Xustiza (Unidade

de Psicología Forense, 2019) que mide os dereitos das vítimas incluídos na declaración de dereitos dos cidadáns ante a Administración de xustiza: dereito á información (pasos do proceso, asistencia xurídica); dereito a ser tratado con respecto e adaptadas ás súas circunstancias psicolóxicas, sociais e culturais; o dereito das axencias xudiciais a reunir as condicións e os servizos necesarios para garantir unha atención adecuada; dereito a ser protexido adecuadamente debido á súa condición de testemuña/vítima; dereito á protección inmediata e efectiva da súa integridade física e moral; o dereito a ser protexido contra publicidade non desexada sobre a súa vida privada; dereito a que a súa aparencia persoal teña lugar de forma adecuada á súa dignidade e preservando a súa intimidade e a súa propia imaxe (exame forense, interrogatorio). Cada unha destas dimensións, así como as diferentes medidas que as compoñen, analizaranse en termos de comparación de medias cun valor determinado (test value) que variará segundo a medida e a dirección na escala de resposta do dereito medido.

Como resultado do proxecto, poderase identificar boas prácticas sustentables e cos apoios necesarios para a súa replicación: guías de Xustiza Terapéutica, publicacións e contribucións a congresos, deseño de formación para operadores xurídicos en Xustiza Terapéutica, identificación de bens replicables e sostibles. prácticas no tempo, difusión da páxina web etc. O proxecto conta co aval de diferentes institucións e entidades con competencias en formación ou violencia de xénero no Ecuador que se comprometeron a apoiar e trasladar os resultados deste (Consello do Poder Xudicial do Azuay-Ecuador, Universidade de Cuenca, Pontificia Universidade Católica do Ecuador), Universidade de Otavalo, Rede Nacional de Fogares de Acolida do Ecuador, Fundación María Amor, Asociación Ecuatoriana de Xustiza Terapéutica, Asociación Ecuatoriana de Psicología Xurídica e Forense, Colexio de Avogados de Azuay).

**Obxectivos:**

**Xeral:** Analizar elementos vitimizadores nos procesos de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero no ámbito xudicial.

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

### Específico:

OE 1. Analizar o nivel de implantación da Xustiza Terapéutica no Ecuador para mellorar o benestar das mulleres que denuncian violencia de xénero.

OE 2. Estudar as necesidades formativas dos operadores xurídicos en Xustiza Terapéutica, a través da percepción das mulleres denunciante de violencia de xénero, para aumentar o coñecemento e a súa formación en JT.

OE 3. Identificación de boas prácticas sostibles na atención a mulleres e nenos vítimas de violencia de xénero no Ecuador, promovendo o seu benestar e empoderamento.

OE 4. Elaboración dunha guía para a implantación e mellora da aplicación da Xustiza Terapéutica entre os operadores xurídicos que atenden a mulleres e nenos vítimas de violencia de xénero no Ecuador, para divulgar aos profesionais e futuros profesionais, ao tempo que sensibiliza a poboación en xeral.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** A poboación beneficiaria directa será o equipo técnico científico do proxecto, liderado pola USC e a UVIGO como entidades agrupadas e formado por 11 investigadores das universidades españolas (9 doutoras e 2 doutores) (USC, UVIGO, ULL e UGR), así como como 1 doutor pola Universidade Ecuatoriana de Otavalo.

**Indirecta:** A poboación beneficiaria indirecta será mulleres vítimas de violencia de xénero no Ecuador.

**Axuda Xunta de Galicia:** 29. 924€ (2021: 14.962€; 2022: 14.962€).

### 02.Familias caboverdianas en Galicia. Impacto para o desenvolvemento da transnacionalización dos coidados e das remesas

**Axente:** Universidade da Coruña (Campus de Elviña) en agrupación con AGARESO

### Código/s CRS:

99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

15170 Organizacións e institucións da igualdade das mulleres

13010 Política sobre poboación e xestión administrativa

**Zona de actuación:** Burela e Illa de Santiago

**País:** España e Cabo Verde

**Rexión:** Europa e África

**Descrición:** O proxecto "Familias caboverdianas en Galicia. Impacto para o desenvolvemento da transnacionalización dos coidados e das remesas" pretende levar a cabo unha investigación sobre as transferencias de coidados e tamén de remesas en familias caboverdianas, que sexa posteriormente aplicada á produción de materiais de sensibilización que visibilicen e poñan en valor o papel das mulleres migrantes na supervivencia e o benestar a ambos os lados da corrente migratoria. Estes materiais audiovisuais centraranse en varios casos, representativos das catro xeracións de mulleres caboverdianas migrantes, tanto en Burela como na illa de orixe, Santiago.

A investigación, que sustentará a produción audiovisual, aborda o proceso migratorio e de instalación da comunidade caboverdiana en Galicia prestando unha especial atención a dous elementos: a) o establecemento de cadeas globais de coidados, que favorecen unha organización transnacional da atención tanto das persoas que permanecen en orixe (nenos/as, familiares, persoas en situación de dependencia) como das familias nos países de destino (as propias familias migrantes, pero tamén familias autóctonas que contratan man de obra migrante como empregadas de fogar); e, b) as remesas, tanto materiais (recursos económicos, bens...) como inmateriais (coidados, valores...), que circulan nese espazo transnacional creado polas persoas migrantes. Concretamente, analizarase o impacto que teñen estes dous elementos, organización transnacional dos coidados e remesas, no desenvolvemento.

Así, a principal pregunta de investigación sobre a que se articula este proxecto consiste en inquirir ao

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

respecto da achega ao desenvolvemento e benestar das comunidades que participan do fluxo transnacional da migración entre Cabo Verde e Galicia do accionar económico transnacional (en materia de coidados, pero tamén de remesas monetarias).

### Obxectivos:

**Xeral:** Visibilizar e poñer en valor o contributo das mulleres caboverdianas nas estratexias de supervivencia, tanto das súas propias familias, na súa acepción transnacional, como das familias galegas nas que prestan os seus servizos de coidados.

Específicos:

OE 1. Avaliar a reorganización familiar en contextos migratorios.

OE 2. Identificar e analizar a cadea global de coidados nas familias caboverdianas desde un enfoque lonxitudinal.

OE 3. Examinar o impacto da pandemia da Covid-19 nas relacións familiares transnacionais da comunidade caboverdiana.

OE 4. Indagar no papel da circulación dos coidados e das remesas polo espazo transnacional tecido pola comunidade caboverdiana instalada en Galicia no desenvolvemento e benestar tanto nas familias do país de orixe como na sociedade galega de destino.

OE 5. Examinar como as familias caboverdianas adaptaron a súa práctica de coidados en Galicia.

OE 6. Sensibilizar, visibilizar e promocionar valores relacionados coa igualdade de xénero, a relevancia dos coidados para o benestar social e o contributo das persoas migrantes -particularmente das mulleres- a este desenvolvemento e benestar.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** A poboación beneficiaria directa será o equipo de investigación, conformado por 5 investigadoras pertencentes á Universidade da Coruña (3 investigadoras), á Universidade de Tras-os Montes e Alto Douro (1 investigadora) e á Universidade de Cabo Verde (1 investigadora), en agrupación con AGARESO.

**Indirecta:** A poboación beneficiaria indirecta serán as mulleres caboverdianas migrantes, as súas familias (tanto en orixe como en destino)

e as familias de Burela que contratan man de obra migrante como empregadas de fogar.

**Axuda Xunta de Galicia:** 30.000€ (2021: 15.000€; 2022: 15.000€).

### 03. Avaliación espacial do cambio climático recente na República de Cabo Verde: bases para a adaptación

**Axente:** Universidade de Vigo, Campus As Lagoas-Marcosende

### Código/s CRS:

99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Arquipélago de Cabo Verde

**País:** España e Cabo Verde

**Rexión:** Europa e África

**Descrición:** O obxectivo xeral do proxecto é xerar un coñecemento científico do cambio climático recente na República de Cabo Verde, coma base para o desenvolvemento de políticas públicas orientadas á adaptación. Os países en desenvolvemento son os máis vulnerables aos impactos do cambio climático pola falta de recursos sociais, tecnolóxicos e financeiros. As políticas de acción fronte ao cambio climático son unha prioridade na Axenda 2030 das Nacións Unidas, e neste contexto a adaptación ao cambio climático unha necesidade de primeira orde, en especial para os países en vías de desenvolvemento. A carencia de estratexias e plans de adaptación pode pór en perigo o progreso económico e social. Pola súa situación latitudinal, e diferencias en altitude e exposición aos fluxos atmosféricos (barlovento/sotavento), o arquipélago de Cabo Verde mostra unha heteroxeneidade climática de especial interese e, polo tanto a vulnerabilidade ante o cambio climático presentará unha heteroxeneidade espacial. A adaptación ao cambio climático precisa primeiramente dunha investigación aplicada para xerar un coñecemento espacialmente explícito. O

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

propósito é realizar unha avaliación cuantitativa dos riscos do cambio climático, con particular énfase nos fenómenos meteorolóxicos extremos (temperatura, precipitación, secas entre outros), analizar súa variabilidade espazo-temporal e tendencias. Determinarase os indicadores de cambio climático e os principais riscos definidos pola vulnerabilidade territorial mediante métodos multicriterio e cartografía de alta resolución espacial, co propósito de xerar as bases necesarias para o seguimento do cambio climático no arquipélago.

### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír de forma significativa ao coñecemento espacial do clima e o cambio climático recente na República de Cabo Verde, a súa variabilidade e vulnerabilidade territorial. O fin é cooperar á efectividade das políticas públicas orientadas a promover a adaptación ao cambio climático.

#### Específicos:

OE 1. Xerar modelos espaciais de alta resolución de variables do clima e indicadores do cambio climático, en especial de fenómenos extremos e eventos de seca, tipificar tendencias e cartografiar a súa variabilidade espacial.

OE 2. Explorar a interdependencia entre a temperatura da superficie terrestre e a temperatura do aire e a súa utilidade para o seguimento das diferenzas asociadas ao cambio climático.

OE 3. Analizar o risco espacial derivado do cambio climático recente en Cabo Verde e os principais riscos sectoriais.

OE 4. Xerar ferramentas para a adaptación ao cambio climático, incluída a concienciación da poboación.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** A poboación beneficiaria directa será o equipo de investigación, formado por 5 investigadores (2 mulleres e 3 homes) pertencentes á Universidade de Vigo, á Universidade de Cabo Verde e á Fundación Matrix.

**Indirecta:** A poboación beneficiaria indirecta será a poboación de Cabo Verde.

**Axuda Xunta de Galicia:** 30.000€ (2021: 15.000€; 2022: 15.000€).

### 04.Recuperación de solos degradados por minería mediante a aplicación de bioabsorventes

**Axente:** Universidade de Vigo (Campus Ourense)

### Código/s CRS:

99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

41020 Protección da biosfera

**Zona de actuación:** Cidade de La Paz

**País:** Bolivia

**Rexión:** América do Sur

**Descrición:** A industria mineira xera unha enorme cantidade de escombros e residuos tras a extracción das minas de interese. Estas sobras son desbotadas ao medio natural, habitualmente na contorna das minas. Concretamente en Bolivia, existe un problema coa calidade das augas que abastecen parte da cidade de La Paz. Coñécese que isto é debido a problemas de subministración (volume de auga) e custo de tratamento destas, posto que cando non chove, a auga utilizada procedente do desxeo non é suficiente para o abastecemento regular da cidade. Nese caso, para tentar abastecer a toda a poboación, mesturan a auga de calidade con auga procedente do drenaxe ácido dos residuos de mina, que se acumula en balsas ou diques de contención ao lado destas, e que se localiza no traxecto desde as montañas á cidade. A acumulación destes escombros e residuos dá lugar a unha contaminación dos solos por metais pesados, xa que se liberan facilmente á disolución debido principalmente á acidificación que se produce no medio. Consecuentemente, prodúcese a contaminación das augas que son mesturadas e que van ser usadas como augas de saneamento para os habitantes de La Paz. Este metais son tóxicos para as persoas, para a vexetación e para todo o ecosistema,

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

polo que se trata dun problema grave que ocorre con elevada frecuencia na rexión do Altiplano-Puna.

Para tentar mellorar este problema, o equipo de investigación propón un estudo preliminar para a recuperación das zonas onde se depositan os materiais de escombros e residuos de minas utilizando bioabsorbentes. Os bioabsorbentes son subprodutos de industrias agroalimentarias ou forestais sen valor primario que poden ser reutilizados como emendas do solo en función das súas características físico-químicas, e ser parte da solución para a recuperación de zonas degradadas. Este proxecto, propón estudar distintos bioabsorventes utilizados con éxito previamente en Galicia, para inmovilizar contaminantes e avaliar a súa efectividade en augas e solos procedentes da contorna da minería localizada en Milluni, Bolivia, e que afecta a calidade das augas da cidade de La Paz. Como consecuencia, buscamos achegar unha solución para implementar en Bolivia, co fin de: i) restaurar ecosistemas moi degradados e que chegan a afectar a saúde das persoas; ii) xerar coñecemento e transferilo para cooperar co desenvolvemento, intentando apoiar e fomentar a participación de mulleres investigadoras; e iii) iniciar unha rede de investigación internacional co fin de escalar os experimentos ao medio natural.

### Obxectivos:

**Xeral:** O obxectivo xeral deste proxecto é diagnosticar a magnitude do problema de contaminación, tanto en solos como en augas que abastecen a cidade de La Paz. Consecuentemente, búscase aplicar as técnicas de remediación con bioabsorventes para inmovilizar contaminantes e que resultaron altamente eficientes noutras zonas.

#### Específicos:

OE 1. Determinar os niveis dos distintos metais pesados que son facilmente mobilizables tras a acumulación de escombros e residuos da mina de Milluni, Bolivia, co fin de saber o impacto que poden causar nas augas.

OE 2. Analizar as augas que percorren a contorna da mina e que forman parte do abastecemento da cidade de La Paz co fin de diagnosticar a problemática real existente a nivel de saneamento.

OE 3. Aplicar as técnicas de inmovilización de metais pesados con bioabsorbentes para testalos en materiais residuais da mina de Milluni e nas augas da contorna.

OE 4. Avaliar a eficiencia destes bioabsorbentes como posibles medidas de implantación para reducir o impacto da contaminación producida polo contorno mineiro.

OE 5. Determinar as doses óptimas de aplicación dos bioabsorbentes e o tempo que permanecen sendo eficaces.

Poboación beneficiaria directa: A poboación beneficiaria directa será o equipo de investigación, formado por 6 investigadores (3 mulleres e 3 homes).

**Axuda Xunta de Galicia:** 30.000€ (2021: 15.000€; 2022: 15.000€).

### 05. Potencialidades da Economía Circular para o desenvolvemento sustentábel e inclusivo en países de América Latina

**Axente:** Universidade de Santiago de Compostela, Campus Norte-Grupo de investigación Innovación, Cambio estrutural e Desenvolvemento (ICEDE).

#### Código/s CRS:

99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

14050 Eliminación/tratamento residuos sólidos

**País:** Arxentina, Ecuador, México e Cuba

**Rexión:** América Latina

**Descrición:** O aumento exponencial do consumo de produtos electrónicos é unha realidade en todos os países, tamén nos países de América Latina, o que implica un elevado consumo de minerais escasos e un aumento tamén exponencial de residuos electrónicos, que constitúen un grave problema de alcance global. A nivel mundial, os refugallos electrónicos crecen a unha taxa anual de ao redor do 5% en todo o mundo, e o problema é que nos países en desenvolvemento os refugallos electrónicos medran expoñencialmente, e os volumes poderían aumentar ata nun 500% durante a próxima década nalgúns países (Mccann e Wittmann, 2015). Dado que as necesidades de uso de servizos baseados en soportes electrónicos van en aumento e seguirán crescendo co desenvolvemento da economía dixital, internet das cousas, intelixencia artificial etc. o obxectivo para un futuro sustentable pasa por atopar fórmulas máis ecoeficaces de satisfacer esas necesidades sen incrementar o volume de residuos tecnolóxicos. Iso require desenvolver modelos de negocio circulares, repensar o deseño dese tipo de produtos para prolongar a durabilidade destes, facilitar a súa reparabilidade e desenvolver patróns de consumo que permitan optimizar os artefactos e infraestruturas electrónicas en uso. Deste xeito, o proxecto ten por obxectivo xeral abordar a grave problemática da xeración de residuos no sector de

aparells eléctricos e electrónicos nos países en desenvolvemento de América Latina e propoñer solucións baseadas no deseño e difusión de modelos de negocio circulares. Para iso, propónse analizar as condicións de partida e as posibles estratexias para contribuír ao desenvolvemento e implantación da Economía Circular en México, Ecuador, A Arxentina e Cuba, como unha vía para contribuír a un desenvolvemento máis sustentable e socialmente inclusivo abordando ao mesmo tempo varios dos obxectivos da axenda 2030. A novidade desta proposta reside fundamentalmente no enfoque da Economía Circular (EC) como unha estratexia para un desenvolvemento máis sustentable e inclusivo abordando transversalmente o dereito humano ao hábitat ao tempo que contribúe a crear unha cidadanía global máis comprometida co desenvolvemento sustentable.

#### Obxectivos:

**Xeral:** O proxecto ten por obxectivo xeral abordar a grave problemática da xeración de residuos no sector de aparellos eléctricos e electrónicos nos países en desenvolvemento de América Latina. Para iso, propónse contribuír ao desenvolvemento e implantación da Economía Circular en México, Ecuador, Cuba e Arxentina, como unha vía para contribuír a un desenvolvemento máis sustentable e socialmente inclusivo abordando o dereito humano de ter un mellor hábitat e contribuíndo a construír unha cidadanía global comprometida co desenvolvemento humano sustentable.

#### Específicos:

OE 1. Identificar cales son as pautas de consumo de AEE e as magnitudes de residuos de AEE nestes países.

OE 2. Describir o cadro socioinstitucional de cada país respecto ao consumo de AEE e a xestión de RAEE.

OE 3. Analizar as estruturas, formais e informais, de xestión de RAEE.

OE 4. Analizar o potencial para a implantación e desenvolvemento de distintos modelos de negocio en liña coa Economía Circular.

OE 5. Desenvolver unha guía para a implantación de modelos de negocio para a Economía Circular nos países de América Latina.

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

OE 6. Desenvolver unha guía para a elaboración de paquetes integrais de políticas para promover os modelos de negocio para a EC en América Latina.


OE 7. Capacitar e acompañar a axentes claves no territorio para a implantación das guías deseñadas previamente.

### Poboación beneficiaria:

**Directa:** A poboación beneficiaria directa será o equipo de investigación, formado por 8 investigadores (4 mulleres e 4 homes), pertencentes á Universidade de Santiago de Compostela e ao Centro de Investigacións de Economía Mundial da Habana.

**Indirecta:** A poboación beneficiaria indirecta será a poboación de México, Ecuador, A Arxentina e Cuba.

**Axuda Xunta de Galicia:** 30.000€ (2021: 15.000€; 2022: 15.000€).



## 7. Actuacións de consolidación e fortalecemento

### 7.1 Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento

Como en anos anteriores, no 2021 asináronse dous convenios co obxectivo de continuar fortalecendo o tecido da cooperación galega.

---

**01. Mellora das capacidades da coordinadora galega de ONGD para representar e fortalecer ás ONGD galegas e promover obxectivos compartidos de incidencia política e social**

---

**Axente:** Coordinadora Galega de ONGD

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O proxecto ten como obxectivo contribuir a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, mellorando as súas capacidades para representar e fortalecer as ONGD galegas e promover obxectivos compartidos de incidencia política e social.

O fortalecemento da CGONGD e as súas organizacións socias vense apoiando dende 2008, e neste ano 2021 o convenio fai fincapé en dous aspectos esenciais: a comunicación e visibilización do traballo das ONGD e o enfoque de xénero. Neste sentido, aproveitando o 30 aniversario da CGONGD porase en marcha unha campaña comunicativa destinada a dar a coñecer e afondar no traballo que as ONGD realizan, para o cal está previsto publicar unha actualización do Informe sobre o traballo das ONGD

galegas no mundo. Ademais fortalecerase ás organizacións na incorporación do enfoque de xénero nas súas intervencións e ao interno de cada ONGD, a través da formación e o asesoramento individualizado.

#### Obxectivos:

**Xeral:** Contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento.

**Específico:** Mellora das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD para representar e fortalecer as ONGD galegas e promover obxectivos compartidos de incidencia política e social.

#### Poboación beneficiaria:

**Directa:** un total de 1.733 persoas (1.181 mulleres y 552 homes), configurada por voluntariado e persoal laboral das ONGD socias.

**Indirecta:** un total de 21.422 persoas (12.849 mulleres y 8.573 homes), principalmente persoas socias das ONGD.

**Axuda Xunta de Galicia:** 100.000€ (2021).

## 7. Actuacións de consolidación e fortalecemento

### 02. Implementación do I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030 e consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

**Axente:** Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento

**Código/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

**Zona de actuación:** Galicia

**País:** España

**Rexión:** Europa

**Descrición:** O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e as tres universidades galegas para a execución do proxecto de implementación do I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030 e consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

O proxecto ten como obxectivo xeral a implementación do devandito plan e como obxectivo específico contribuír a que as universidades do SUG contén coas ferramentas e os coñecementos para a transversalización da Axenda 2030 e os seus ODS, a través dunha participación activa na gobernanza das universidades consonte á coherencia das políticas que vertebran o seu compromiso social, contribuíndo tamén ao impulso das alianzas e o traballo en rede cos axentes e actores de cooperación no eido da CUD, Axenda 2030 e os ODS.

#### Obxectivos:

**Xeral:** Implementar o I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030 para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

**Específico:** Contribuír a que o PDI e PAS das universidades do SUG conte coas ferramentas

e os coñecementos para a transversalización da Axenda 2030 e os seus ODS, a través dunha participación activa na gobernanza das universidades consonte á coherencia das políticas vertebradoras do seu compromiso social, e ao impulso das alianzas e o traballo en rede cos axentes e actores de cooperación no eido da CUD, Axenda 2030 e o ODS.

**Axuda Xunta de Galicia:** 40.000€ (2021).



## 8. Formación

### 8.1 Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento

A Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 foi publicada no DOG do 1 de xullo. Recibíronse un total de 21 solicitudes, entre as que se seleccionaron a dúas persoas con destino na DXRREE e coa UE e catro con destino nas OTC do Perú, Guatemala, A República Dominicana e Mozambique.

As bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento teñen unha duración de 12 meses e a finalidade de complementar a formación académica das persoas tituladas universitarias con estadías na sede da DXRREE e coa UE ou nas Unidades de Cooperación no Exterior (UCE) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto no convenio subscrito entre esta axencia e a Xunta de Galicia.

O orzamento destinado a estas bolsas foi de 95.000€ (29.800€ para o ano 2021 e 65.200€ para o ano 2022), ao que hai que engadirlle o orzamento correspondente para a cobertura da Seguridade Social das persoas bolseiras (3.600€).

### 8.2 Cursos de formación

[Curso de formación "A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas galegas 2.ª edición"](#)

A DXRREE e coa UE organizou un curso sobre "A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas galegas 2.ª edición", que tivo lugar na EGAP os días 17 e 18 de xuño de 2021 e que tivo por obxecto proporcionar os coñecementos e as competencias necesarias para que o persoal ao servizo

da Administración autonómica, das administracións locais e das universidades galegas poidan aplicar os principios e contidos da Axenda 2030 nas súas áreas de traballo.

[Edición especial de TecEuropa sobre financiamento comunitario](#)

En colaboración coa Fundación Galicia Europa, a DXRREE e coa UE organizou unha edición especial de TecEuropa destinada a persoal das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento galegas, tendo en conta o comezo do novo período de programación 2021-2027. Nesta actividade ofreceuse unha visión xeral das diferentes fontes de financiamento comunitario para a cooperación ao desenvolvemento e, sobre todo, a oportunidade de comprender a lóxica de intervención da Unión Europea a través dos diferentes fondos e programas dispoñibles.

### 8.3 Outras actividades formativas

- Ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa Coordinadora Galega de ONGD para a execución do proxecto "Mellora das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD para representar e fortalecer as ONGD galegas e promover obxectivos compartidos de incidencia política e social", financiouse formación para o fortalecemento do persoal técnico das ONGD galegas nas seguintes temáticas:
  1. Paradigmas da cooperación ao desenvolvemento e perspectivas sobre as mulleres e a desigualdade de xénero, ao que asistiron 19 persoas.
  2. Como integrar a perspectiva de xénero en proxectos de auga, ao que asistiron 14 persoas.
  3. Como facer un diagnóstico do impacto da pandemia dende a perspectiva de xénero, que contou coa asistencia de 12 persoas.

## 8. Formación

4. Introducción á inclusión da perspectiva de xénero en proxectos de desenvolvemento, cuxa asistencia foi de 7 persoas.
5. Mainstreaming de xénero e cambio proequidade a nivel interno das organizacións (mirar ao interno das organizacións e saber que pasos temos que dar) ao que asistiron 14 persoas.

Desenvolvemento (RGCUD), realizaron 15 actividades formativas no eido dos ODS e a Axenda 2030, a formulación e xustificación de proxectos, o voluntariado e o aprendizaxe-servizo, ás que asistiron 333 persoas.

Xunto a esta formación financiáronse 9 matrículas para persoal técnico de distintas ONGD para a súa asistencia a outras actividades formativas, e a asistencia de 3 persoas ao “V Congreso de Educación Transformadora de Hegoa”.

- Ao abeiro do convenio de colaboración asinado co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto “A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación II” continuouse coa formación sobre municipalismo e ODS a través da plataforma en liña da que o Fondo dispón que foi empregada para o desenvolvemento dun curso sobre a localización da Axenda 2030 ao que asistiron 20 persoas representantes políticas ou técnicas de 12 entidades locais galegas e tamén para a posta en marcha dun ciclo de webinars que contou coa participación de 32 representantes de 22 administracións locais galegas e 5 representantes de 4 entidades dos países empobrecidos.

Por outra banda acompañouse a 3 concellos (Barreiros, Fene e Tomiño) na elaboración dos plans de implementación da Axenda 2030 e tivo lugar o II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía na cidade de Braga no que participaron 12 representantes de 10 entidades locais galegas e 17 representantes de 9 administracións locais ou rexionais dos países de lingua oficial portuguesa.

- Ao abeiro do Convenio de colaboración asinado coas 3 universidades do Sistema Universitario de Galicia que conforman a Rede Galega de Cooperación Universitaria para o



## 9. Coordinación institucional

### 9.1 Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode)

O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) é o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento e está adscrito ao departamento da Xunta de Galicia con competencias na materia.

No ano 2021 o Congacode realizou unha sesión o día 27 de xaneiro. Nesta reunión informouse sobre a execución do Plan anual 2020, presentouse a Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega e o proxecto do Plan anual 2021 da Cooperación Galega, no que se recollen os recursos destinados ao programa de cooperación para o desenvolvemento para o exercicio orzamentario 2021, que recibiron o informe favorable deste órgano.

### 9.2 Comisións, grupos de traballo e outros foros

Ao longo do 2021 representantes da DXRREE e coa UE participaron en reunións (presenciais ou en liña) das diferentes comisións, grupos de traballo e outros foros dos que se forma parte, tanto a nivel galego como estatal, tales como:

- Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento, que se celebrou por videoconferencia o 13 de decembro de 2021 e que tivo por obxecto informar sobre o proceso de reforma da Cooperación Española e, en especial, da elaboración da nova Lei de cooperación para o desenvolvemento sustentable e a solidariedade global.
- Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia, no marco da cal presentouse o "Informe sobre as Conclusións do Diagnóstico da Axenda 2030 en Galicia". Na súa sesión ordinaria do 28 de setembro de 2021, explicouse a metodoloxía

para actualizar o Informe de seguimento do cumprimento dos ODS da Axenda 2030 de Galicia e para elaborar os orzamentos para o 2022 en clave ODS.


- Comisión de Seguimento do Convenio entre a Cooperación Descentralizada e a AECID para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria. Na súa reunión do 14 de abril de 2021 consensuáronse as intervencións a financiar no 2021.
- XIV Encontro anual de comunidades autónomas e cooperación, que no 2021 foi organizado pola Axencia Estremeña de Cooperación ao Desenvolvemento e celebrado entre o 24 e o 26 de novembro nas cidades de Mérida e Cáceres. Este espazo de encontro reuniu a representantes das institucións autonómicas, ademais doutros axentes que traballan a nivel estatal, europeo e internacional no ámbito da cooperación e nel avanzouse no deseño dos proxectos futuros susceptibles de desenvolverse de forma conxunta, tendo en conta as especificidades de cada comunidade. Neste ano 2021 o "xesto conxunto" que se decidiu articular entre todas as CCAA foi o de apoiar a vacinación internacional cun fondo ao que se achegaron un total de 2.649.400€.
- Plataforma de Seguimento e Coordinación da Estratexia de Resposta Conxunta da Cooperación Española á Crise da Covid-19 na que se presentou o Plan de acceso universal-compartiendo las vacunas contra el COVID (reunión do 9 de febreiro de 2021).
- II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, celebrado os días 25 e 26 de novembro de 2021 en Braga, no que se abordou a localización dos ODS tras a Covid-19 desde unha perspectiva de xénero. Este encontro foi organizado polo Fondo Galego e contou co apoio e participación da DXRREE e coa UE.
- Sesión de traballo en liña da Alianza "El día después" sobre territorialización dos ODS

para unha cooperación transformadora, que tivo lugar o 16 de marzo de 2021, orientada a extraer as claves máis relevantes do proceso de reforma do sistema de Cooperación Española.

- Plataformas de Consulta en Sede (PCS) e Equipos País Ampliado (EPA), creados no marco dos procesos de elaboración e seguimento dos Marcos de Asociación País (MAP) e dos Acordos de Cooperación Avanzada (ACA). Concretamente púxose en marcha a participación nos procesos no Salvador e Cabo Verde e continuouse coa participación dos procesos abertos para Mozambique, O Perú, A República Dominicana e Guatemala.

### 9.3 Actualización do marco normativo e do sistema español de cooperación internacional ao desenvolvemento

A comunidade autónoma Galega participou activamente nos espazos de reflexión abertos sobre o proceso de reforma do marco normativo estatal e do sistema español de cooperación internacional para o desenvolvemento. Así, o director xeral de RREE e coa UE compareceu na subcomisión creada no seo da Comisión de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Congreso o 20 de abril de 2021, e na Comisión de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Senado o 22 de abril, co obxecto de achegar ao devandito proceso de reforma a visión da cooperación descentralizada realizada polas comunidades autónomas, destacando ademais as singularidades e o valor engadido que lle achegan ao conxunto da cooperación española.



## 10. Reunións e actos institucionais

### 10.1 Reunións institucionais

Durante o 2021 recibíronse na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE visitas de representantes de diferentes organizacións e mantivéronse reunións (presenciais ou en liña) con diversos axentes de cooperación.

Entre estas reunións cabe destacar o encontro en liña que tivo lugar o 3 de maio no que participaron o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo e o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE con representantes de organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento de países do sur, para coñecer de primeira man as novas necesidades destes países cos que colabora a Xunta como consecuencia da crise sanitaria da Covid-19. As organizacións que participaron na reunión son contrapartes locais de varias ONGD galegas coas que a Xunta vén colaborando desde hai anos no financiamento de proxectos de cooperación para o desenvolvemento e traballan cos colectivos máis vulnerables. Estas entidades deron a coñecer o labor que están a facer e como está a afectar a pandemia aos proxectos nos que colabora a Xunta, así como as súas demandas.

### 10.2 Actos Institucionais

#### Campaña Mundial pola Educación 2021

A Xunta de Galicia colaborou un ano máis nos actos da Campaña Mundial pola Educación (CME) que desde o ano 2008 conta con financiamento da cooperación galega.

O acto central da CME en Galicia foi un encontro en liña realizado o 1 de xuño de 2021 no Parlamento de Galicia con presenza do seu presidente e representantes dos partidos políticos e onde varios nenos e nenas presentaron ás súas peticións sobre o dereito á educación.

#### Exposición “De Oficio Defensoras”

O delegado da Xunta na Coruña, acompañado da subdirectora xeral de Cooperación Exterior, participou o 16 de novembro de 2021 na cidade da Coruña na inauguración da exposición “De Oficio Defensoras”, organizada pola Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento con motivo do seu 30 aniversario. Deste xeito, o goberno galego trata de fomentar a conciencia e a sensibilización da cidadanía co fin de promover valores de responsabilidade e solidariedade, dado que os defensores e defensoras son persoas que actúan pacificamente para promover e protexer os dereitos dos pobos e individuos.

Esta exposición foi levada á cidade de Lugo onde foi inaugurada o 16 de decembro polo delegado da Xunta de Galicia en Lugo.




## 11. Transparencia e rendición de contas

### 11.1 Publicacións

#### Publicación do Informe 2020 da Cooperación Galega

No 2021, ao igual que nos anos anteriores, editouse en formato dixital o Informe 2020 da Cooperación Galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia.



### 11.2 Avaliacións

#### Avaliación final do IV Plan director da Cooperación Galega 2018-2021

En liña co compromiso pola transparencia e a rendición de contas da Cooperación Galega, realizouse a avaliación do IV Plan director da Cooperación Galega 2018-2021, que está ser completada cunha análise cualitativa. O resultado final será publicado na páxina web da Cooperación Galega.

A avaliación ten por obxectivo realizar unha análise das accións correspondentes ao cuadrienio 2018-2021 e dos resultados acadados ao abeiro dese IV Plan director da Cooperación Galega co fin de garantir unha adecuada rendición de contas á cidadanía así como asegurar a transparencia da política pública de solidariedade global da Xunta de Galicia.

#### Avaliación ex-post das intervencións financiadas en Guatemala

No ano 2021 realizouse a avaliación final das intervencións financiadas desde 2012 en Guatemala, país destinatario tradicional da axuda da Cooperación Galega. O obxecto da avaliación refírese a 25 intervencións levadas a cabo en Guatemala, a través de convocatorias públicas de axudas e subvencións e de convenios de colaboración a fin de determinar o alcance e a calidade do traballo realizado.

### 11.3 Páxina web da Cooperación Galega

A información relativa ás actividades da Cooperación Galega está dispoñible na páxina web da Cooperación Galega, <https://cooperacion.xunta.gal>, de xeito que tanto os axentes de cooperación como a cidadanía poidan exercer o seu dereito á información.

